


**_O CUMPRIMENTO DA
CARTA EUROPEA PARA AS
LINGUAS REXIONAIS OU
MINORITARIAS**



Fernando Ramallo



**Càtedra de
Drets Lingüístics**





© 2022 FERNANDO RAMALLO
Directors:
VICENTA TASA FUSTER
RAFAEL CASTELLÓ COGOLLOS

Edició:



ISBN: 978-84-0937-519-6

Fernando Ramallo.

Catedrático de Lingüística Xeral na Universidade de Vigo. Foi membro do Comité de Expertos da Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias do Consello de Europa (2013-2019).

Dedica parte da súa investigación á comprender ás relacións lingua-política-sociedade, tomando como eixo os procesos de (des)minoración lingüística e as súas consecuencias sociais, políticas, legais e lingüísticas. Nos últimos anos, centrouse no estudo do neofalantismo; en concreto, na relevancia dos seus suxeitos na transformación da orde sociolingüística, incluíndo a revitalización da lingua galega. Interésase tamén polo capitalismo tardío como unha teoría e unha práctica da subxectividade e as consecuencias de tal ideoloxía na construción de suxeitos sociolingüísticos.

*A Miguel e a Lucía
A Marta*

O CUMPRIMENTO DA CARTA EUROPEA PARA AS LINGUAS REXIONAIS OU MINORITARIAS

A U T O R :

Fernando Ramallo



Primeira parte

INTRODUÇÃO



Europa está chea de linguas, nunha amálgama milenaria cuxa evolución constitúe un eixo indexicalizador de especial interese para entender a historia das sociedades actuais, nun escenario de fortunas e infortunios –de índole política– cuxa máis obvia consecuencia son as recompensas de ser falante dun grupo privilexiado de linguas (particularmente dalgunhas das súas variedades) que acadaron o rango de linguas recoñecidas coa invención da nación moderna como suxeito histórico tradicional (Hobsbawn 1983). Isto supuxo unha nova forma de control de acceso ao poder, da xerarquización dos cidadáns, da dominación e da resistencia.

Mais, nese escenario, o que permite explicar o porqué dos centenaes de idiomas que seguen a usarse malia seren minorados é que as linguas teñen un papel moi relevante no fortalecemento da subxectividade identitaria dun pobo, chegando a se converteren no elo fundamental da herdanza, das tradicións, da forma de sermos e do que cobizamos para un futuro próximo e alongado, no que serán outras as xeracións que continuarán coa historia.

Polo tanto, cómpre entender a dinámica interna do sistema minorador para tratar de avanzar cara a súa superación. Aínda que non é obxectivo do presente libro propoñer unha teoría crítica de dito sistema, aproveitamos nesta introdución para achegar algúns apuntamentos. En primeiro lugar, a Política é a causa e a consecuencia dos procesos históricos de minoración. Dunha banda, as decisións políticas de séculos atrás –en tanto que dinamizadoras das condicións que permitiron a expansión privilexiada das linguas consideradas «nacionais» en consonancia coa construción dos Estados nación constitúen a causa inicial da minoración. Doutra banda, as políticas que foron emerxendo en moitos dos Estados nación europeos desde a segunda metade do século XX, son –precisamente– unha consecuencia desa minoración. É dicir, trátase de políticas públicas que seguen privilexiando unha lingua sobre as outras, mais que «recoñecen» a diversidade como un feito e centran as intervencións nese recoñecemento, sen iniciativas reais que favorezan a superación das desigualdades que ese mesmo recoñecemento implica. Así, logo, a minoración como un trazo indisolúbel da inmensa maioría das linguas faladas actualmente en Europa. Así pois, a relación entre a política e a minoración identificámola cunha fita de Moebius modeladora dun vieiro pechado, non

orientábel, nun viravoltas circular, ao redor do recoñecemento como política da minoración.

En segundo lugar, fica demostrado que a planificación desa Política tivo como axentes idóneos algúns dispositivos ideolóxicos estatais e económicos, coma é o caso do sistema educativo, dos medios de comunicación, do mercado laboral ou das familias. A ruptura da transmisión interxeracional, indicador obxectivo de moitos procesos de minoración, acentuouse coa expansión do capitalismo como modo de produción dominante. É dicir, se a construción do Estado-nación foi o punto de partida da minoración lingüística, a expansión do capitalismo contribuíu, de xeito evidente, a fortalecela. Isto resulta claro na análise lonxitudinal da vulnerabilidade sociolingüística de moitas linguas que durante centurias foron linguas maiormente faladas. No caso do Estado español, por exemplo, non hai excepción.

Por último, estamos lonxe de concibir un colapso do sistema minorizador, en particular, pola ausencia dunha concienciación social maioritaria relacionada coa súa abolición. Así, o sistema é hexemónico, expandido e asumido como «natural» pola maioría da poboación, mesmo por aquela que sempre falou unha lingua agora minorada. Tal é a hexemonía, que o propio sistema foi quen de concibir e espallar as súas propias resistencias, controladas ao redor, no mellor dos casos, da demanda dunha política de recoñecemento cuxa consecuencia é «marxinar, eclipsar e desprazar as loitas en favor da redistribución» (Fraser 2000: 56).

Urxe preguntármonos se é posíbel desminorar unha lingua e, de ser o caso, que pasos debemos dar para que iso teña lugar (Ramallo 2021). Desde logo, non estamos nun bo momento e se precisan cambios certos para avanzar cara un sistema sustentado no fortalecemento e no enriquecemento da redistribución dos recursos que contribúa ao proceso de superación do sistema minorador. Nese contexto, a Carta Europea para as Linguas Rexionais e Minoritarias do Consello de Europa (desde agora, a Carta) constitúe un instrumento xurídico de especial relevancia en moitos casos de minoración, xa que promove avances, non só no recoñecemento senón tamén na redistribución, con implicacións nas políticas públicas dos Estados nos que está vixente a súa aplicación. Xa que logo, o principal obxectivo deste libro

é propoñer unha clasificación das linguas minoradas europeas daqueles Estados que ratificaron a Carta¹ a partir dunha análise das conclusións recollidas nos informes de seguimento elaborados polo Comité de Expertos/as (desde agora, o COMEX), responsábel de monitorizar o cumprimento dos compromisos adquiridos por cada Estado para cada unha das linguas. Para tal fin, utilizaremos a base de datos CELMI, accesíbel en aberto e que se actualiza cada vez que un novo informe de seguimento relacionado coa Carta é publicado polo Consello de Europa.²

O concepto de «lingua minoritaria» activa diversas problemáticas no contexto europeo: legais, demográficas, culturais, identitarias, etc (véxase Viaut 2029). De xeito intuitivo, o concepto de minoría lingüística adoita relacionarse con parámetros cuantitativos nunha situación de contacto lingüístico. Porén, desde unha sociolingüística política esta consideración cuantitativa non adoita ocupar un lugar destacado.

Certamente, referírmonos ás linguas a partir do número de falantes permite, as máis das veces, cuantificalas e clasificalas en grupos. Agora ben, isto ten desafíos epistemolóxicos e metodolóxicos que non debemos obviar. Como resposta a estas problemáticas, precisamos identificar que é o que acostuma considerarse como falante dunha determinada lingua en contextos de socialización bilingüe. O cal supón reflexionar sobre que variábeis teremos en conta: usos, identidades, ideoloxías etc. Como punto de partida, semella oportuno dar preferencia ao uso da lingua. Agora ben, desde a perspectiva metodolóxica, a cuantificación deste uso adoita facerse a partir dunha enquisa coa que se interpela a unha mostra da poboación sobre que lingua(s) usa decotío, con opcións de respostas como: só A; só B; máis A que B; máis B que A; A e B por igual; outra(s). Así como os casos

¹ <https://www.coe.int/en/web/european-charter-regional-or-minority-languages/text-of-the-charter>

Son consciente de que utilizar a preposición «para» no nome da tratado é moi pouco frecuente en linguas románicas. Con todo, opto por «para» en lugar de «das» porque preferimos destacar o valor de finalidade da Carta respecto das linguas e as súas comunidades, igual que acontece no nome utilizado en linguas xermánicas. Dito con outras palabras, non é o mesmo unha Carta *das* linguas (porque as linguas non posúen nada) que unha Carta *para* as linguas.

² <https://celmi.uvigo.gal/gl/>

monolingües poden ser ben comprendidos, as opcións bilingües deixan aberta moita incerteza interpretativa.


Alén do dito, no caso das linguas europeas, en ocasións, estas cuantificacións conclúen que as denominadas «linguas minoritarias» teñen máis falantes que as «linguas maioritarias» nun determinado territorio e, emporiso, seguen sendo minoritarias. De feito, desde unha perspectiva meramente numérica, hai «linguas minoritarias» cun número de falantes maior que algunhas linguas maioritarias estatais: cítase, como exemplo, o caso do idioma catalán, cun número de falantes superior a algunhas linguas oficiais europeas (danés, fines). Neste contexto, e como solución á superación dicotómica maioría-minoría, recórrese ao concepto de «linguas medianas» para identificar a aquelas con

dimensions demogràfiques prou amples (...) per poder disposar de recursos administratius, acadèmics, comunicatius i polítics, que permeten el desenvolupament de llengües completes (...) amb prou seguretat i viabilitat. (Bastardas i Boada; Boix-Fuster; Torrens Guerrini 2018: 13).

Desde a nosa perspectiva, o concepto de minoría segue sendo fundamental na medida en que, independentemente da súa cuantificación, as minorías lingüísticas adoitan estar «minoradas», isto é, afastadas dos recursos que promoven as posibilidades de emancipación e de superación da súa condición de minoría. É dicir, son minorías porque así o determinan as condicións materiais nas que se desenvolve a hexemonía, coa que non queda outra que rachar para desminorar.

Este volume ten seis partes, incluída esta introdución, alén da bibliografía e dos anexos. A segunda parte presenta unha contextualización teórica ao redor das condicións materiais nas que transcorre o devir das linguas minoradas en Europa. A terceira parte presenta a Carta como tratado internacional de protección e promoción das linguas e, particularmente, como instrumento de avaliación da diversidade lingüística europea. A cuarta parte recolle un balance sobre o cumprimento e o incumplimento da Carta nos 23 Estados nos que está en vigor e, asemade, recoñecen linguas rexionais ou minoritarias. A quinta parte ofrece unha aproximación á situación singularizada de cada un deses

Estados, coa excepción do Estado español, ao que se dedica especificamente a sexta parte. Na sétima, e a modo de peche, presentamos as posibilidades de novas ratificacións da Carta.



Segunda parte
AS MINORÍAS LINGÜÍSTICAS
EUROPEAS³

³ Unha versión previa desta parte está recollida en Ramallo (2017).

A clasificación básica das minorías lingüísticas europeas parte da distinción entre minorías autóctonas —historicamente, documentadas nun territorio— e minorías de inmigración, de recente eclosión (Anderson 1989). Dentro das primeiras establécese unha segunda distinción: territorializadas e non territorializadas. Entre as territorializadas, hainas exclusivas dun Estado (galego, bretón, aragonés, caxubio, friulano, corso, sardo etc.) e hainas non exclusivas (catalán, éuscaro, irlandés, frisón, saami, occitano etc.). Malia que a maioría das linguas minoritarias son linguas non oficiais, nalgúns casos acadaron ese recoñecemento. Por exemplo, o irlandés é lingua oficial na República de Irlanda, o romanche éo en Suíza, o sueco en Finlandia e o catalán/valenciano, galego, éuscaro e o occitano/aranés no Estado español. Máis frecuente é o caso de linguas que gozan de status oficial nun determinado Estado e que, non obstante, son minoritarias noutro(s) Estado(s). Por exemplo, o esloveno é lingua minoritaria en Austria, Bosnia e Hercegovina, Croacia e Hungría; o grego en Armenia, Hungría, Romanía e Ucraína; e o portugués en España (véxase Anexo 2).

A principal lingua non territorializada é o romaní, falada polos xitanos europeos, o maior grupo étnico do continente. En realidade, a lingua do pobo Rom consiste nunha ampla variedade idiomática de orixe indo-iraniana (rama indo-aria), que se conserva en Europa desde finais da Idade Media, cando estes grupos nómades comezan a chegar ao continente europeo desde o noroeste da India. A lingua romaní está relacionada con outras linguas indoeuropeas do subcontinente indio, como o hindí e o punjabi.

Calquera achega á diversidade lingüística supón aceptar algúns presupostos. Entre eles, que hai linguas e que as linguas son unidades discretas susceptíbeis de seren cuantificadas. Malia que no imaxinario popular apenas se dubida sobre ambos presupostos, por paradoxal que pareza, nin o un nin o outro acadan consenso entre os diferentes saberes. As voces son dispares: para algunhas tradicións, as linguas non existen como entidades reais, senón que son invencións culturais, sociais ou políticas (Makoni e Pennycook, 2007). Para outras, non só existen senón que son entes contábeis, con límites máis ou menos precisos entre eles, cun número concreto de falantes ou signantes etc. (Lewis, Simons, e Fenning, 2016). Só desde un obxectivismo abstracto é

irrevogábel o concepto de lingua en tanto que concepto autónomo; mais, se as linguas son prácticas sociais (produtos da acción social), que estruturan e que son estruturadas por outras prácticas, cales son os criterios que podemos utilizar para diferenciar unhas de outras? (Pennycook, 2010). Dependerá de tales criterios e dos obxectivos que cada quen teña á hora de traballar coas linguas para que se manexe unha ou outra definición. Non é o mesmo partir de criterios estritamente lingüísticos que facelo desde posicións políticas, culturais, históricas ou sociais.

Sexan o que for as linguas, o certo é que tratar de cuantificar a diversidade lingüística convértese, as máis das veces, nunha tarefa estéril. Aínda aceptando que as linguas existen, o principal problema ao que nos enfrontamos é o de saber onde remata unha e onde comeza a seguinte. Os continuos lingüísticos son un desafío á hora de determinar os lindes entre linguas e, ás veces, estes lindes son en exceso artificiais e coliden coa sabedoría popular dos propios falantes. Hai que ter en conta, ademais, que non todas as linguas do mundo son coñecidas e, de cando en vez, a investigación sobre comunidades humanas illadas sorpréndenos con novos exemplares nunca antes coñecidos, mais tamén coa desaparición de comunidades lingüísticas como consecuencia da morte da súa derradeira falante, como aconteceu co yagan, en Chile, en febreiro de 2022.

No caso de Europa, a todo isto hai que engadir as propias marcaxes do continente. Así, a cuantificación da súa diversidade lingüística variará dependendo de que entendamos por Europa. Está o límite nos montes Urais?, incluímos a cordilleira do Cáucaso, Turquía e a Federación Rusa? Segundo aceptemos ou non estas e outras consideracións, o número de linguas variará substancialmente.

O proceso histórico de minoración (as minorías e as maiorías minoradas)

A modernidade liberal, e a súa forma estatal predominante (Estado-nación), sustentouse nun discurso construído arredor dunha imaxe racionalista do mundo, integradora e homoxénea, que desacreditou calquera interferencia á súa concepción do progreso. Nese contexto, un selecto grupo de linguas fortaleceeron o seu status como «linguas da razón» —é dicir, linguas estatais—,

vinculándose coas actividades «modernas»: administración, educación e ciencia. As outras linguas ficaron reducidas aos dominios considerados «tradicionalis», nos que habitan as emocións (Comisión Europea 1996; Williams 2006). Pois ben, nese proceso, que tivo orixes e ritmos distintos en cada Estado, as linguas que non eran linguas da razón foron minoradas, desligándose da poderosa relación entre racionalidade e orde económica. A mobilidade social pasou a controlarse polo dominio da lingua oficial, especialmente pola súa variedade estándar e o valor no mercado lingüístico da lingua estatal, a única visíbel nas ocasións e nos espazos oficiais (Bourdieu 1982).

Este proceso de minoración actuou tamén sobre a dimensión identitaria, de tal xeito que as linguas afectadas sufriron un proceso de degradación dirixido a debilitar (e, ás veces, a fortalecer) a relación lingua-identidade. Como consecuencia desa degradación, proliferan os movementos cívicos de reivindicación, centrados, a maior parte deles, na recuperación dos valores simbólicos e sustentadores, en non poucas ocasións, da conexión entre lingua e tradición. En paralelo, cando unha lingua «tradicional» amplía os seus dominios de uso, en parte por mor de políticas públicas orientadas á protección e/ou á promoción, a minoración pode mesmo acrecentarse, na medida en que se xeran tensións entre as linguas en competición. Tras estas tensións, as linguas minoritarias son construídas como problemáticas e os grupos sociais que as falan como «extremistas», «radicais», «nacionalistas» etc. Na medida en que non se logran cambios substanciais no seu status, fortalécese a lóxica da dominación o que incide nunha nova forma de minoración.

Desde un punto de vista distinto, recoñecer como minoritario un determinado grupo supón aceptar que ese grupo existe, que ten características propias e que ten dereitos específicos polo feito de ser unha minoría: dereito á existencia, dereito á identidade, dereito á liberdade de expresión na súa lingua, dereito á protección/promoción da súa lingua, dereito a participar nas decisións que afecten ao grupo (artigo 27 do Pacto Internacional dos Dereitos Cívicos e Políticos 1966; Declaración das Nacións Unidas sobre as Minorías 1992). Todos son dereitos individuais, mais que dependen da capacidade do grupo minoritario para conservar a súa lingua e a súa cultura; e isto pasa a ser un deber do Estado.

O concepto «minoría lingüística» é ambiguo. Como sinalamos, en Europa remite a situacións moi diversas. En boa medida, a súa definición dependerá das estratexias que os propios grupos minoritarios teñan para representárense a si mesmos, e, asemade, de como sexan percibidos polos demais. Se é certo que hai trazos universais, tamén o é que cada contexto ten as súas dinámicas e que a solución pasa por propoñer medidas que contemplan as idiosincrasias de cada situación de contacto. En todo caso, unha sucinta revisión das condicións sociais, políticas, legislativas, económicas e sociolingüísticas nas que se atopa a maior parte destas linguas en territorio europeo, permítenos identificar unha serie de trazos que, en graos diferentes, se rexistran en boa parte das situacións de minoración lingüística, como a seguir resumimos.

a) Sociopolíticos

Dependencia política en modelos liberais

Moitos Estados europeos actuais rexen a súa forma de goberno en sistemas democráticos neoliberais de marcado carácter centralista. Baixo esta forma de xestionar o poder, a diversidade lingüística non supón unha prioridade das políticas públicas.

Baixo prestixio social

As prácticas dos grupos lingüísticos minorizados están simbolicamente descapitalizadas e carecen da valoración e o (re)coñecemento da maioría da poboación. Ademais, as comunidades de lingua minoritaria compiten de maneira desigual polos recursos económicos, culturais etc., cos grupos maioritarios. Como o acceso a tales recursos está controlado pola «autoridade» que leva incorporada a lingua oficial, o prestixio social queda indexicalmente distribuído. Na medida en que o prestixio social é unha das principais motivacións para o mantemento dunha lingua, compréndese a súa relevancia na produción, reprodución e non reprodución das minorías lingüísticas.

Permanente conflito lingüístico, moitas veces latente

Lonxe de seren excepcionais, as situacións de conflito lingüístico son

habituais. O que si é mais excepcional é o seu recoñecemento. Baixo a retórica do consenso, trátase de minimizar a permanente tensión que se dá entre dous grupos sociolingüísticos, os que tratan de preservar os seus privilexios (maioritarios) e aqueles que buscan fortalecer o acceso a un conxunto de recursos que permiten superar as desigualdades e mellorar nos estándares de vida (minoritarios). É preciso comprender que, en situacións sociolingüísticas regresivas, o conflito forma parte máis da solución que do problema, na medida en que contribúe a facer visíbeis as desigualdades, os privilexios e as exclusións e promove o cambio social.

Activismo cívico

Os procesos de substitución lingüística activan reaccións sociais de moi diversa índole. Moitas veces, estas reaccións son canalizadas por organizacións cívicas que procuran cambios no status e no control dos recursos simbólicos propios de situacións de contacto lingüístico regresivo.

b) Demográficos

Perfil demográfico envellecido

En moitas comunidades de lingua minoritaria, a ruptura da transmisión interxeracional na familia converte a segunda xeración nos falantes máis novos. Nalgúns casos, é difícil atopar falantes de menos de 40 anos. Coincide, ademais, que as comunidades de linguas minoritarias quedan afastadas dos territorios máis dinámicos desde a perspectiva sociodemográfica, polo que o mantemento da lingua se ve aínda máis comprometido.

Transformacións demográficas e inmigración: minorías dentro de minorías

Nas últimas décadas, a demografía da maior parte de Europa viuse alterada polos fluxos migratorios, tanto internos como externos. Isto provocou que moitas das cidades europeas sexan espazos babelizados

superdiversos. Con frecuencia, estes procesos de mobilidade demográfica non foron pensados desde modelos de interacción -senón desde modelos de asimilación e, no mellor dos casos, de integración unidireccional-, desaproveitando a oportunidade de contribuír desde as cidades europeas a un mundo máis xusto e sostíbel. Agora temos xerarquizada a minorización, con novas formas de dominación respecto a esas outras minorías aínda máis desprotexidas.

c) Legais

Débil lexislación doméstica

Aínda que as constitucións de moitos Estados inclúen referencias moi xerais á protección das minorías lingüísticas, son moito máis escasas aquelas que prevén unha normativa sobre a súa promoción en ámbitos tan elementais como a educación, a administración ou os medios de comunicación. E no caso en que isto se recolla, non sempre ten un desenvolvemento normativo posterior. De feito, os textos constitucionais son instrumentos moi eficaces para a discriminación lingüística. A lexislación lingüística móvese entre a utopía e o pragmatismo. Os principios de «igualdade» e «non discriminación» póñense en evidencia cando nos interesamos polos dereitos das minorías lingüísticas europeas.

En canto á Carta, como veremos ao longo deste traballo, hai que lembrar que non todos os Estados europeos a ratificaron (asinada por 33, ratificada por 25). Entre os que si fixeron ambas as cousas, a Carta é moi flexíbel respecto a súa aplicación, o que en moitas ocasións implica poucos progresos para estas linguas.

Baixo nivel de institucionalización

Como consecuencia desta falta de lexislación interna, son escasas as linguas minoritarias europeas que conseguiron visibilidade institucional. A maioría está recluída ao ámbito familiar, nun contexto onde isto non garante a súa viabilidade.

d) Económicos

Crise económica

A situación económica do que levamos de século XXI, caracterizada, como paradigma do capitalismo, por diversas crises globais, favorece, desde unha lóxica neoliberal, empobrecementos de toda índole. As minorías sofren especialmente as súas consecuencias. Con todo, as crises son tamén momentos históricos para a emancipación e o progreso e poden ser aproveitados oportunamente para construír un mundo máis democrático e igualitario.

e) Sociolingüísticos

Feble transmisión interxeracional

Este é o trazo máis común nas situacións sociolingüísticas regresivas. A ruptura que supón a muda de lingua no contorno familiar ten consecuencias determinantes na vitalidade das linguas minoritarias. Con frecuencia, as políticas públicas de recuperación comezan co estímulo ao mantemento lingüístico no terreo familiar.

Ideoloxías lingüísticas endóxenas e exóxenas discordantes. As minorías como ameaza!

A poboación falante da lingua minoritaria adoita mostrar unha actitude favorábel non só ao mantemento da súa lingua senón cara á diversidade lingüística en xeral. Isto é especialmente así entre a poboación máis nova. No grupo que se expresa na lingua socialmente dominante, as actitudes cara á lingua minoritaria son máis neutrais, no mellor dos casos, e desfavorábeis se se aprecia o bilingüismo como competencia e non como mutuo enriquecemento.

O neofalantismo

Ademais dos falantes tradicionais, que aprenderon a lingua no contorno familiar, nas comunidades de lingua minoritaria que foron capaces de

incluír o idioma nos procesos de socialización secundaria, a emerxencia de novos falantes é unha realidade, entre eles aquelas persoas que se converten en neofalantes. Adoitan ser persoas que aprenderon a lingua no sistema educativo e que, en graos diversos, son usuarios habituais da lingua minoritaria, ás veces mesmo abandonando a lingua maioritaria (Ramallo 2020).


A xestión legal das minorías lingüísticas europeas

Todas as linguas serven para o mesmo pero non todas teñen o mesmo valor legal. Só unhas poucas teñen recoñecido un determinado status oficial, o que as converte en linguas moi protexidas e promovidas no sistema educativo, nos medios de comunicación, nos usos coa administración etc. Unha revisión dos textos constitucionais ofrece o seguinte panorama: en trinta e sete Estados europeos inclúese algunha referencia ás linguas que neles se falan ou signan. Non se atopa ningunha en República Checa, Dinamarca, Islandia, Holanda, Reino Unido, San Marino. En moitos casos, a única referencia é a unha soa lingua oficial. Noutros casos, o recoñecemento non implica dereitos senón liñas políticas de protección ou mantemento.

A abordaxe do multilingüismo no nivel constitucional resúmese na tipoloxía incluída na Figura 1, onde se recolle a distinción entre o principio de personalidade e o principio de territorialidade aplicado ás linguas. Respecto ao uso das linguas, no principio de personalidade prevalece o dereito do suxeito para elixir, entre as linguas oficiais, aquela que prefira nas relacións coa administración, sen ter en consideración o territorio no que se desenvolve tal uso. Pola súa banda, o principio de territorialidade estipula que, nun determinado territorio, unha lingua, usualmente a da maioría, é a dominante. Na lexislación e nas políticas nas que predomina o principio de personalidade, todos os cidadáns teñen os mesmos dereitos con respecto ás linguas oficiais, independentemente do lugar no que vivan. En cambio, onde predomina o principio de territorialidade, os dereitos poden variar dependendo da rexión, provincia ou municipio no que viva ou ao que se desprace o individuo.

Hai circunstancias nas que o aconsellábel é optar polo principio de personalidade mentres que noutras semella máis beneficioso o principio de territorialidade. En todo caso, non é doado atopar exemplos puros, é dicir, sociedades nas que só un dos dous principios estea presente. Máis ben habería que falar de prevalencia ou de dominio dun sobre o outro. Por exemplo, en Bélxica ou Suíza predomina o principio de territorialidade, mentres que en Finlandia faino o de personalidade.

Figura 1. A xestión constitucional do multilingüismo.



Fonte: adaptado de Kraus (2008, p. 95)

A. Protección territorial das minorías lingüísticas

A.1. Sen status oficial (pero reflíctense diferentes graos de recoñecemento/regulación: protección, promoción etc.). Exemplos: Alemaña, Austria,

Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia e Suecia.

A.2. Autonomía lingüística: status oficial en parte do territorio do Estado. Exemplos: Croacia, Dinamarca, Eslovenia, España, Italia, Holanda, Macedonia, Portugal, Reino Unido, Rusia e Xeorxia.

B. Pluralismo lingüístico

B.1 Bilingüismo institucional. Exemplos: Chipre, Finlandia, Irlanda, Malta e Montenegro.

B.2 Federalismo lingüístico. Exemplos: Bélxica e Suíza.

A esta tipoloxía cómpre engadirle o monolingüismo oficial. Trátase de Estados que só teñen en conta a lingua estatal identificada como lingua nacional, aínda cando poidan recoñecer a existencia de minorías no seu territorio. Exemplos: Albania, Francia, Grecia, Mónaco e Turquía.


O futuro das linguas minoritarias

A partir da combinación de dúas variábeis xerais, (a) a intensidade do prestixio social da lingua [\pm prestixio social] e (b) a intensidade do conflito sociolingüístico entre as comunidades en contacto [\pm conflito sociolingüístico], propoñemos un modelo predictivo para as linguas minoritarias europeas (Figura 2).

Asumimos que todo proceso de minorización sempre é transitorio e a súa evolución dependerá tanto do punto de partida de cada situación concreta como de conxunturas globais e locais. O esquema seguinte recolle algunhas solucións para as linguas minoritarias europeas. O modelo organízase de maior a menor vulnerabilidade. É dicir, que os grupos que están próximos ao grao I terán como obxectivo progresar cara calquera dos outros graos superiores. A controversia máis relevante está na xerarquía entre os graos IV e V. Nalgúns casos o multilingüismo oficial non deixa de ser unha solución

permanente minorizadora, en tanto que a oficialidade dun idioma non é suficiente para garantir a súa reprodución, pero si a súa aprendizaxe. Por iso, o federalismo lingüístico pode ser a solución en moitos casos se a desminoración é o obxectivo.

Figura 2. Modelo de predición da situación das linguas minoritarias europeas.



GRAO I

Substitución lingüística [+ conflito - prestixio]

Abandono por parte da comunidade da lingua minoritaria, substituíndoa pola lingua maioritaria en todos os ámbitos da vida cotiá. Dáse en situacións de baixo prestixio practicamente sen resistencia. Antes de consumarse a substitución, o conflito pode ser intenso pero desde posicións elitistas, sen apenas proxección no conxunto da comunidade e con poucas posibilidades de inverter a tendencia.

GRAO II

Diglosia funcional [- conflito - prestixio]

Mantemento da lingua minoritaria nunha situación de diglosia funcional, establecendo ámbitos de uso e ámbitos restrinxidos. Xorde en situacións de baixo prestixio para a lingua minoritaria e con conflito baixo ou latente. Se este conflito se activa, afloran tensións; dun lado, na dirección de fomentar a substitución pola lingua maioritaria; doutro lado, na de conseguir aumentar a presenza pública da lingua.

*GRAO III**Autonomía lingüística [\pm conflito \pm prestixio]*


Establecimiento de dereitos lingüísticos territorializados. É ao que aspirarían a maioría dos grupos lingüísticos minoritarios europeos. Cando se está nesta situación, a miúdo aparecen reivindicacións internas de avance cara a algún dos graos seguintes.

*GRAO IV**Federalismo lingüístico [+ conflito + prestixio]*

Monolingüismo exclusivo da lingua minoritaria nun determinado territorio, converténdoa, de feito, en lingua maioritaria. Avanzar cara a esta situación pode resultar problemático nas sociedades multilingües actuais, pero non deixa de ser un obxectivo dalgunhas comunidades con lingua propia.

*GRAO V**Multilingüismo oficial [- conflito + prestixio]*

Primacía do principio de personalidade. A lingua minoritaria alcanza un status legal en todo o Estado e para todas as funcións.




Terceira parte

**A CARTA COMO INSTRUMENTO DE
AVALIACIÓN DA DIVERSIDADE
LINGÜÍSTICA EUROPEA**

Desde unha achega sociolingüística, a multiplicidade de linguas que se utilizan en Europa pode ser clasificada a partir de indicadores diversos, entre eles o número de falantes, o status xurídico doméstico, a relevancia da transmisión *intra* e *inter-xeracional*, o grao de institucionalización (educación, administración, medios...) ou o prestixio social. É o modelo seguido no *Euromosaic*, traballo pioneiro sobre as minorías lingüísticas da Unión Europea (véxase Nelde, Strubell e Williams 1996).

Dadas as diverxencias que suscita a dimensión do significante «Europa», como consideración previa, cómpre unha aclaración do que entendemos por «diversidade lingüística europea». No caso que nos ocupa, centrámonos na dimensión xeográfica dos 25 Estados do Consello de Europa que, desde novembro de 1992, ratificaron a Carta: Alemaña, Armenia, Austria, Bosnia e Hercegovina, Croacia, Chipre, Dinamarca, Eslovenia, España, Finlandia, Holanda, Hungría, Liechtenstein, Luxemburgo, Montenegro, Noruega, Polonia, Reino Unido, República Checa, República Eslovaca, Romanía, Serbia, Suecia, Suíza e Ucraína.

Mapa 1. Sinaturas e ratificacións da Carta.



O resto dos 47 Estados do Consello de Europa, ben asinaron a Carta pero non a ratificaron, ben non chegaron a asinala, como recolle o Mapa 1.

Malia que esta opción deixa fóra unha relevante cantidade de linguas minoradas, o feito de manexar un instrumento obxectivamente ponderábel de clasificación, permítenos traballar cun modelo de clasificación dos Estados e das linguas a partir de criterios como o que, nun traballo previo, denominamos «esforzo estatal» no cumprimento da Carta (Ramallo 2019).

A Carta considérase o máis importante instrumento internacional de protección e promoción da diversidade lingüística. Aprobada en 1992, entra en vigor en 1998, unha vez ratificada por un mínimo de cinco Estados do Consello de Europa (artigo 19). Na práctica foron seis: Croacia, Finlandia, Hungría, Liechtenstein, Holanda e Noruega. A partir dese momento, as ratificacións foron incrementándose aos poucos ata 2011, ano no que Bosnia e Hercegovina ratifica a Carta. Unha década despois non se produciu ningunha outra ratificación. A única novidade neste tempo foi a sinatura de Portugal (2021). Tamén é significativo constatar que o resto dos Estados que só asinaron o tratado fixérono décadas atrás, mais sen avances na entrada en vigor: Malta (1992), Macedonia do Norte (1996), Francia (1999), Islandia (1999), Italia (2000), Acerbaixán (2001), Federación Rusa (2001) e Moldavia (2002).

De acordo co recollido no Preámbulo, o obxectivo prioritario da Carta é «contribuír a manter e a desenvolver a riqueza cultural de Europa e as súas tradicións». Agora ben, o mesmo Preámbulo recoñece a seguir que «o dereito a utilizar unha lingua rexional ou minoritaria na vida privada e pública constitúe un dereito imprescindíbel» seguindo tanto o establecido no artigo 27 do Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos de Nacións Unidas (1966), como no artigo 14 do Convenio para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais do Consello de Europa (1950). Polo tanto, aínda que non estamos formalmente ante un tratado relacionado cos dereitos humanos, o feito de protexer unha determinada lingua comporta o dereito das persoas que a falan a usala, o que, en ámbitos como a educación, pode entenderse coma un dereito humano.

A Carta abrangue cinco Partes e vinte e tres artigos, alén do Preámbulo:

- **Parte I.** Disposicións xerais (artigos 1 a 6)
- **Parte II.** Obxectivos e principios (artigo 7)
- **Parte III.** Medidas para fomentar as linguas rexionais ou minoritarias na vida pública (artigos 8 a 14)
- **Parte IV.** Aplicación da Carta (artigos 15 a 17)
- **Parte V.** Disposicións derradeiras (artigos 18 a 23)

As Partes sobre as que centramos a análise desta publicación son a II e a III⁴. A Parte II límitase ao artigo 7, que se aplica a todas as linguas rexionais ou minoritarias dun Estado que cumpran co recollido no artigo 1. A cobertura dos artigos da Parte III: 8 (Educación), 9 (Xustiza), 10 (Autoridades administrativas e servizos públicos), 11 (Medios de comunicación), 12 (Actividades e servizos culturais), 13 (Vida económica e social) e 14 (Intercambios transfronteirizos) responden a unha elección de cada Estado, tanto nas linguas ás que se aplica como na intensidade dos compromisos ligados a cada un destes artigos.

A Carta constitúe, en si mesma, un documento factíbel de análise xurídica, política e sociolingüística (véxanse, entre outros, Woehrling 2005; Nogueira, Ruiz Vieytes e Urrutia Libarona 2012; Suay e Hicks 2020). Pola parte que nos corresponde, centraremos na súa relevancia sociolingüística, tendo presente, iso si, as outras dúas. Desde esta perspectiva, a análise e reflexión pola que optamos neste traballo céntrase nas Partes II e a III, na medida en que son sobre as que o COMEX organiza o seguimento do cumprimento de cada un dos compromisos adquiridos por cada Estado no que a Carta está vixente.

É preciso sinalar que, alá onde ten vixencia, a Carta se aplica a todas as linguas rexionais e minoritarias europeas que encaixen na definición recollida no artigo 1; isto é, linguas «faladas tradicionalmente nun territorio dun Estado

⁴ Para o texto completo dos artigos 7 a 14, véxase o Anexo 1.

por nacionais dese Estado que constitúen un grupo numericamente inferior ao resto da poboación do Estado». Ademais, deben ser linguas diferentes ás oficiais do Estado e non seren variedades dialectais delas nin linguas da poboación inmigrante. Isto último constitúe un aspecto de especial controversia na medida en que implica determinar que supón considerar unha lingua como «lingua inmigrante» nun contexto de mobilidade poboacional que existe desde hai centos de anos. De feito, a maioría das linguas protexidas pola Carta son resultado da expansión de grupos humanos en períodos históricos precedentes. Polo dito, a chave é determinar cando unha lingua é «falada tradicionalmente». Sen que haxa criterio ningún que determine esta cuestión, dáse por asumido que unha lingua é de inmigrantes se é falada nun Estado despois da Segunda Guerra Mundial.

Á parte desta problemática, a interpretación do que supón entender unha lingua como rexional ou minoritaria revela outra contradición evidente. Referímonos á non consideración das linguas de signos como linguas protexidas pola Carta. Se ben é certo que todas as linguas relacionadas coa comunidade xorda son linguas minoritarias, tamén o é que o Consello de Europa non acepta a súa inclusión entre as linguas protexidas pola Carta. No texto que determina o alcance e a cobertura do Tratado nada hai que exclúa estas linguas, mais a estigmatización que sofren as comunidades signantes manifesta (Esteban e Ramallo 2019). Nos últimos anos houbo algúns avances neste sentido. Por exemplo, Finlandia incluíu nos seus dous últimos informes periódicos (2010 e 2017) sendos apartados especificamente relacionados coas dúas linguas de signos usadas: a lingua de signos finesa e a lingua de signos sueco-finesa. O relevante é que para as autoridades finesas, ambas linguas deben ser protexidas pola Carta como linguas non territoriais⁵. En concreto, o devandito informe explícita na súa páxina 17 que:

According to a recommendation contained in the Language Policy Programme for the National Sign Languages in Finland, the Government should ensure that the status of minority languages, including sign language, is promoted at European level, for example under the European Charter for Regional or Minority Languages and other instruments relevant to languages.

No seu Informe de seguimento, o COMEX obvia esta demanda e non asume as evidencias sociolingüísticas, xurídicas e políticas en relación coas linguas de signos. Porén, para reforzar a súa demanda, en 2019, desde o Ministerio de Asuntos Exteriores de Finlandia publicouse un informe reivindicativo moi clarificador da necesidade do recoñecemento das linguas de signos como linguas cubertas pola Carta (Tupi 2019) en tanto que linguas que responden, indiscutibelmente, aos requisitos recollidos no artigo 1.

Para fortalecer aínda máis esta demanda, en xullo de 2021 o Senado español aprobou, por unanimidade, unha moción pola que se insta ao Goberno a solicitar ao Consello de Europa, entre outras cuestións, «su pronunciamento acerca de la incorporación de las lenguas de signos española y catalana en la Carta Europea de las Lenguas Regionales y Minoritarias»⁶, en consonancia cunha solicitude da Confederación Estatal de Personas Sordas (CNSE).

Para entender a función do COMEX, cómpre ter en conta que se trata dun organismo cuxa prioridade é examinar a situación real das linguas rexionais ou minoritarias en cada Estado, informar ao Comité de Ministros/as sobre a súa avaliación do cumprimento dos compromisos adquiridos por cada Parte e, de ser o caso, recomendar a cada Parte a progresar gradualmente cara a un maior nivel de acatamento dos compromisos (artigo 16). A súa composición está determinada polo artigo 17 da Carta, no que se di que o Comité de Ministros/as designará as persoas que conformarán o COMEX, elixindo unha por Estado a partir das propostas remitidas por cada Parte. No perfil académico dos membros que forman parte do COMEX predomina o dereito e a sociolingüística (Dubos e Guset 2019). Desde a nosa experiencia como ex membro do COMEX (2013-2019), ambas experiencias son complementarias e necesarias. No debate que se establece en cada sesión ao redor da valoración dos cumprimentos

⁵ Segundo o parágrafo 5 do artigo 7, as Partes comprométense a aplicar, *mutatis mutandis*, os principios enumerados nos parágrafos 1 a 4 do citado artigo de xeito flexíbel e sempre tendo en consideración os desexos, as tradicións e as características dos grupos que falen estas linguas. Isto pon de relieve a posibilidade de que un determinado grupo nómade non acepte que a súa lingua sexa protexida pola Carta.

⁶ <https://videoservlet.senado.es/web/expedientdocblobervlet?legis=14&id=105622>

é moi ilustrativa á procura dun consenso no que maiormente se evidencian posicionamentos de ambos lados.

Ata 2019, o COMEX debía agardar a recepción do Informe remitido polo Estado para iniciar o proceso avaliativo periódico (artigo 16). Dito Informe debe facer explícitas as medidas que se puxeron en marcha polas autoridades estatais para poñer en efecto o recollido nos artigos 6 a 7 para cada lingua protexida só pola Parte II e nos artigos 6 a 14 para cada lingua protexida polas Partes II e III. A relevancia do citado artigo 6 é capital para o seguimento, na medida en que establece que «As Partes comprométese a velar por que as autoridades, organizacións e persoas ás que lles afecta esta Carta sexan informadas dos dereitos e deberes establecidos por ela».

Para evitar as demoras frecuentes neses envíos, coa reforma do proceso de monitorización aprobada en novembro de 2018 polo Comité de Ministros/as do Consello de Europa⁷, se unha Parte non presenta o seu informe periódico nos doce meses seguintes ao prazo comprometido, o COMEX pode iniciar o seguimento.

Un dos aspectos máis controvertidos da Carta ten que ver coa falta de penalización xudicial cando se constatan incumprimentos manifestos dos compromisos acadados coa ratificación do tratado. Se ben é certo que, de acordo ao principio *pacta sunt servanda*, recollido no artigo 26 da Convención de Viena sobre o Dereito dos Tratados (1969), coa entrada en vigor dun tratado, as Partes adquiren obrigas que deben ser cumpridas «de boa fe», a Carta no contempla medidas coercitivas no caso de incumprimento manifesto. Nesas condicións, ao tratárense de obrigas adquiridas nun tratado internacional, a Asemblea Parlamentaria, principal órgano político do Consello de Europa, debe velar por dito cumprimento, a partir de iniciativas diplomáticas que sitúen o foco nos principios da organización: democracia, primacía da lei e respecto polos dereitos humanos. Do contrario, sen esa invocación política a cumprir o pactado, estamos ante un exemplo de obvia irresponsabilidade que non fai outra cousa que debilitar os obxectivos e o alcance da Carta. Dende logo, esta

falta de responsabilidade pode tamén ser motivo de demandas particulares ante os tribunais de xustiza. Porén, ao estarmos diante dun Tratado internacional, as posibilidades de garantir a súa receptividade son moi baixas (véxase Iglesias Velasco 2013).

Minorías lingüísticas protexidas pola Carta

En tanto que convención aberta ao conxunto dos Estados que conforman o Consello de Europa, as linguas rexionais ou minoritarias protexidas pola Carta foi variando ao longo das últimas dúas décadas. E isto é así por dúas razóns diferentes: dunha banda por novas ratificacións; doutra banda, por cambios acontecidos nun determinado Estado –no que a Carta xa está vixente– con posterioridade ao acordado no instrumento de ratificación. Neste último caso, estes cambios poden deberse a situacións diversas. Os exemplos máis relevantes son dous: a) unha nova consideración da diversidade lingüística dun determinado Estado e b) a incorporación explícita dunha lingua previamente non incluída. O sinalado non deixa de ser unha cuestión problemática, particularmente no que respecta a cambios nos que se considera –politicamente– que é unha lingua ou un dialecto. Téñase en conta que a Carta é, a este respecto, cautelosamente ambigua porque mentres que o artigo 2.1 establece que «Cada Parte comprométese a aplicar as disposicións da Parte II a todas as linguas rexionais ou minoritarias faladas dentro do seu territorio e que cumpran coa definición do artigo 1», nada se di sobre que criterio (*emic* ou *etic*) ou que autoridade (científica, política, comunitaria, activista etc.) debe determinar cales son as linguas ás que se aplica o artigo 7. De feito, o debate segue aberto.

O acontecido recentemente en Noruega pode servir para exemplificar o cambio do que previamente se consideraban variedades dialectais a linguas diferentes. Por unha banda, é relevante a mudanza de consideración da relación entre o kven e finés. Doutra, cómpre reflexionar sobre o que tivo lugar coas denominadas linguas saami. Polo que respecta ao status do kven, xa en 2001, entre as primeiras recomendacións do Comité de Ministros, se incluía a necesidade dunha clarificación ao respecto, nomeadamente de se se trataba dunha lingua diferente ou dun dialecto do finés. No seu terceiro

⁷https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectId=09000016808f22ea

informe periódico (2005), as autoridades norueguesas recoñecen o kven como unha lingua diferente do finés. Con todo, houbo que agardar ao sétimo informe de seguimento do COMEX (2018) para incluír tamén ao finés como lingua minoritaria en Noruega. Esta decisión non foi aceptada polo goberno de Noruega e tal como recolle o seu octavo informe periódico (2020: 5) «Modern Finnish, understood as being the majority language in Finland, is not considered to be covered by the Charter in Norway»⁸. A consecuencia é que, no octavo informe do COMEX (2021)⁹, o finés volve non estar concibido como unha lingua diferente do kven, glotónimo utilizado polas autoridades norueguesas, non sempre aceptado por parte dos falantes de finés en Noruega, que consideran a súa lingua diferente do kven.

O caso das linguas saami é diferente e atinxe fundamentalmente á Parte III da Carta. Así, no seu instrumento de ratificación (1993), no apartado das linguas cubertas polos artigos 8 a 14, só se fai referencia á «Lingua Saami», en singular, nunha sorte de hiperónimo neutralizador da diversidade, aínda que ligado, xurídica e lingüisticamente, á lingua coñecida como saami do Norte, que é a que ten o maior número de falantes. Mentres que o COMEX, unha vez escoitadas as comunidades que falan as diferentes linguas saami, optou, xa desde os seus primeiros informes de seguimento, por recoñecer explicitamente as distintas variedades como linguas ugrofinesas distintas na Parte III (saami de Lule, saami do Sur, saami do Norte), para as autoridades norueguesas isto era motivo de controversia, xa que as consideraba variantes dunha única lingua denominada saami. Porén, en outubro de 2021, Noruega solicitou a modificación do seu instrumento de ratificación acordando aplicar a Parte III da Carta tamén ao saami do Sur e ao saami de Lule¹⁰.

Polo que respecta á incorporación de idiomas novos por parte dun Estado coa Carta xa vixente, o caso de España permite incorporacións de idiomas en

⁸ <https://rm.coe.int/norwaypr8-en-pdf/16809f9a19>

⁹ <https://rm.coe.int/norwayecrml8-en/1680a57899>

¹⁰ <https://rm.coe.int/0900001680a42e4b>. A consecuencia desta decisión aparecerá reflectida no 9º informe, previsto para 2023.

función do cambio de status das linguas minoritarias nos Estatutos de Autonomía. Lémbrese que o Estado español é o único que, no instrumento de ratificación, evitou facer explícita a identificación de cada unha das linguas cubertas pola Parte III, tal como recolle a seguinte declaración incluída en dito instrumento:

España declara que, aos efectos previstos nos citados artigos, se entenden por linguas rexionais ou minoritarias, as linguas recoñecidas como oficiais nos Estatutos de Autonomía das Comunidades Autónomas do País Vasco, Cataluña, Illas Baleares, Galicia, Valenciana e Navarra.

Así mesmo, España declara, aos mesmos efectos, que tamén se entenden por linguas rexionais ou minoritarias as que os Estatutos de Autonomía protexen e amparan nos territorios onde tradicionalmente se falan.

Pois ben, mentres que nos primeiros informes as linguas protexidas pola Parte III eran o galego en Galicia, o catalán en Cataluña, Illas Baleares, o valenciano/catalán no País Valenciano e o éuscaro na Comunidad Foral de Navarra e no País Vasco, a partir do terceiro informe de seguimento do COMEX (2011), o occitano/aranés pasou tamén a ser cuberto pola Parte III da Carta, en consonancia co recoñecemento da oficialidade do occitano/aranés en Cataluña uns anos antes (2006).

Adicionalmente, non é infrecuente que algunhas linguas previamente protexidas deixen de estarlo por decisión dunha das Partes, pero non polo conflito lingua-dialecto, senón porque o Estado considera que cos poucos falantes que unha lingua ten non pode facer os esforzos necesarios para a súa protección de acordo o establecido na Carta. O caso de Armenia é paradigmático. Mentres que nos primeiros informes, o COMEX facía balance da situación de once linguas, seis protexidas unicamente pola Parte II (belaruso, xeorxiano, alemán, polaco, ucraíno, yiddish) e cinco tamén pola Parte III (asirio, curdo, grego, iézidi, ruso) no quinto Informe o número reduciuse a sete, desaparecendo o belaruso, o xeorxiano, o polaco e o yiddish.

Tendo en conta cambios coma os sinalados, a Táboa I recolle a cuantificación das linguas rexionais ou minoritarias cubertas pola Carta en cada un dos Estados. Cómpre lembrar que a cuantificación configúrase, en boa medida, a

partir do principio de territorialidade. Isto supón cuantificar separadamente unha mesma lingua falada en territorios diferentes dun mesmo Estado, como o caso do éuscaro en Navarra e País Vasco. O dito é, se cadra, máis relevante en Estados federais, como é o caso de Alemaña, co baixo-alemán falado en diferentes Länder. Con todo, non sempre é así. Por exemplo, en Suíza, a Carta analiza a minoración do alemán nos cantóns de Berna, Friburgo, Xura, Neuchâtel, Tesino, Valais e Vaud unitariamente, como unha lingua, sen recoller unha avaliación individualizada en cada un dos sete territorios nos que ten a consideración de rexional ou minoritaria.

Adicionalmente, nalgúns casos a Carta utiliza glotónimos diferentes para variedades da mesma lingua, o que complexiza aínda máis a cuantificación real da diversidade lingüística susceptible da súa protección. É o que acontece, por exemplo, cos glotónimos «catalán» e «valenciano/catalán» ou co «galego» e «galego/galego-asturiano».

A partir desta perspectiva territorial, como recolle a Táboa 1, a Carta protexe 224 grupos lingüísticos (que, por simplificar, e con todas as reservas, procedemos a consideralos equivalente a linguas), 85 con nivel de protección básico e 139 con niveis de protección adicionais a esa protección básica relacionada coa Parte II (artigo 7) do tratado. Se obviamos as diferenzas territoriais e a diversidade dialectal, o número total de linguas é de 79. A media de linguas protexidas é de 10.

Ás veces, nun Estado a mesma lingua está protexida de xeito desigual en territorios diferentes. Así, o valenciano/catalán está protexido polos artigos 7 a 14 en Valencia, pero só polo artigo 7 en Murcia.

Táboa 1. Número de grupos lingüísticos protexidos pola Carta (2022).

Estado	Parte II	Parte II e Parte III	Total
Romanía	10	10	20
España	10	7	17
Ucraina	4	13	17
Alemaña ¹¹	4	11	15
Bosnia e Hercegovina	0	15	15
Serbia	5	10	15
Hungría	6	8	14

Polonia	0	14	14
Croacia	4	7	11
República Eslovaca	2	9	11
Finlandia	5	4	9
Austria	5	3	8
Suíza	5	3	8
Armenia	2	5	7
Reino Unido	3	4	7
Eslovenia	4	2	6
Noruega	3	3	6
Holanda	4	1	5
República Checa	3	2	5
Suecia	2	3	5
Montenegro	2	2	4
Chipre	2	0	2
Dinamarca	0	1	1
TOTAL	85	137	222

Como se pode observar na Táboa 1, a casuística en relación co número de linguas é moi diversa, tanto pola cantidade (desde unha lingua en Dinamarca ata vinte en Romanía), como polas diferenzas entre o número de linguas protexidas en cada Parte. Así, hai Estados que teñen máis linguas protexidas só pola Parte II, sendo Chipre o único caso que unicamente protexe linguas nesta parte; pola contra, outros Estados protexen máis linguas na Parte III, onde Bosnia e Hercegovina e Polonia destacan porque inclúen todas as linguas neste nivel de protección. Tamén Dinamarca, mais, a diferenza dos outros dous Estados citados, só se protexe unha lingua.


A listaxe de linguas por cada Estado recóllese na parte cuarta deste volume, respectando os glotónimos utilizados nos informes do COMEX. En cada Estado cómpre ter en conta a distinción entre linguas autóctonas, historicamente documentadas nun único Estado entre os que a Carta está vixente (asirio, asturiano, baixo-alemán, galés etc.), e linguas alóctonas,

¹¹ Se optamos por cuantificar só linguas diferentes, independentemente dos Länder onde se falen, o número redúcese a 7.

espalladas debido a procesos históricos de diferente índole, por diversos países europeos (alemán, eslovaco, polaco, romaní, ruso, yiddish etc.).

O Mapa 2 agrupa o número de linguas protexidas pola Carta en cada un dos Estados nos que está en vigor.

Mapa 2. Linguas protexidas pola Carta.




As linguas alóctonas que están recoñecidas como linguas rexionais ou minoritarias nun maior número de Estados do Consello de Europa son: romaní (16)¹², alemán (13), eslovaco (9), croata¹³ (8), húngaro (8), ucraíno (8), yiddish (8) checo (7), ruteno (7), polaco (6), búlgaro (5) e italiano (5).

Un trazo característico da diversidade lingüística europea é que hai numerosos casos de linguas que acadaron o rango de lingua oficial nun determinado Estado e, porén, son minoradas noutros (véxase o Anexo 2). Sirva como exemplo ben coñecido o idioma alemán, oficial en Alemaña, Austria, Suíza, Liechtenstein, Luxemburgo e Bélxica, mais, como acabamos de sinalar, minorado en trece Estados nos que a Carta está en vigor (incluídos algúns cantóns de Suíza).

Polo contrario, son poucas as linguas que gozan de status oficial na dimensión estatal e que non son minoradas en ningún Estado dos que ratificaron a Carta. Entre os Estados que ratificaron a Carta, é o caso do castelán, holandés, inglés e noruegués.

¹² Baixo o glotónimo romaní, o COMEX fai referencia, con algunha excepción, á pluralidade de denominacións utilizadas nos instrumentos de ratificación: romaní, roma, romanes, romani chib, romany. No caso de Noruega, de feito, a ratificación fíxose para o romaní e o romanes e no caso de Holanda o COMEX segue usando romanes. En rigor, pola súa propia historia e espallamento, o romaní debería haber sido protexido como lingua minoritaria en todos os Estados que ratificaron a Carta, porque en todos eles hai poboación xitana, aínda que nalgúns casos a lingua está altamente hibridizada coma é o caso do caló no Estado español. Para unha análise detallada sobre a situación do romaní na Carta, véxase Halwachs, Klinge e Schrammel-Leber (2015).

¹³ Incluídos o croata moraviano (República Checa) e o croata de Bungerland (Austria). Para a situación do croata nos Estados que ratificaron a Carta, máis Italia e Macedonia, véxase Crnić-Grotić (2016).



Cuarta parte
BALANCE SOBRE O
(IN)CUMPRIMENTO DOS
COMPROMISOS DA CARTA

Os compromisos adquiridos coa ratificación da Carta varían substancialmente entre os Estados. Mentres que a Parte II (artigo 7) se aplica a todas as linguas rexionais ou minoritarias faladas no territorio estatal, a Parte III (artigos 8 a 14) permite unha considerábel liberdade de decisión para cada Estado en dous sentidos diferentes:

- a) Número de compromisos
- b) Intensidade dos compromisos

No que concirne ao número de compromisos, o artigo 2.2 establece un mínimo de trinta e cinco, incluíndo polo menos tres dos artigos 8 (Educación) e 12 (Cultura) e un dos artigos 9 (Xustiza), 10 (Administración), 11 (Medios) e 13 (Economía e vida social)¹⁴. Non sempre é doado determinar ese número mínimo, xa que a veces o que conta é o parágrafo, outras o subparágrafo e outras a opción. Por exemplo, no artigo 8 hai dous parágrafos; no primeiro hai nove subparágrafos e no primeiro destes subparágrafos hai catro opcións: 8.1ai/8.1aii/8.1aiii/8.1aiv.¹⁵


O Gráfico 1 reflicte o número de compromisos de cada Estado relacionados coa Parte III; é dicir todos menos Chipre. Cómpre indicar que o mínimo que un Estado pode elixir é de trinta e cinco compromisos. En numerosos instrumentos de ratificación inclúense compromisos duplicados, isto é, compromisos que constitúen opcións alternativas. Por exemplo, no artigo 10, parágrafo 1,

¹⁴ Nalgunha ocasión, o instrumento de ratificación fala de protección da Parte III para unha determinada lingua sen confirmar ese mínimo. É o caso do romaní en Alemaña. Ademais de en Hesse, onde este idioma está protexido tanto pola Parte II e Pola Parte III, o instrumento de ratificación de Alemaña dá conta doutros *Länder* nos que este idioma ten certa protección. Porén, dado que non se recolle o mínimo de 35 parágrafos ou subparágrafos para a protección do romaní neses outros territorios xermánicos, neles só queda protexido pola Parte II da Carta. Con todo, o último informe do COMEX (2018) sobre Alemaña só analiza o romaní en Hesse: https://search.coe.int/cm/pages/result_details.aspx?objectid=09000016808ea5c5.

¹⁵ Para unha aclaración destas posíbeis ambigüidades, véxase o parágrafo 45 do Informe explicativo: <https://rm.coe.int/CoERMPublicCommonSearchServices/DisplayDCTMContent?documentId=09000016806d35eb>

subparágrafo (a) hai cinco opcións, excluíntes entre si e xerarquizadas. O esperábel é que un Estado seleccione só unha, pero cando se elixen varias, por exemplo ii e iii, o COMEX só monitoriza a de maior rango, que inclúe as demais. Por ese motivo, no cómputo que ofrecemos só cuantificamos a opción superior. O promedio entre todos os Estados é de 45.

Gráfico 1. Número de compromisos por Estado.



En canto á intensidade, téñase en conta que moitos dos compromisos supoñen alternativas excluíntes –de máis a menos protección– redactadas coa conxunción disxuntiva «ou» na Carta; mentres que noutros non hai tal xerarquía. É o caso, por exemplo, do artigo 8.1.b (educación primaria), que recolle as seguintes posibilidades:

- i. Prever un ensino primario garantido nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou
- ii. Prever que unha parte substancial do ensino primario se faga nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou
- iii. Prever, no marco da educación primaria, que o ensino das linguas rexionais ou minoritarias correspondentes forme parte integrante do plan de estudos; ou

iv. Aplicar unha das medidas a que se refiren os puntos i) a iii) anteriores, polo menos os alumnos cuxas familias o desexen e cuxo número se considere suficiente;

Os artigos que inclúen esta xerarquización son 8.1 (a, b, c, d, e, f), 9.2, 10.1a, 10.3 e 11.1 (a, b, c, e, f). Nalgúns casos, a Carta fai referencia a «e/ou», o que implica que poden ser alternativas acumulativas, coma é o caso do artigo 9.1 (a, b, c). O resto dos parágrafos e subparágrafos non inclúen ningún tipo de xerarquía e poden ser elixidos (ou non) aleatoriamente por cada Estado, garantindo, sempre, os mínimos indicados. A tipoloxía é moi diverxente, dado que para linguas diferentes –e mesmo para a mesma lingua falada en territorios diferentes– algúns Estados poden seleccionar un número de compromisos e intensidades diferentes (Bosnia e Hercegovina, Eslovenia, Finlandia, Reino Unido, Romanía...). Noutros, esa selección é homoxénea para todas as linguas protexidas pola Parte III (España, Holanda, Montenegro, Ucraína...).

As diferenzas entre Estados son moi notorias. Sirvan de exemplo dúas realidades practicamente opostas, cun número de linguas semellante: España e Ucraína. En cada un destes Estados, o instrumento de ratificación recolle os mesmos compromisos para todas as linguas protexidas pola Parte III. Para esta comparativa, tomamos como referencia as seguintes escalas:

- escala de 1 a 5, sendo 1 a intensidade máis baixa e 5 a máis elevada (10.1a)
- escala 1 a 4, sendo 1 a intensidade máis baixa e 4 a máis elevada (8.1a, 8.1b, 8.1c, 8.1d, 9.1a).
- escala 1 a 3, sendo 1 a intensidade máis baixa e 3 a máis elevada (8.1e, 8.1f, 9.1b, 9.1c, 9.2, 10.3, 11.1a).
- escala 1 a 2, sendo 1 a intensidade máis baixa e 2 a máis elevada (11.1b, 11.1c, 11.1e, 11.1f).

A partir destas escalas, a intensidade máxima suporía acadar un total de 54 puntos. A Táboa 2 evidencia as diferenzas entre España e Ucraína, como os dous casos extremos en canto á intensidade dos compromisos adquiridos.

Táboa 2. Exemplos de intensidade dos compromisos da Parte III.

	8			9.1						9.2	10.1a	10.3	11.1					Total
	a	b	c	d	e	f	a	b	c			a	b	c	d	e		
España	4	4	4	4	1	3	4	3	3	3	5	3	3	2	2	2	1	51
Ucráina	2	1	1	1	1	1	2	1	1	1	-	-	1	1	1	2	-	17

Na zona alta da intensidade acompañan a España, Finlandia (46,5), Eslovenia (45), Suíza (44,5) e Romanía (42). Na zona baixa, sitúanse, alén de Ucraína, Armenia (20), Dinamarca (24), Bosnia e Hercegovina (25) e Holanda (26).

Como se pode concluír a partir da casuística sinalada, a combinación de compromisos e intensidades, xunto co número de linguas, axuda a entender a Carta en toda a súa complexidade a respecto do que supón concibir a dimensión protectora de cada Estado no que concirne ás minorías lingüísticas historicamente asentadas no seu territorio. É no que nun traballo previo denominamos «esfuerzo estatal».

No que resta desta parte, centrámonos na análise da evolución do cumprimento dos compromisos adquiridos, sen entrar en máis detalles sobre ese «esfuerzo estatal», tendo en conta que, máis aló do nivel de protección, o relevante debe ser velar polo cumprimento das obrigas que supón ratificar a Carta e axudar a visualizar analiticamente os pasos dados nesa dirección. Para tal fin, creamos a base de datos CELMI (<https://celmi.uvigo.gal/gl/>), que inclúe todos os informes de seguimento da Carta polo COMEX desde os inicios ata a actualidade.

Avaliación formal do (in)cumprimento dos compromisos

Nos informes periódicos elaborados e publicados polo COMEX da Carta, recóllense cinco posibilidades de avaliación para cada compromiso asumido no Instrumento de ratificación: «cumprido», «cumprido parcialmente», «cumprido formalmente», «non cumprido» e «sen conclusión», opción esta última activada cando, por razóns diversas, con certa frecuencia, o COMEX vese na imposibilidade de optar por unha das catro posibilidades previas. Por

«cumprido formalmente» cómpre entender avances ou logros legislativos que garanten o uso dunha lingua rexional ou minoritaria pero sen apenas proxección funcional, ben sexa polo seu nulo ou escaso desenvolvemento, ben sexa por un baleiro no financiamento que permita superar o mero recoñecemento.

A partir desta clasificación, mergullámonos na comparativa do que denominamos «cumprimento satisfactorio» (compromiso cumprido) e «incumprimento manifesto» (compromiso non cumprido) de todos os Estados nos que a Carta está en vigor, tomando como referente o último informe de seguimento publicado polo COMEX ata febreiro de 2022. Neste apartado ofrecemos unha análise global, consistente en tomar cada Estado como un valor unitario no que se inclúe a valoración de todos os compromisos en relación con todas as linguas cubertas pola Carta.


O Gráfico 2 recolle as diferenzas entre os dous parámetros establecidos, tomando como un todo o conxunto das linguas de cada Estado. As diferenzas inter-estatais son moi evidentes, tanto no cumprimento satisfactorio como no incumprimento manifesto. Aínda que adoita haber unha correlación inversa entre ambas conclusións, non sempre é así. De feito, xunto a Suíza, que non ten ningún compromiso manifestamente incumplido, Noruega ten a segunda posición máis baixa neste valor, mais ocupa unha posición intermedia no cumprimento manifesto. Isto explícase por ter unha porcentaxe alta de compromisos «cumpridos parcialmente», que non recolleemos no gráfico.

No extremo de maior incumprimento dos compromisos adquiridos, cunha porcentaxe superior de incumprimentos que de cumprimentos, están Polonia, Ucraína e, singularmente, Bosnia e Hercegovina. Este é un exemplo paradigmático de que a ratificación da Carta apenas contribúe a protexer as numerosas minorías recoñecidas polas autoridades estatais. Así, ese recoñecemento semella ser o punto de chegada e non o punto de partida desde o que deberían poñerse en marcha medidas coherentemente planificadas para superar as desigualdades nas que habita a poboación falante das linguas rexionais ou minoritarias deste Estado balcánico.

A partir destes resultados, no Mapa 3 recolleemos unha clasificación dos Estados segundo a correlación entre compromisos cumpridos e incumplidos.

Coa excepción de Montenegro, trátase dunha correlación inversa, con algúns matices; isto é a maior cumprimento menor incumprimento. Polo tanto, consideramos que a relación crece a medida que a correlación inversa é máis explícita.

Gráfico 2. Cumprimento satisfactorio e incumprimento manifesto dos compromisos adquiridos (valoración global).




Nos tres casos con elevado incumprimento manifesto, o número de linguas protexidas semella ser un factor explicativo. Polonia, Ucraína e Bosnia e Hercegovina están entre os Estados con máis linguas (véxase Táboa 1). Agora ben, este non debe verse como o único motivo, xa que non acontece o mesmo no caso de España ou de Alemaña e, en menor medida, en Romanía e Hungría, que contan tamén cun número de linguas superior á media.

Unha cuestión relevante para entender mellor a situación global de cada Estado é visualizar a evolución do cumprimento, ao longo dos anos, desde a

súa ratificación. Partimos de que, tal como recolle o preámbulo da Carta das Nacións Unidas, cada Estado debe crear as «condicións baixo as que poidan manterse a xustiza e o respecto ás obrigas emanadas dos tratados e doutras fontes de dereito internacional». Polo tanto, se ben é comprensíbel que, no intre da ratificación, non se dean todas esas condicións, o esperábel é que co paso do tempo sexa cada vez máis patente a súa consolidación como principio irrenunciábel. Así o recolle a Convención de Viena cando, no preámbulo, fai referencia explícita ao «desenvolvemento *progresivo* do dereito dos tratados» (cursiva nosa). En definitiva, as obrigas que supón a ratificación da Carta deben ser cumpridas (lémbrese o xa citado principio *pacta sunt servanda* recollido no art. 26 Convención de Viena sobre o Dereito dos Tratados) polo que non poden permanecer sen o impulso preciso para a súa consolidación como fontes de dereito promotoras da igualdade, a liberdade, a non discriminación, a democracia e a diversidade cultural.

Mapa 3. Clasificación dos Estados segundo a relación entre cumprimento satisfactorio e incumprimento manifesto.



Para analizar a evolución dos compromisos adquiridos, ofrecemos unha comparativa entre o primeiro e o último ciclo de seguimento para cada Estado, distinguindo, máis unha vez, o cumprimento satisfactorio e o incumprimento manifesto¹⁶. Como recolle a Táboa 3, hai Estados nos que a mellora é constatábel respecto do acontecido no seu primeiro ciclo avaliativo e Estados nos que o deterioro é significativo. Nos primeiros, tanto a evolución do cumprimento satisfactorio como a do incumprimento manifesto mostran melloras entre ciclos; nos segundos, o habitual é un deterioro entre ciclos nunha e noutra comparativa, mais tamén incluímos en deterioro cinco Estados nos que se constata unha mellora no cumprimento e un deterioro no incumprimento, como acontece en Alemaña, Bosnia e Hercegovina, Finlandia, Montenegro e Ucraína.

Táboa 3. Evolución do cumprimento por Estado (en porcentaxe).

Estado	Cumprimento satisfactorio		Incumprimento manifesto	
	Primeiro ciclo	Último ciclo	Primeiro ciclo	Último ciclo
MELLORA				
Austria	49,5	73,5	11,9	6,1
Croacia	41	46,9	33,7	14,6
Dinamarca	56,8	75,5	13,5	8,2
España	24,3	71,5	10,3	7,1
Holanda	56,2	63,9	25	4,6
Polonia	12,4	30,5	49,3	38
República Checa	51,9	70,8	7,8	2,9
República Eslovaca	13,3	40,1	39,4	18,9
Romanía	17	46,3	14,1	8,8
Suíza	81,5	93,5	6,4	0
DETERIORO				
Alemaña	46,6	66,6	7,6	9,4
Armenia	36	35,2	15,5	28,2
Bosnia e Hercegovina	3,5	6	53,1	74,3
Finlandia	69,3	71,1	3,2	4,3
Eslovenia	54,2	49,7	5,2	14,8

¹⁶ Lémbrese que os datos do primeiro ciclo nunca inclúen o artigo 7 (Parte II), mentres que si acontece iso no último. Por esta razón, non recolleemos o caso de Chipre por ter só linguas protexidas pola Parte II.

As minorías lingüísticas que gozan dun excelente cumprimento satisfactorio (> 90 %) das obrigas estatais adquiridas son:

- Italiano e romanche (Suíza)
- Catalán (Cataluña)
- Saami do Norte (Noruega)
- Tártaro (Finlandia)

Pola contra, aquelas nas que se constata o incumprimento manifesto máis elevado (≥ 50 %) son:


- As linguas de Bosnia e Hercegovina, agás o ladino e o yiddish que se aproximan ao 75 % de «Sen conclusión»
- Belarruso, gagaúzo, ruteno, yiddish (Ucraína)
- Alemán, croata, serbio (Eslovenia)
- Leonés (Castelá e León), valenciano/catalán (Murcia)
- Romaní (Montenegro)
- Karaím, romaní, tártaro (Polonia)
- Romaní, ucraíno (Serbia)

En termos globais e considerando o último informe de seguimento de cada Estado, ningún artigo acada un nivel de cumprimento satisfactorio o suficientemente amplo como para confirmar que estamos ante un dominio cuxa protección está amplamente garantida. A análise detallada permite dúas agrupacións:

- artigos cun cumprimento satisfactorio moderado: 12 (59,2 %), e 13 (57,8 %), 7 (56,7 %) e 14 (56,5 %).
- artigos cun cumprimento satisfactorio baixo: 11 (40,3 %), 8 (38,8 %), 9 (37,6 %) e 10 (31,5 %).

Isto confirma que, máis aló do artigo 7, polo seu carácter xeral, os logros moderados están en ámbitos como a cultura, a actividade económica e social e os intercambios transfronteirizos. Porén, queda moito aínda que facer na

educación, na xustiza, na administración e nos medios de comunicación, eidos de capital relevancia para a promoción de calquera lingua en fase de alta vulnerabilidade, como acontece coa maioría das linguas cubertas pola Carta.




Unha análise máis detallada implica termos en consideración, dentro de cada artigo, os diferentes parágrafos e subparágrafos, o que permite comprender mellor que é o que realmente se cumpre ou se incumpre, e que resumimos a seguir:

• Artigo 7 (Obxectivos e principios)

É o único artigo en que todos os parágrafos están vixentes en todos os Estados que ratificaron a Carta, mesmo tendo en conta que, segundo o artigo 21 todo Estado poderá, cando leve a cabo a ratificación do tratado, formular unha ou varias reservas aos parágrafos 2 a 5 do artigo 7. Só Croacia optou por esta posibilidade, solicitando a non aplicación do parágrafo 5, relacionado coas linguas non territorializadas. Porén, desde 2013, coa solicitude da retirada desta reserva, tamén en Croacia se aplica o parágrafo 5. Precisamente por ser unha epígrafe que fai referencia á aplicación do recollido nos parágrafos 1 a 4 ás linguas sen territorio, o COMEX non entra na súa propia avaliación, senón que cada lingua que cumpre con ese principio é analizada ao igual que as linguas rexionais ou minoritarias ligadas a un ou a máis territorios.

Os niveis máis elevados de cumprimento satisfactorio están no recoñecemento das linguas rexionais ou minoritarias como expresión da riqueza cultural e no con divisións administrativas dentro dun Estado (1a). Tamén é elevado o cumprimento do parágrafo 2, que constitúe unha garantía expresa de prohibición da discriminación das persoas que usan as linguas rexionais ou minoritarias e, asemade, promove medidas especificamente orientadas a eliminar a desigualdade co resto da poboación que fala as linguas máis estendidas. Pola súa banda, o incumprimento manifesto é elevado no subparágrafo 1f, relacionado con medidas a favor do ensino e o estudo das linguas minoradas en todos os niveis educativos, e no subparágrafo 1g, que ten como obxectivo facilitar a aprendizaxe dunha lingua minoritaria a neofalantes potenciais que vivan en territorios nos que se usan estas linguas.

Gráfico 3. Cumprimento satisfactorio e incumprimento manifesto do artigo 7¹⁷.




¹⁷ O que recollen as paréntese dos gráficos no eixo horizontal é o número de Estados nos que está vixente un determinado parágrafo ou subparágrafo. No caso do artigo 7, o máximo é de 23; nos artigos 8 a 14 o máximo é de 22, xa que Chipre non ten linguas cubertas pola Parte III da Carta.

• Artigo 8 (Educación)

Os vinte e dous Estados nos que está vixente a aplicación da Parte III elixiron os subparágrafos 1a (educación infantil), 1b (educación primaria), 1c (educación secundaria) e 1e (educación universitaria). No resto dos parágrafos e subparágrafos do artigo 8 non están todos. Particularmente o parágrafo 2 (educación nas linguas minoritarias fóra dos territorios tradicionais) só foi seleccionado por quince Estados.

Gráfico 4. Cumprimento satisfactorio e incumprimento manifesto do artigo 8.




O cumprimento máis obvio ten que ver coa presenza das linguas minoritarias no ensino superior, incluído o universitario (1e). Trátase, nalgúns casos, de garantir ou de fomentar, o seu uso como lingua vehicular; noutros, como lingua curricular. Fronte a este logro, a maior parte do resto dos parágrafos do artigo 8 evidencian niveis de incumprimento manifesto notorios. En concreto, o relacionado coa creación de organismos independentes dedicados a monitorizar, avaliar e analizar as medidas postas en marcha ao redor das linguas minoritarias no sistema educativo (1i) supera o 50 % de incumprimento manifesto. Tamén se constata un amplo

incumprimento no relacionado coa formación profesional, mesmo tendo en conta que a maioría dos Estados elixiron as opcións menos comprometidas neste subparágrafo (1diii e 1div), isto é, as linguas minoritarias como linguas curriculares ou só cando os estudantes ou as familias o soliciten e sempre que o número de peticións acade uns mínimos.

• Artigo 9 (Xustiza)

O artigo 9 mostra moitas diferenzas entre o número de Estados nos que algúns parágrafos e subparágrafos están vixentes. Así, do parágrafo 1 todos os Estados, agás Polonia, elixiron polo menos un subparágrafo (procedementos criminais, civís e administrativos); no caso do parágrafo 2 (validez de documentos xurídicos) só queda fóra Armenia. Non obstante, o 3 (accesibilidade dos textos lexislativos) só foi ratificado por doce Estados.

Gráfico 5. Cumprimento satisfactorio e incumprimento manifesto do artigo 9.



Dous son os parágrafos relacionados con compromisos ao redor da xustiza que reflicten un cumprimento satisfactorio moi elevado (2a e 2b). Trátase de parágrafos alternativos excluíntes, isto é, dos que só se debe elixir un. Ambos están relacionados co recoñecemento da validez de documentos legais

elaborados nunha lingua rexional ou minoritaria. A diferenza é que o 2b fai explícita referencia a que se, nun litixio, unha Parte presenta un documento nunha lingua rexional ou minoritaria debe darse a coñecer á outra Parte. No 2a (elixido pola maioría dos Estados) non se esixe tal condición. Polo que respecta ao incumprimento manifesto, a porcentaxe máis elevada atópase no parágrafo 3, que compromete a tradución dos textos estatais máis importantes ás linguas rexionais ou minoritarias.

• Artigo 10 (Autoridades administrativas e servizos públicos)

Trátase do artigo con máis parágrafos, debido as diversas dimensións relacionadas coa protección das linguas rexionais ou minoritarias no ámbito da administración e dos servizos públicos. Coa excepción de Polonia e de Ucraína, o resto dos Estados seleccionaron, polo menos, un compromiso do parágrafo 1 (administración estatal). Pola súa banda, Dinamarca é o único Estado no que non contempla protección relacionada coa administración local ou rexional (parágrafo 2). O parágrafo 3 (servizos públicos) está vixente en dezasete Estados. O parágrafo 4 (medidas para aplicar as obrigas dos parágrafos 1, 2 e 3) é tamén maioritario, agás en Croacia e en Polonia. O parágrafo 5 (emprego de patronímicos) ten validez en todos os Estados menos en Ucraína.


O cumprimento satisfactorio elevado só se constata no referente ao emprego de patronímicos familiares nas linguas rexionais ou minoritarias (parágrafo 5). Na maior parte dos parágrafos evidénciase un incumprimento manifesto elevado.¹⁸ Os casos máis obvios son os parágrafos 3a e 3c, ambos relacionados co compromiso de uso das linguas rexionais ou minoritarias perante os servizos públicos, ben garantíndoo na prestación dos servizos (3a), ben permitíndoo nas solicitudes presentadas perante os servizos públicos (3c), na medida, iso si, en que sexa razoabelmente posíbel de acordo coa situación de cada lingua.

¹⁸ Sobre o parágrafo 2g, relacionado coa toponimia en linguas minoritarias, véxase a análise de Crnić-Grotić (2018).

Artigo 11 (Medios de comunicación)


O parágrafo 1 (radio, tv, prensa escrita, de carácter público ou privado; formación de xornalistas) foi ratificado, nalgún dos seus subparágrafos e seccións, por todos os Estados. O parágrafo 2 (facilitar a divulgación de medios de comunicación doutros Estados con lingua semellantes) está vixente en todos agás en Hungría. Finalmente, o parágrafo 3 (representación dos intereses dos usuarios de linguas minoritarias nos organismos relacionados cos medios) só ten vixencia en quince Estados.

Gráfico 6. Cumprimento satisfactorio e incumprimento manifesto do artigo 10.



O cumprimento satisfactorio só é manifesto no parágrafo 2, relacionado coa garantía, tanto da recepción directa de medios de comunicación audiovisuais como da liberdade de expresión e a libre circulación de información na prensa escrita de Estados veciños nos que se usa unha lingua semellante ou idéntica á considerada rexional ou minoritaria noutro Estado. O maior incumprimento manifesto está no parágrafo 1c, que establece a obrigatoriedade de fomentar ou, polo menos, facilitar a creación dunha canle de televisión privada nas linguas rexionais ou minoritarias. Tamén é elevado o incumprimento concernente ao fomento da creación de emisoras de radio de carácter privado –ou, polo menos, de programas– nos que se garanta o uso das linguas rexionais ou minoritarias (1b).


Gráfico 7. Cumprimento satisfactorio e incumprimento manifesto do artigo 11.



• Artigo 12 (Actividades e servizos culturais)

O parágrafo 1 (actividades e servizos culturais nos territorios propios) está presente nos vinte e dous Estados. O parágrafo 2 (actividades e servizos culturais noutros territorios do Estado) só está ausente en Croacia. Finalmente, o parágrafo 3 (política cultural no estranxeiro) non protexe as linguas rexionais ou minoritarias de Bosnia e Hercegovina, Croacia, Montenegro, Serbia e Suecia.

Gráfico 8. Cumprimento satisfactorio e incumprimento manifesto do artigo 12.




Ao tratarse do artigo con maior cumprimento satisfactorio, na maioría dos parágrafos confirmase tal logro. En concreto, destacamos o parágrafo 1h, que nos Estados nos que está vixente, o cumprimento é moi elevado. Este compromiso obriga a promover a financiar servizos de tradución e de investigación terminolóxica orientada a fortalecer a súa expansión en ámbitos diferentes (administrativo, mercantil, económico, social, tecnolóxico). Só o parágrafo 3, relacionado coa promoción das linguas rexionais ou minoritarias nas políticas culturais dun Estado no estranxeiro, revela un incumprimento manifesto moderado. Trátase dunha ampliación do artigo 7.1a.

• Artigo 13 (Vida económica e social)

En todos os Estados está vixente polo menos unha parte do parágrafo 1 (conxunto do Estado). Porén, o parágrafo 2, que atinxe as medidas relacionadas coa promoción das linguas rexionais ou minoritarias na vida económica e social no territorio onde esas linguas se usan, só está vixente en quince dos vinte e dous Estados.

Gráfico 9. Cumprimento satisfactorio e incumprimento manifesto do artigo 13.




O único parágrafo con cumprimento satisfactorio elevado é o 1a, que ten que ver coa obriga de excluír da lexislación doméstica calquera prohibición relacionada co uso das linguas rexionais ou minoritarias en documentación

de relevancia social ou económica, coma é o caso dos contratos de traballo ou de regulamentos técnicos específicos. O relevante é que esta prohibición se refire ao conxunto do Estado e non só aos territorios nos que as linguas minoritarias se falan. Pola súa banda, os incumprimentos son elevados en diversos parágrafos. En particular, o 2c, que establece a obrigatoriedade do uso das linguas minoritarias nos servizos sociais relacionados coa saúde, como hospitais ou residencias de maiores. Tamén debe mellorar o compromiso que establece velar pola garantía do uso das linguas rexionais ou minoritarias nas instrucións de seguranza (2e). Estes dous parágrafos si que se limitan aos territorios nos que as linguas están establecidas.

Artigo 14 (Intercambios transfronteirizos)

Os acordos bilaterais e multilaterais entre Estados (suparágrafo a) están vixentes en todos os Estados, agás Austria, Montenegro e Noruega. O subparágrafo b (acordos entre territorios limítrofes dun mesmo Estado) só está ausente en Montenegro.

Gráfico 10. Cumprimento satisfactorio e incumprimento manifesto do artigo 14.



Nos dous apartados deste artigo non se constatan nin niveis moi elevados de cumprimento nin niveis moderados ou elevados de incumprimento. En todo caso, na maior parte dos Estados está aceptabelmente protexida a cooperación entre Estados e entre rexións nas que se fala a mesma ou unha lingua semellante. Trátase de fomentar o intercambio de persoal docente, o recoñecemento mutuo de diplomas, a organización compartida de actividades culturais etc. Constitúe unha ampliación do artigo 7.ii.



Quinta parte
**A REPERCUSIÓN DA CARTA
EN CADA UN DOS ESTADOS**

Presentamos a seguir unha breve caracterización das obrigas adquiridas coa ratificación da Carta en cada un dos Estados que teñen linguas rexionais ou minoritarias recoñecidas. Incluímos un capítulo específico ao Estado español, polo que dedicamos o presente aos outros vinte e dous Estados, ordenados alfabeticamente.

Como aclaración metodolóxica, como xa foi indicado na introdución, para cada un dos Estados incluímos gráficos comparativos dos diferentes ciclos de seguimento a partir da base de datos CELMI (<https://celmi.uvigo.gal/gl>). Neses gráficos, a porcentaxe que figura xunto a cada ano hai que interpretala coma un dato que ten en conta as diferenzas entre as cinco posibles conclusións utilizadas polo COMEX, tomadas no seu conxunto, respecto ao informe inmediatamente anterior e de acordo coa casuística recollida na Táboa 4.

Táboa 4. Progresión, estabilidade ou regresión dos compromisos respecto a ciclos anteriores (avaliación do COMEX).

Último	Cumprido	Cumprido parcialmente	Cumprido formalmente	Non cumprido	Sen conclusión
Previo					
Cumprido	=	↙	↙	↙	↙
Cumprido parcialmente	↗	=	↙	↙	↙
Cumprido formalmente	↗	↗	=	↙	↙
Non cumprido	↗	↗	↗	=	↙
Sen conclusión	↗	↗	↗	↙	=

Alemaña

A Carta entrou en vigor en Alemaña en 1999. Como Estado federal, nas linguas protexidas opera o principio de territorialidade, de acordo coa lexislación de cada un dos *Länder*. Isto supón que unha mesma lingua pode ser protexida só pola Parte II nun determinado Estado federado e polas Parte II e Parte III noutro Estado federado. É o caso do baixo alemán, lingua con protección básica (artigo 7) en Brandeburgo, Renania do Norte-Westphalia e en Saxonia-Anhalt e con protección forte (artigos 7 a 14) en Bremen, Hamburgo, Mecklemburgo-

Pomerania Occidental, Baixa Saxonia e Schleswig-Holstein. Algo semellante acontece co romaní, unicamente protexido polas Parte II e III en Hesse, mais só pola Parte II no resto de Alemaña. O romaní é lingua non territorial.

Tendo en conta estas distincións, en total a Carta cobre quince grupos lingüísticos e sete linguas, indicadas a seguir segundo o nivel de protección:


- Parte II: baixo alemán (Brandeburgo, Renania do Norte-Westphalia, Saxonia-Anha) e romaní (resto de Alemaña).
- Parte II e Parte III: alto sorabo (Saxonia), baixo alemán (Bremen, Hamburgo, Mecklemburgo-Pomerania Occidental, Baixa Saxonia, Schleswig-Holstein), baixo sorabo (Brandeburgo), danés (Schleswig-Holstein), frisón oriental (Baixa Saxonia), frisón setentrional (Schleswig-Holstein) e romaní (Hesse).

Adicionalmente, o instrumento de ratificación fai referencia ao desexo de protexer algunhas destas linguas noutros Estados federados. Agora ben, ao non incluír o mínimo de 35 compromisos necesarios, o COMEX non entra na valoración desas linguas neses territorios.

Alemaña é un dos poucos Estados que, de acordo co artigo 3, parágrafo 2 da Carta, introduciu modificacións nas obrigas adquiridas inicialmente. A máis recente, de 2021, implica aumentar os compromisos respecto das tres linguas protexidas en Schleswig-Holstein: o danés, o frisón setentrional e o baixo-alemán. A súa avaliación, por parte do COMEX, terá lugar no sétimo ciclo, previsto para 2022. Con este aumento, o número medio de compromisos é de 37,3 situándose na parte baixa no conxunto dos Estados (véxase Gráfico 1).

Ata 2022, houbo seis ciclos de monitorización, co sétimo previsto para ese mesmo ano. Entre o quinto (2014) e o sexto período (2018), o COMEX constata un progreso favorábel do 3 %.

No último ciclo de seguimento (2018), as linguas con mellor cumprimento satisfactorio son o baixo-alemán en Brandeburgo (83,3 %) e o danés en Schleswig-Holstein (80,8 %). O incumprimento manifesto máis elevado atinxe ao romaní en Hesse (25,5 %) e ao frisón oriental en Baixa Saxonia (18 %). Os artigos con maior cumprimento son o 7 (89,2 %) e o 14 (83,3 %). Pola súa banda, os maiores incumprimentos están no 8 (25,5 %) e o 10 (20 %).



A partir do último informe do COMEX, as recomendacións propostas polo Comité de Ministros/as e entendidas como prioritarias son as seguintes:¹⁹


1. Reforzar a oferta educativa para o baixo sorabo, o frisón setentrional, o frisón oriental, o baixo alemán e o romaní;
2. Garantir a dispoñibilidade dun número suficiente de profesores coa formación adecuada para o ensino das linguas rexionais ou minoritarias;
3. Adoptar medidas para ampliar as emisións de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias;
4. Reforzar o uso das linguas rexionais ou minoritarias nas relacións coa administración na práctica;
5. Reforzar a cooperación entre os *Länder* nos que se protexe o baixo alemán.

Armenia

A Carta entrou en vigor en Armenia en 2002 e cobre sete linguas rexionais ou minoritarias. Dúas delas protexidas só pola Parte II (alemán e ucraíno) e cinco pola Parte II e III (asirio, curdo, grego, iézidi e ruso). O número de compromisos para cada lingua é de 40, o que sitúa a este Estado por baixo da media (véxase Gráfico 1).

¹⁹ https://search.coe.int/cm/pages/result_details.aspx?objectid=0900001680920d01

Desde a súa ratificación, houbo cinco ciclos de monitorización por parte do COMEX. O sexto está previsto para 2024. Entre o cuarto (2017) e o quinto (2020), o COMEX constata un deterioro do 15 %. A razón deste empeoramento débese tanto a unha diminución do cumprimento satisfactorio como a un aumento do incumprimento manifesto.



Polo que atinxe ao último ciclo de seguimento, as linguas con mellor cumprimento satisfactorio son o ruso (71,1%) e o alemán (58,3%). O incumprimento manifesto máis obvio aparece no iézidi (44,2 %) e no asirio (42,3 %). Os artigos mellor valorados son o 12 (68 %) e o 7 (54,8 %). Os incumprimentos máis notorios están no 9 (62,5 %) e o 11 (56,7 %).

A partir do último informe do COMEX, as recomendacións propostas polo Comité de Ministros/as e entendidas como prioritarias son as seguintes:²⁰

1. Favorecer a oferta de polo menos unha parte substancial da educación infantil en asirio, grego, kurdo e iézidi;
2. Mellorar o ensino das linguas minoritarias no ensino primario e secundario ampliando o número de clases semanais, promovendo a formación do profesorado e elaborando materiais didácticos modernos;
3. Introducir a emisión dun programa de televisión pública en asirio, grego, kurdo e iézidi de forma regular e de duración suficientemente longa;

²⁰ https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectID=0900001680a0a39f

4. Tomar medidas para garantir que os falantes de asirio, grego, kurdo, ruso e iézidi poidan utilizar a súa lingua nos contactos coas autoridades administrativas e xudiciais;
5. Promover o uso ou adopción de topónimos nas linguas minorizadas nos concellos interesados;
6. Proporcionar un financiamento axeitado ás actividades culturais e ás asociacións de minorías nacionais para garantir a promoción das linguas minorizadas, incluída a educación extraescolar.

Austria


A Carta entrou en vigor en Austria en 2001. Como república federal, o principio de territorialidade é o que rexe na protección dos oito grupos lingüísticos (seis linguas) recollidos no instrumento de ratificación, cinco na Parte II e tres nas Partes II e III. O esloveno e o húngaro teñen niveis de protección diferenciados dependendo do Estado federado no que se constata a súa presenza histórica. Así, o esloveno está protexido só pola Parte II en Estiria e pola Parte II e III en Carinthia. O húngaro en Viena só está protexido pola Parte II, mentres que en Burgenland pola Parte II e III. O croata de Burgenland está protexido por ambas Partes. O número medio de compromisos é de 36 para o croata de Burgenland e para o húngaro en Burgenland e de 37 para o esloveno en Carinthia. A media é de 36,3 o que sitúa a Austria como o segundo Estado con menos compromisos (véxase Gráfico 1).

No caso das linguas unicamente protexidas pola Parte II (checo en Viena, eslovaco en Viena e romaní en Burgenland), o instrumento de ratificación fai referencia explícita a que a lexislación austríaca e a práctica administrativa de cada un dos *Länder* onde as linguas son utilizadas cumpren con algúns compromisos recollidos na Parte III. Agora ben, ao non incluír o mínimo de 35 compromisos necesarios, o COMEX non entra na valoración desas linguas pola Parte III, limitando a súa monitorización á Parte II.

No seu último informe o COMEX non incluíu unha análise do esloveno en Estiria e do húngaro en Viena, como si o fixo nos ciclos anteriores. É esperábel que no quinto ciclo, si se produza tal avaliación singularizada, particularmente porque

no Informe estatal que precede ao inicio da monitorización se fai referencia a medidas políticas e legislativas respecto desas linguas en ambos *Länder*.

Desde a súa ratificación houbo catro ciclos de seguimento dos compromisos adquiridos. O quinto está previsto para 2022. Entre o terceiro (2012) e o cuarto (2018), o COMEX constata unha mínima mellora, do 1 %. A evolución aparece recollida no gráfico seguinte. A xustificación estriba nun lixeira redución do incumprimento manifesto e unha amplitude dos compromisos cumpridos parcialmente. Porén, o cumprimento manifesto constata unha pequena diminución.



No último ciclo de seguimento, a lingua con mellor cumprimento satisfactorio é o esloveno en Carinthia (83,7 %). O incumprimento manifesto é baixo e só supera o 10% no húngaro en Burgenlad (10,4 %). Os artigos mellor valorados son o 13 e o 14, no que se acada un cumprimento satisfactorio pleno. O incumprimento manifesto máis elevado está no artigo 12 (15,3 %).

A partir do último informe do COMEX, as recomendacións propostas polo Comité de Ministros/as e entendidas como prioritarias son as seguintes:²¹

1. Adoptar unha política estruturada para a protección e promoción de todas as linguas minorizadas, especialmente en Viena, e crear condicións favorábeis para o seu uso na vida pública;

2. Incluír nos currículos xerais unha presentación adecuada da historia e da cultura que se reflicten nas linguas rexionais ou minoritarias de Austria;

²¹ https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectID=09000016807b4267

3. Adoptar medidas prácticas para o uso das linguas croata de Burgenland, húngaro e esloveno ante as autoridades xudiciais e administrativas competentes;


4. Garantir un financiamento adecuado para os xornais en croata de Burgenland, húngaro e esloveno.

Bosnia e Hercegovina

Coa Carta vixente desde 2011, Bosnia e Hercegovina converteuse no último Estado, ata agora (2023) en ratificar o tratado. As linguas cobertas son quince (nos dous primeiros informes eran dezasete, mais, desde 2022, quedaron fóra o macedonio e o montenegrino) e todas elas baixo a Parte II e a Parte III. De feito, é o Estado con máis linguas protexidas pola Parte III:

-alemán, checo, eslovaco, esloveno, húngaro, italiano, ladino, polaco, romaní, ruteno, romanés, turco, ucraíno e yiddish.

Coa excepción do romaní, con 39 compromisos, o resto das linguas están cubertas polo mínimo posíbel, isto é por 35 compromisos. O número medio é de 35,2 o máis baixo de todos os Estados nos que a Carta está vixente (véxase Gráfico 1). Desde a súa entrada en vigor, houbo tres ciclos de monitorización. As diferenzas entre eles recolléanse a seguir.



Como xa quedou explícito no segundo capítulo, Bosnia e Hercegovina é, con diferenza, o Estado no que o cumprimento da Carta está na peor das situacións. E, ademais, constátase un deterioro do 12 % entre o segundo ciclo e o terceiro, nomeadamente polo aumento considerábel do incumprimento manifesto, que

xa era moi elevado en 2016. Trátase dunha situación moi preocupante para os grupos lingüísticos que teñen unha lingua rexional ou minoritaria como idioma propio. Se atendemos ás diferenzas entre cumprimento e incumprimento por linguas, no último informe mostra un cumprimento extremadamente baixo en todas as linguas, cun lixeiro aumento no italiano, en todo caso, sen chegar ao 10%. O incumprimento manifesto supera o 80 % en todas as linguas agás no italiano. Os únicos artigos cun resultado moderado en cumprimento satisfactorio son o 7 (16,7 %) e o 11 (12,1 %). Pola súa banda, o incumprimento supera o 80 % nos artigos 9, 12, 13 e 14 e o 70 % nos artigos 8, 10 e 11.

A partir do último informe do COMEX, as recomendacións propostas polo Comité de Ministros/as e entendidas como prioritarias son as seguintes:²²

1. Aplicar a Carta independentemente dos lindes da lexislación doméstica;
2. Establecer unha política estruturada e adoptar medidas flexíbeis que faciliten a aplicación da Carta;
3. Proporcionar formas e medios axeitados para o ensino das linguas minoritarias en cooperación cos falantes;
4. Establecer un plan para financiar actividades e instalacións culturais relacionadas coas linguas minoritarias;
5. Poñer en marcha as disposicións adecuadas para que as emisoras públicas ofrezan programas nas linguas minoritarias;
6. Garantir a adopción e o uso das formas tradicionais dos nomes dos lugares nas linguas minoritarias, cando corresponda.

Chipre

Coa particularidade de ser o único Estado que non recoñece lingua ningunha na Parte III, ademais de Liechtenstein e de Luxemburgo que, como xa comentamos, non protexen lingua ningunha, Chipre ratificou a Carta en 2002. As dúas linguas cubertas pola Parte II son o armenio, como lingua non territorial,

²² <https://rm.coe.int/bosniaherzegovinaecrml3-en/1680a6e54f>

e o árabe chipriota maronita. Esta segunda foi engadida nunha declaración posterior na que se explicita, ademais, que na aldea de Kormakitis, situada nun territorio baixo ocupación turca, as autoridades chipriotas non poden exercer control efectivo ningún polo que a Carta non é de aplicación no devandito lugar. Trátase de dúas linguas en extrema situación de vulnerabilidade, con moi poucos falantes activos, como recolle o Anexo 3.

Chipre tivo xa seis ciclos de seguimento, estando previsto o octavo para 2024. Agora ben, como o artigo 7 é analizado cos estándares de cumprimento desde 2017, o gráfico recolle só os dous últimos informes. Como se ve, hai unha mellora do 4 % entre o 2016 e o 2021, ligado a un aumento dos compromisos cumpridos parcialmente.



Por linguas, o armenio ten os niveis máis elevados tanto de cumprimento satisfactorio (75 %), como de incumprimento manifesto (8,3 %). De feito, respecto ao árabe chipriota maronita as autoridades non incumpren ningún dos puntos recollidos no artigo 7.

A partir do último informe do COMEX, as recomendacións propostas polo Comité de Ministros/as e entendidas como prioritarias son as seguintes:²³

1. Reforzar e ampliar o ensino do árabe chipriota maronita;
2. Proporcionar formación docente para o armenio e para o árabe chipriota maronita;
3. Promover o estudo e a investigación sobre armenio a nivel universitario;
4. Reforzar a presenza do armenio e do árabe chipriota maronita na emisión de sinais de audio e vídeo.


²³ https://search.coe.int/cm/pages/result_details.aspx?objectid=0900001680a58f68

Croacia

A Carta está vixente en Croacia desde 1998. No instrumento de ratificación foi o único Estado que incluíu unha reserva no artigo 7, que é o único sobre o que unha Parte pode intervir. En concreto, de acordo co artigo 21, só se poden establecer reservas aos parágrafo 2 a 5, mais non ao 1. Croacia optou por non aplicar o parágrafo 5, relacionado coas linguas non territorializadas. Esta reserva estivo vixente ata 2013, ano no que as autoridades croatas manifestaron a intención de revocar a citada reserva.

Hai catro linguas protexidas só pola Parte II (alemán, esloveno, istrorromanés e romanés boyash) e sete protexidas polas Parte II e III (checo, eslovaco, húngaro, italiano, ruteno, serbio e ucraíno). O número de compromisos adquiridos é de 39, o mesmo para todas as linguas. Isto sitúa a Croacia na parte baixa entre os Estados que ratificaron a Carta. (véxase Gráfico 1).

Ata a actualidade, o Estado foi sometido a seis ciclos de seguimento, estando previsto o sétimo para 2023. Entre o quinto (2015) e o sexto (2020) non houbo avances globais, tal como recolle o gráfico.



Como se ve, en ningún destes ciclos acadouse un nivel valioso de cumprimento. Respecto ao último ciclo, a lingua con maior valoración é o italiano, mais só acada o 66,7 % de cumprimento satisfactorio. En segundo lugar está o húngaro (56,8 %). O maior incumprimento manifesto está no ucraíno (39,2 %). Os artigos 12 e 13 mostran un nivel de cumprimento pleno, mentres que no resto fica por baixo do 55 %. O incumprimento máis elevado está no artigo 10 (40 %).

A partir do último informe do COMEX, as recomendacións propostas polo Comité de Ministros/as e entendidas como prioritarias son as seguintes:²⁴

1. Continuar os esforzos para promover a concienciación e a tolerancia fronte ás linguas minorizadas e ás culturas que representan como parte integrante do patrimonio cultural de Croacia, no currículo xeral de todas as etapas educativas, nos medios de comunicación e a través do uso das linguas minoritarias e das súas escrituras na sinalización administrativa, de tráfico e patrimonial;
2. Garantir que os falantes das linguas contempladas na Parte III da Carta poidan empregar as súas linguas nas relacións coas autoridades estatais, comarcais e locais na práctica, e que estas autoridades empreguen estas linguas no marco do seu traballo;
3. Revisar o límite existente e aumentar os esforzos para introducir un uso igualitario e oficial das linguas minorizadas naquelas zonas onde haxa un número suficiente de falantes;
4. Adoptar medidas proactivas que incentiven os falantes das linguas minoritarias a facer uso da educación en linguas minoritarias;
5. Aumentar a duración da emisión e a regularidade dos programas de radio e televisión en linguas minoritarias dentro da Radio Televisión Croata HRT, asignando franxas horarias a cada lingua minoritaria.


Dinamarca

A Carta entrou en vigor en Dinamarca en 2001, coa protección unicamente do alemán (Parte II e Parte III) como lingua rexional ou minoritaria, con cinco ciclos de seguimento e o sexto previsto para 2023. O número de compromisos é de 38, situando a Dinamarca na parte baixa (véxase Gráfico 1).

Entre o cuarto e o quinto constátase unha mellora do 10 %, debido tanto ao aumento do cumprimento satisfactorio como a diminución do incumprimento

²⁴ https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectID=0900001680a0a393

manifesto e a desaparición de compromisos «sen conclusión» por parte do COMEX. Con todo, por tratarse unicamente dunha lingua, resulta abraiante que, despois de vinte anos, non se constaten avances máis sólidos na protección dunha lingua con poucos miles de falantes (Anexo 3). Se ademais, o esforzo estatal de Dinamarca é o máis baixo de entre os Estados que ratificaron a Carta, o debate ao redor do cumprimento das obrigas adquiridas acada toda a actualidade.



No último ciclo, os niveis máis altos de cumprimento satisfactorio están nos artigos 9, 10 e 14, co 100 %. O único artigo no que se manifesta un incumprimento manifesto é o 11, acadando un 57,1 %. Precisamente, sobre a obvia mellora da presenza do alemán nos medios de comunicación versa unha das dúas recomendacións propostas polo Comité de Ministros/as e entendidas como prioritarias:²⁵


1. Aumentar o nivel de emisión de radio e ofrecer emisións de televisión en alemán, en cooperación cos falantes de alemán;
2. Adoptar medidas para aumentar a conciencia e valoración do alemán como lingua minoritaria de Dinamarca en todo o país.

Eslovenia

Coa ratificación da Carta en 2001, seis linguas minoritarias resultan protexidas en Eslovenia, catro delas unicamente pola Parte II (alemán, croata, romanés e serbio) e dúas pola Parte II e Parte III (húngaro e italiano). En 2007, as

autoridades eslovenas presentaron unha declaración na que modificaban os acordos incluídos no instrumento de ratificación. En concreto, esa declaración recolle os diferentes compromisos para as dúas linguas con maior protección, o italiano e o húngaro, como acabamos de sinalar. Así, o artigo 8 aparece diferenciado para cada lingua; doutra banda, o artigo 9 elimina algúns parágrafos previamente considerados para as dúas linguas. Respecto do artigo 10, matízanse algúns parágrafos que non se recollían cando tivo lugar a ratificación. A partir destas modificacións, o número de compromisos é de 58 tanto para o húngaro como para o italiano, o que sitúa a Eslovenia na parte alta do conxunto dos Estados.

Ata 2022 houbo cinco ciclos de seguimento, agardándose o sexto para 2023. Entre os dous últimos, constátase un deterioro do 8 %, tanto por un evidente retroceso dos compromisos cumpridos como dun aumento dos incumplidos, tal como se observa no gráfico seguinte.



Respecto ao último ciclo de monitorización, a lingua con mellores resultados é o italiano, no que se aprecia un cumprimento satisfactorio do 68,8 %. A situación máis delicada está no croata e no serbio, linguas nas que, na interpretación do COMEX, ningún dos parágrafos e subparágrafos do artigo 7, que é o único que protexe estes idiomas, acada un cumprimento satisfactorio e o incumprimento total, en ambos casos, é do 58,3 %. De feito son os únicos grupos lingüísticos protexidos pola Carta nos que o artigo 7 non reflicte ningún cumprimento

²⁵ https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectId=090000168076156c

satisfactorio. Sen dúbida, isto supón unha eiva moi evidente por parte de Eslovenia. Os artigos con mellor cumprimento son o 9 e o 14 co 100 %. No conxunto das linguas, tamén é o artigo 7 o que evidencia un incumprimento manifesto máis elevado (28,2 %). Esta excepcionalidade acontece tamén en España e no Reino Unido.

A partir do último informe do COMEX, as recomendacións propostas polo Comité de Ministros/as e entendidas como prioritarias son as seguintes:²⁶

1. Recoñecer o croata, o alemán e o serbio como linguas minoritarias tradicionalmente faladas en Eslovenia e aplicar as disposicións da Parte II a estas linguas, en cooperación cos falantes;
2. Desenvolver o ensino da lingua e da cultura romaní en todos os niveis adecuados;
3. Intensificar as medidas para aumentar a conciencia pública das linguas rexionais ou minoritarias no ensino ordinario e nos medios de comunicación de masas;
4. Garantir os recursos suficientes para a oferta de programas de televisión en húngaro e italiano.

Finlandia


Entre os primeiros Estados en ratificar a Carta cómpre situar a Finlandia, na que o tratado entrou en vigor en 1998. Desde ese momento, nove linguas acadaron protección, cinco só da Parte II (careliano, romaní, ruso, tátar e yiddish) e catro da Parte II e Parte III (saami de Inari, saami de Skolt, saami do Norte e sueco). En 2009, as autoridades finesas efectuaron unha modificación da declaración recollida no instrumento de ratificación. Nela se fai referencia á protección do careliano, do romaní «e as demais linguas non-territoriais de Finlandia». O número de compromisos adquiridos é de 59 para o saami de Inari, saami de Skolt e saami do Norte e de 65 para o sueco (promedio de 60,5) o que

²⁶ https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectId=09000016809fab3b

sitúa a Finlandia no segundo posto de entre os Estados nos que a Carta está en vigor (véxase Gráfico 1).

Debemos tamén aclarar que, no caso das linguas saami, no instrumento de ratificación só se facía referencia a unha única lingua e non a tres como acontece desde o 5º Informe. Isto é, nos catro primeiros informes, as decisións avaliativas do COMEX unificaban as tres linguas saami nunha única, aínda que nos seus comentarios incluía referencia ás tres. Desde 2018, as tres linguas figuran separadas na análise do COMEX.

Finlandia tivo xa cinco ciclos de seguimento, agardándose o sexto para 2023. Como se ve no gráfico apréciase unha certa estabilidade desde os inicios do seguimento. Entre os dous últimos, a mellora é só do 1 %.



Respecto do último informe, as linguas con máis alto cumprimento satisfactorio son o tátar (92,3 %), o sueco (85,5 %) e o careliano (83,3 %). O peor balance é para o yiddish, que só acada un 50 % de cumprimento satisfactorio e un 25 % de incumprimento manifesto. O artigo 14 ten un cumprimento total e o 12 acada un 90 %. A puntuación máis baixa de cumprimento satisfactorio dáse no artigo 8 (47,5 %). Con todo, o maior incumprimento manifesto está no artigo 13 (21,7 %).

As recomendacións propostas polo Comité de Ministros/as e entendidas como prioritarias son as seguintes:²⁷

²⁷ https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectId=09000016808e35f5

1. Reforzar aínda máis a educación nas linguas saami, tamén fóra dos territorios propios, especialmente proporcionando financiamento permanente para os niños lingüísticos e a educación de adultos;
2. Adoptar máis medidas para garantir a accesibilidade á asistencia social e sanitaria en sueco e nas linguas saami;
3. Aumentar e mellorar a formación do profesorado romaní, ampliar a produción de materiais didácticos en romaní e aumentar a oferta do ensino do romaní;
4. Adoptar medidas para aumentar a conciencia e a tolerancia fronte ás linguas rexionais ou minoritarias de Finlandia.

Holanda

A Carta entrou en vigor en Holanda en 1998, sendo un dos seis Estados pioneiros na ratificación. Cinco linguas rexionais ou minoritarias están protexidas, catro só pola Parte II (baixo saxón, limburgués, romanes²⁸ e yiddish) e só o frisón está protexido polas Partes II e III. O romanes e o yiddish son linguas non territoriais. Con 48 compromisos seleccionados para o frisón, Holanda sitúase lixeiramente por riba da media dos Estados.

Desde os inicios, o COMEX elaborou seis informes de seguimento. Entre os dous últimos, confírmase unha mellora global do 6 %, especialmente relacionada coa diminución do incumprimento manifesto. Téñase en conta que, tal como recolle o gráfico, tamén se constata unha diminución do cumprimento satisfactorio e un aumento da opción «sen conclusión».


Os datos do último informe indican que as linguas con maior cumprimento son o frisón (76,7 %) e o baixo saxón (75 %). Pola contra,

²⁸ Non debe confundirse co romanés. A lingua protexida por Holanda é, en realidade, un glotónimo para a lingua da comunidade Rom. A razón de mantelo separado do máis frecuente, romaní, ten que ver con que é o nome recollido no instrumento de ratificación, mais, especialmente, porque no caso de Noruega recóllense como dous grupos lingüísticos diferenciados, romaní e romanes, que son avaliados de xeito individual polo COMEX.

as dúas linguas sen territorio evidencian datos preocupantes, pois no romanes só se cumpre satisfactoriamente o 16,7 % e no yiddish o 33,3 %. Non se constatan niveis moi elevados de incumprimento, mais si de imposibilidade de ofrecer unha conclusión. Os artigos máis solventes son o 11, o 12 e o 14, que acadan o 100 % de cumprimento satisfactorio, pero que só se aplican ao frisón, por ser a única lingua que Holanda protexe na Parte III. O peor resultado está no artigo 8, que só acada un cumprimento satisfactorio do 44,4 % e ten un 11,1 % de incumprimento manifesto.

En consonancia con eses resultados, para o Comité de Ministros/as, as recomendacións máis urxentes son:²⁹

1. Continuar reforzando o ensino do frisón e en todos os niveis educativos;
2. Adoptar unha política estruturada para a aplicación da Carta para romanes e yiddish, en cooperación cos falantes;
3. Desenvolver aínda máis o ensino do limburgés e do baixo saxón como materias escolares ordinarias e ampliar a oferta de ensino nestas linguas, incluso no nivel de educación infantil.




²⁹ https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectId=09000016809fab3c

Hungría

Desde 1998 a Carta está vixente en Hungría, ao ser un dos primeiros Estados que aceptou ratificala. Desde ese momento, catorce linguas están cubertas polo tratado, seis só pola Parte II (armenio, búlgaro, grego, polaco, ruteno e ucraíno) e oito polas Partes II e III (alemán, boyash, croata, eslovaco, esloveno, romanés, romaní e serbio). Tanto o boyash (previamente denominado Béas polas autoridades húngaras) coma o romaní –linguas non territoriais– inicialmente só estaban protexidos pola Parte II. A partir de 2008, pasaron a ser cubertos tamén polos artigos 8 a 14. Tendo en conta estas novidades, a maioría das linguas teñen 45 compromisos, agás o boyash que acada os 46 e o romaní que chega ata os 49. A media é de 45,6.

Hungría tivo xa sete ciclos de monitorización. O octavo está planificado para 2023. Entre os dous últimos maniféstase un claro deterioro (-17 %), tanto pola redución do cumprimento satisfactorio como do aumento do incumprimento manifesto. Se se observa o gráfico, é moi evidente que despois de vinte anos os avances son practicamente nulos. De feito, é un claro exemplo de que a Carta pode ser papel mollado se non se esixe a un Estado avances efectivos no cumprimento das obrigas aceptadas na ratificación do tratado.



Á vista do último informe do COMEX, a lingua con maiores cumprimentos é o búlgaro (83,3 %). Tamén son bos os indicadores do grego e do polaco, en ambos casos cun 75 % de cumprimento satisfactorio. Como quedou reflectido, trátase de tres linguas só cubertas pola Parte II. O incumprimento manifesto máis amplo ten que ver coas dúas linguas da comunidade Rom, o boyash (27,6 %) e o romaní (18 %). En canto aos artigos, o 13 (81,8 %) e o 14 (75 %) acadan niveis de cumprimento elevados. Os demais mostran relevantes necesidades de mellora, mesmo o artigo 7, cando se aplica as linguas protexidas tamén pola Parte III. Así, o artigo 9 só acada un 12,5 % de cumprimento e o artigo 8 un 27,5 %. O incumprimento manifesto máis elevado está no artigo 11 (40,3 %), mais tamén o 14 ten unha porcentaxe moderada (18,7 %).

Para o Comité de Ministros/as, as recomendacións máis urxentes, unha vez escoitado o COMEX, son:³⁰

1. Desenvolver unha política e un plan estruturados a longo prazo para a educación en todas as linguas minorizadas;
2. Incrementar aínda máis a educación bilingüe en todos os niveis co fin de pasar do modelo de ensinar só a lingua minoritaria como materia á educación bilingüe en croata, alemán, romanés, serbio, eslovaco e esloveno, e aumentar o número de profesores capaces de impartir materias nestas linguas;
3. Adoptar máis medidas decididas para mellorar a oferta educativa de boyash e Romaní en todos os niveis educativos;
4. Adoptar medidas para fomentar que os falantes de linguas minorizadas as utilicen nos seus contactos coas autoridades xudiciais e administrativas;
5. Mellorar aínda máis a oferta de programas televisivos en linguas minoritarias e desenvolver un esquema completo para a formación de xornalistas e outros medios de comunicación que utilicen as linguas minoritarias.


³⁰ https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectId=09000016809500ff

Montenegro

A Carta entrou en vigor en Montenegro en 2006, coincidindo coa súa proclamación como Estado independente. Desde ese momento, protexe catro idiomas minoritarios, o bosnio e o croata so a Parte II e o albanés e o romaní so as Partes II e III. Este último como lingua non territorial. É relevante, ademais, ter en conta que a Constitución de Montenegro non recoñece ao romaní como lingua usada no país, e, porén, as autoridades montenegrinas decidiron que fose protexida por todos os artigos das Partes II e III, excepto o 14 que non ten vixencia en ningunha das linguas de Montenegro.

Montenegro elixiu 41 compromisos para cada unha das dúas linguas protexidas pola Parte III, algo inferior ao promedio.

Desde a súa ratificación, o COMEX puxo en marcha cinco ciclos de monitorización. O sexto está previsto iniciarse en 2022. Entre os dous últimos, houbo unha mellora do 8 %, cun lixeiro descenso do incumprimento manifesto e un aumento do cumprimento satisfactorio.



Na súa última avaliación, o COMEX deixa explícito que a lingua que está nunha situación máis delicada é o romaní cun 17 % de cumprimento e un 56,6 % de incumprimento. Pola súa banda, a outra lingua cuberta pola Parte III, o albanés, é a que está nunha mellor situación, cun cumprimento do 84,9 % e un moi baixo incumprimento (1,9 %). O bosnio e o croata, sendo linguas moi próximas ao montenegrino, non deberían mostrar problemas na aplicación da Carta. Con todo, só se rexistra un 58,3 %, en ambos casos, de cumprimento satisfactorio e un 41,7 % de cumprimento parcial.

A raíz da situación exposta, o Comité de Ministros/as recolle as seguintes recomendacións como as máis urxentes:³¹

1. Desenvolver unha estratexia coherente para a protección e promoción do romaní;
2. Introducir o romaní na educación e proporcionar formación ao profesorado e material didáctico en romaní;
3. Adoptar todas as medidas necesarias para garantir o uso práctico do romaní polas autoridades xudiciais e administrativas nas zonas onde os falantes de romaní estean presentes en número suficiente;
4. Asegurarse de que o mecanismo para proporcionar financiamento estatal sostíbel aos proxectos de linguas minorizadas sexa o adecuado.

Noruega


Ao igual que outros casos xa comentados, coa ratificación da Carta por parte de Noruega en 1998, o tratado comezou a súa andaina unha vez acadado o número mínimo de cinco Estados, tal como establece o artigo 19.1. Seis son os grupos lingüísticos protexidos, tres pola Parte II (kven, romaní e romanes³²) e tres polas Partes II e III (saami de Lule, saami do Norte e saami do Sur). Como xa comentamos na terceira parte, o caso noruego é relevante para analizar a relación entre lingua e dialecto e, en consecuencia, a consideración de que é unha lingua independente, en concreto respecto ao par finés-kven e ao saami e as súas variedades. No instrumento de ratificación, só se falaba da «lingua saami».

³¹ https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectID=0900001680a0a392

³² A ratificación por parte de Noruega de dous grupos lingüísticos da comunidade Rom é un exemplo da súa diversidade interna. De feito, trátase do resultado de dous procesos migratorios diferentes, un do século XVI e outro do século XX. A distancia temporal repercutiu na distancia estrutural o que acabou provocando «mutual unintelligibility between the respective Romani varieties which is pragmatically taken into consideration by Norway's ratification of the ECRLM» (Halwachs, Klinge e Schrammel-Leber 2015: 39).

En 2021, coa declaración emitida á Secretaría Xeral do Consello de Europa, as autoridades de Noruega, recoñecen que o saami de Lule e o saami do Sur pasan a ser linguas protexidas pola Parte III, xunto co saami do Norte que era o que se entendía como «lingua saami» na ratificación. Con estes cambios, os compromisos adquiridos entre os artigos 8 a 14 para as linguas protexidas tamén pola Parte III son 46 para o saami do Norte e 43 tanto para o saami de Lule como para o saami do Sur, o que fai unha media de 44.

A suma de oito ciclos, ata o momento, fai de Noruega o Estado asinante da Carta con maior seguimento por parte do COMEX. Tal como recolle o gráfico, confírmase unha mellora do 7% entre os dous últimos ciclos. Para entender o descenso que reflicte no cumprimento satisfactorio do ano 2018, debemos ter en conta a problemática á que acabamos de referirmonos co caso do finés-kven e co saami. Mentres que en 2015, só se avaliou o saami do Norte como lingua cuberta pola Parte III, desde 2018 distinguíronse xa os tres saami con este nivel de protección. Así mesmo, ata 2015, o COMEX analizou o finés/kven como unha única lingua; en 2018, procede a diferencialas e a avalialas como linguas diferentes, seguindo indicacións das autoridades norueguesas, para, finalmente, en 2021 analizar só o kven separado do finés, que quedou fóra. O debate, con todo, permanece aberto xa que unha parte dos considerados oficialmente falantes de kven entenden o finés como a súa lingua e solicitan que sexa protexida pola Carta.



A lingua que no último informe do COMEX recibe mellor valoración é o saami do Norte, cun 91,4 % de cumprimento satisfactorio. O saami do Sur acada 66,7 % e o saami de Lule o 58,3 %. En ningunha destas tres linguas se observa ningún incumprimento. A peor situación está no romaní (16,7 %) e, particularmente, no romanes (8,3 %). En ambos casos cun incumprimento manifesto do 16,7 %. No caso do kven, unha metade dos compromisos considéranse cumpridos satisfactoriamente e outra cumpridos parcialmente. Os artigos cumpridos son o 11, o 12 e 14. O que presenta máis eivas é o 7, con só un 48,6 % cumprido de forma satisfactoria e un 5,5 % de incumprimento manifesto.

A raíz da situación exposta, o Comité de Ministros/as recolle as seguintes recomendacións como as máis urxentes:³³

1. Poñer en marcha unha política estruturada para kven/finés, dando prioridade a ofrecer educación e unha presenza máis forte nos medios de radiodifusión;
2. Protexer e promover o saami de Lule e o saami do Sur na educación e os medios de comunicación;
3. Promover servizos en todas as linguas saami en hospitais e residencias de anciáns;
4. Desenvolver unha estratexia e adoptar medidas proactivas para promover o romaní e o romanes, en cooperación cos falantes;
5. Prever o ensino e o estudo do romaní e do romanes en todos os niveis axeitados.

Polonia

Coa ratificación da Carta en 2009, catorce linguas minoritarias de Polonia quedaron cubertas polas Partes II e III (alemán, armenio, belarruso, caxubio, checo, eslovaco, hebreo, karaim, lemko, lituano, romaní, tártaro, ucraíno e yiddish). O instrumento de ratificación establece varias clasificacións. Dunha


³³ https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectId=09000016808b7d02

banda, o lemko como unha lingua rexional; doutra banda, recoñece como linguas nacionais o alemán, armenio, belarruso, checo, eslovaco, hebreo, lituano, ruso, ucraíno e yiddish. Alén diso, considera o karaim, lemko, romaní e tártaro como linguas minoritarias étnicas. Finalmente, identifica como non territoriais o armenio, hebreo, karaim, romaní e yiddish.

No seu primeiro ciclo de avaliación, o COMEX solicitou ás autoridades polacas clarificar se o hebreo tiña unha presenza tradicional en Polonia. Malia a resposta favorábel, no segundo ciclo avaliativo, o COMEX considerou que o hebreo non era unha lingua tradicionalmente utilizada, en conformidade co artigo 1 da Carta; en consecuencia, ficou fóra da avaliación. Esta é unha decisión coa que non concordan as autoridades polacas, que, no seu 3º Informe periódico (2019) deixa explícito que o hebreo si cumpre cos criterios especificados no citado artigo, por ser un idioma tradicionalmente usado pola poboación xudía. O citado Informe analiza o caso do hebreo na mesma medida có resto dos idiomas, artigo a artigo.³⁴ Isto non foi tido en conta polo COMEX no seu terceiro ciclo avaliativo (2021).

O número de compromisos é idéntico para todas as linguas, 37, un dos máis baixos de entre todos os Estados coa Carta en vixencia (véxase Gráfico 1).

A avaliación global dos tres ciclos sintetízase a seguir. Como se pode apreciar, Polonia está moi lonxe de respectar os compromisos aos que se adheriu coa ratificación da Carta, como xa quedou de manifesto no Gráfico 2. Entre os dous últimos ciclos hai un empeoramento do 6 %. O cuarto ciclo agárdase para 2022.



³⁴ <https://rm.coe.int/polandpr3-en-docx/1680981491> (páxina 21)

Respecto ao último ciclo, todas as linguas están nunha precaria situación, non acadando en ningún caso o 40 % de cumprimento satisfactorio e superando esa porcentaxe, nalgunhas linguas, o incumprimento manifesto: tártaro (53,1 %), karaim (52,1 %), romaní (50 %), checo (46 %), yiddish (44,7 %) e eslovaco (40,8 %). Se entendemos a Carta como un indicador explícito da situación social dos grupos lingüísticos, todas as linguas en Polonia están nunha situación de extrema vulnerabilidade, tendo en conta, ademais, que, agás o caxubio e o alemán, o resto teñen moi poucos falantes (véxase Anexo 2).

O único artigo que logran un 100 % de cumprimento satisfactorio é o 9. Agora ben, Polonia só seleccionou o parágrafo 2a dese artigo, cuxo cumprimento non supón grandes dificultades. Lembremos o que di: «As partes comprométense a non rexeitar a validez dos documentos xurídicos elaborados dentro do ámbito do Estado polo único feito de estaren redactados nunha lingua rexional ou minoritaria». Ademais, é o único Estado que só elixiu un compromiso, o mínimo legal, en relación ao ámbito da Xustiza. Pola súa banda, os maiores incumprimentos están nos artigos 8 (71,3 %), 11 (62,8 %) e 10 (52,4 %), o que fortalece o argumento da extrema vulnerabilidade que acabamos de sinalar.

En coherencia con todo isto, o Comité de Ministros/as recolle as seguintes recomendacións como as máis urxentes:³⁵

1. Aceirar os esforzos para promover a conciencia e a tolerancia no conxunto da sociedade polaca en relación coas linguas rexionais ou minoritarias e as culturas que representan;
2. Reconsiderar a aplicación do limiar do 20 % no que respecta aos compromisos do artigo 10 da Carta e crear a posibilidade legal de presentar solicitudes orais ou escritas en linguas rexionais ou minoritarias, tamén en distritos e voivodías;
3. Ofrecer ensino en belorruso, alemán, caxubio, lemko e ucraíno como medio de instrución nos niveis infantil, primario e secundario;

³⁵ https://search.coe.int/cm/pages/result_details.aspx?objectid=0900001680a58f6a

4. Proporcionar a formación básica e complementaria dun número suficiente de profesores para o ensino das linguas rexionais ou minoritarias, así como libros de texto e outros materiais didácticos actualizados;
5. Adoptar medidas para reforzar a oferta de radiodifusión en todas as linguas rexionais ou minoritarias;
6. Establecer, en estreita cooperación cos falantes interesados, unha política estruturada e adoptar medidas flexíbeis que faciliten a aplicación da Carta ao armenio, checo, karaim, romaní, ruso, eslovaco, tártaro e yiddish.

Reino Unido

O Reino Unido ratificou a Carta en 2001 coa protección de tres linguas na Parte II (cornuallés, scots e scots do Ulster) e tres nas Partes II e III (gaélico escocés, galés e irlandés). En 2003, a Carta estendeuse tamén a Illa de Man e o manés quedou protexido so a Parte II. Porén, en 2020, esta lingua pasou a ser tamén lingua protexida polas Partes II e III o que se verá reflectido no vindeiro informe do COMEX, previsto para 2023. En definitiva, sete linguas son protexidas pola Carta no Reino Unido.

O número de compromisos varía entre as linguas, 52 para o galés, 39 para o gaélico escocés, 37 para o manés e 36 para o irlandés, dos que 6 son competencia exclusiva do goberno de Irlanda do Norte. A media é de 41 (véxase Gráfico 1).


Desde a súa ratificación, o COMEX realizou cinco ciclos de seguimento, cuxos resultados globais aparecen recollidos no seguinte gráfico. Entre os dous últimos, confírmase un empeoramento de -9 %, tanto pola diminución dos compromisos cumpridos, como polo aumento do non incumprimento manifesto e da opción «sen conclusión».

En relación ao último ciclo, as tres linguas mellor protexidas son o galés, cun 89,1 % de cumprimento satisfactorio e sen incumprimento ningún; o manés, cun 75 % de cumprimento satisfactorio e un 8,3 % de incumprimento e o gaélico escocés cun 66,7 % de cumprimento e un 5,9 % de incumprimento. Pola contra, a situación máis vulnerábel é a do irlandés, con só un 12,5 % dos compromisos cumpridos e a do cornuallés e o scots, ambas cun 25 % de incumprimento manifesto e un reducido cumprimento.

Os artigos nos que se constata un mellor cumprimento son o 14 (100 %) e o 9 (90 %). Nos que se precisan moitas máis esforzos son o 8, con só un 32,1 % de cumprimento satisfactorio e o 11, cun 19 % de incumprimento manifesto e un cumprimento do 42,9 %.

En relación a esta situación, o Comité de Ministros/as recomenda as autoridades británicas que avancen con urxencia nas seguintes cuestións:³⁶

1. Adoptar unha lei e unha estratexia integral sobre a promoción do irlandés en Irlanda do Norte;
2. Continuar tomando medidas para reforzar a educación do gaélico escocés, especialmente mediante a formación de profesorado e a produción de materiais didácticos e de aprendizaxe;
3. Transferir as responsabilidades necesarias ao Consello do Condado de Cornwall para que poida promover eficazmente o cornuallés.



República Checa

Coa súa entrada en vigor en 2007, a Carta cobre cinco linguas na República Checa, tres pola Parte II, (alemán, croata moraviano e romaní) e dúas polas Partes II e III (eslovaco e polaco). O alcance da protección do polaco e do croata moraviano restrínxese á Rexión de Moravia-Silesia, mentres que no caso do


³⁶ https://search.coe.int/cm/pages/result_details.aspx?objectid=09000016809ee5cf

alemán e o eslovaco afecta a todo o territorio da República Checa. O romaní é lingua non territorial.

No instrumento de ratificación non se facía referencia ao croata moraviano, que foi incorporado posteriormente, no ano 2012, no segundo ciclo de seguimento por parte do COMEX. Lémbrese que os Estados non poden deixar fóra da Carta a ningunha lingua que se axuste ao establecido no artigo 1a, agás se se trata de linguas non territoriais. Por parte das autoridades checas, a aceptación do croata moraviano como lingua minoritaria produciuse en 2016.

O número de compromisos da Parte III é diferente para o polaco (44) e para o eslovaco (37), cunha media de 40.5. Isto sitúa á República Checa na parte baixa entre os Estados que ratificaron a Carta.

Dende a ratificación, completáronse catro ciclos de seguimento por parte do COMEX. O próximo está previsto para 2023. A comparativa dos dous últimos mostra un progreso favorábel do 7 %. Como se mostra a continuación, en 2019 hai melloras no cumprimento satisfactorio e no incumprimento manifesto.



Se partimos do último ciclo, a lingua que se atopa en mellor situación é o eslovaco, cun 87,5 % de cumprimento das obrigas. No caso do alemán é do 66,7 % e do polaco do 66 %. Só no romaní o cumprimento non acada o 50%. Unha vez máis, o artigo con mellor cumprimento é o 14 (100 %), seguido do 12 (90 %). O que menos se cumpre é o artigo 8 (56,2 %) cun 12,5 % de incumprimento manifesto.

Así pois, para o Comité de Ministros/as, as recomendacións máis urxentes son as seguintes:³⁷

³⁷ https://search.coe.int/cm/pages/result_details.aspx?objectid=09000016809ee5cf

1. Continuar os esforzos para promover a conciencia e a tolerancia cara a todas as linguas rexionais ou minoritarias e as culturas que representan como parte integrante do patrimonio cultural da República Checa, tanto no currículo xeral de todas as etapas educativas como na media;
2. Adoptar unha política estruturada para a protección e promoción do alemán, incluso facilitando o ensino en ou do alemán como lingua minoritaria en cooperación cos falantes de alemán, e crear condicións favorábeis para o seu uso na vida pública;
3. Protexer e promover aínda máis o romaní, incluso ampliando o ensino do romaní como lingua minoritaria en cooperación cos falantes de romaní, e crear condicións favorábeis para o seu uso na vida pública.


República Eslovaca

Desde 2002, a Carta está vixente en República Eslovaca. Coa súa ratificación, nove linguas minoritarias acadaron protección das Partes II e III (alemán, búlgaro, croata, checo, húngaro, polaco, romaní, ruteno e ucráino). Posteriormente, engadiuse o yiddish, como lingua non territorial, protexida pola Parte II e, en 2015, as autoridades eslovacas remitiron unha declaración na que recoñecían o ruso e o serbio como linguas protexidas tamén pola Parte II da Carta. Agora ben, no seu quinto Informe, o COMEX desestimou a avaliación do ruso como lingua minoritaria na República Eslovaca por falta de información. En consecuencia, queda fóra das nosas análises. Por todo o dito, estamos ante once linguas, dúas protexidas só pola Parte II (serbio e yiddish) e o resto polas Partes II e III.

Para a aplicación do artigo 10 da Carta, as autoridades matizan, no propio instrumento de ratificación, que debe haber un 20 %, como mínimo, de poboación que usa a lingua minoritaria nas municipalidades nas que se falan as linguas cubertas pola Parte III. Isto provoca moitos problemas –e controversias– na aplicación da Carta.

O número de compromisos varía entre as linguas, desde os 47 do romaní ata os 52 do húngaro. O promedio é de 49, o que sitúa á República Eslovaca na parte media na comparativa entre Estados.

Desde a súa entrada en vigor, constátanse cinco ciclos de seguimento: o sexto está previsto para 2024. A comparativa dos dous últimos mostra unha mellora do 12 %, con máis cumprimentos e menos incumprimentos. Con todo, queda tamén en evidencia que as autoridades eslovacas teñen un amplo percorrido por diante para satisfacer as obrigas adquiridas pola Carta (véxase Fiala-Butora 2018).



No último ciclo, as únicas linguas que superan o 50 % de cumprimento satisfactorio son o checo (65 %) e o húngaro (56, 2%). Nas demais, o resultado é pouco esperanzador despois de cinco ciclos. Así, o incumprimento manifesto acada o 27,7 % no caso do polaco, o 35 % no croata e o 30 % no búlgaro. Mais unha vez, o artigo con maior cumprimento é o 14 (85,7 %), que non deixa de ser o menos relevante da Carta. Séguelle o 12 cun 80,2 % de cumprimento. Na peor situación fican o artigo 8, con só o 14,8 % de cumprimento satisfactorio e o 10, con 48,9 % de incumprimento manifesto.

Para o Comité de Ministros/as, cómpre poñer en marcha as seguintes recomendacións urxentes:³⁸

1. Garantir que as linguas da Parte III se utilicen na práctica no ámbito da administración, independentemente dos limiares;
2. Reforzar os esforzos para impartir o ensino en ou de todas as linguas minorizadas en todos os niveis apropiados;

³⁸ https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectId=090000168098b4db

3. Mellorar a formación do profesorado para o ensino das linguas minoritarias;
4. Aumentar a duración e frecuencia da emisión en linguas minorizadas nos medios públicos e privados e, cando aínda así sexa necesario, facilitar a creación de xornais nestas linguas;
5. Seguir sensibilizando e promovendo a tolerancia no conxunto da sociedade eslovaca fronte ás linguas minorizadas e ás culturas que representan;

Romanía

A Carta opera en Romanía desde 2008 e cobre vinte grupos lingüísticos pertencentes a vinte minorías nacionais, de acordo coa lexislación romana. Isto convérteo no Estado con máis linguas rexionais ou minoritarias. Unha metade aparece protexida só pola Parte II e outra metade polas Partes II e III:


- Parte II: albanés, armenio, grego, italiano, macedonio, polaco, romaní, ruteno, tártaro e yiddish
- Parte II e Parte III: alemán, búlgaro, checo, croata, eslovaco, húngaro, ruso, serbio, turco e ucraíno

O número de compromisos da Parte III varía entre as linguas, desde os 46 do croata ata os 60 do húngaro. A media é de 51,2, o que sitúa a Romanía entre os cinco Estados con máis obrigas aceptadas.

De xeito semellante ao que acontece na República Eslovaca, para a aplicación da Carta, as autoridades matizan, no propio instrumento de ratificación, que debe haber un 20 %, como mínimo, de poboación que usa a lingua minoritaria nos territorios nos que ten presenza histórica. Alén diso, faise referencia a necesaria aplicación dos artigos 8, 9, 10 e 11 de acordo co establecido na lexislación doméstica, o cal constitúe unha limitación inaceptábel desde o punto de vista da propia Carta, en tanto que tratado internacional sometido á Convención de Viena.

Dende a súa ratificación, só houbo dous ciclos de seguimento. Isto se debe a que as autoridades romanesas levan desde 2016 sen emitir o obrigado informe periódico necesario para iniciar o seguimento. Iso si, desde 2019, coa reforma aprobada polo Consello de Europa, á que nos referimos na segunda parte, o COMEX pode iniciar a supervisión sen necesidade dese informe periódico. Agardamos que así sexa para non prexudicar aos grupos lingüísticos rexionais ou minoritarios de Romanía.

Constátase unha relevante mellora entre os dous ciclos que chega ao 22 %. Agora ben, o cumprimento satisfactorio no último informe non chega ao 50 %.



As diferenzas entre linguas son moi evidentes. No último ciclo, as que están nun mellor lugar de cumprimento satisfactorio son o polaco (91.7 %), o romaní (83.3 %), o grego (75 %), o italiano (75 %) e o macedonio (75 %). Todas elas linguas só cubertas pola Parte II. As linguas que requiren máis esforzos urxentes son o turco e o ucraíno, ambas con só o 37,1 % de cumprimento satisfactorio, seguidas do checo e o búlgaro cun 37,7 % e un 38,1 % de cumprimento satisfactorio respectivamente. O artigo con máis logros é o 7, acadando un 68,7 % de cumprimento. Pola contra, o peor é o 10 (12,5 %), precisamente polo limiar do 20 % ao que nos referimos con anterioridade.

En palabras do Comité de Ministros/as, estas son as recomendacións que deben pór en marcha as autoridades romanesas:³⁹

1. Reconsiderar os limiares de uso oficial das linguas minorizadas na administración;

³⁹ https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectId=090000168098b4db

2. Proporcionar a formación básica e continua dun número suficiente de profesores para executar plenamente os compromisos no ámbito da educación no que se refire ás linguas búlgara, checa, croata, alemán, húngaro, romaní, ruso, serbio, eslovaco, turco e ucraíno. ;
3. Desenvolver modelos educativos completos para o ensino en ou do tártaro e o turco, en cooperación con representantes das linguas minoritarias falantes;
4. Continuar desenvolvendo unha oferta integral de ensino en ou do romaní, tendo en conta as necesidades e desexos dos falantes de romaní.

Serbia

Coa súa ratificación en 2006, a Carta protexe quince linguas en Serbia, cinco unicamente coa Parte II e dez coas Partes II e III:


- Parte II: alemán, bunjevaca, checo, macedonio e vlach.
- Parte II e Parte III: albanés, bosnio, búlgaro, croata, eslovaco, húngaro, romaní, romanés, ruteno e ucraíno.

Os 39 compromisos son idénticos para todas as linguas cubertas pola Parte III. Isto sitúa a Serbia por debaixo do promedio na comparativa co resto dos Estados.

Dende que a Carta está en vigor, houbo catro ciclos de seguimento. O quinto está pendente do COMEX, na medida en que o goberno serbio remitiu o seu informe periódico en 2020, dentro do prazo agardado. Se comparamos os dous últimos, identifícase un significativo deterioro (-14 %), repercutido nun relevante descenso do cumprimento satisfactorio, que se queda no 38,9 % e nun lixeiro aumento do incumprimento manifesto (23,9 %).

As linguas mellor amparadas segundo o cuarto informe son o eslovaco, que é a única que chega ao 50 % de cumprimento satisfactorio, o húngaro (48 %) e o albanés (46 %). A situación máis comprometida está no ucraíno e no romaní, cun 62 % e un 58 % de incumprimento manifesto respectivamente. Son datos moi alarmantes. O artigo 13 é o único que ten un 100 % de cumprimento. Isto se debe,

fundamentalmente, a que Serbia só comprometeu o parágrafo 1c, referido á oposición «ás prácticas encamiñadas a desalentar o emprego de linguas rexionais ou minoritarias dentro das actividades económicas e sociais», o que, claramente, supón unha obriga feble. O artigo con menor cumprimento satisfactorio é o 9 (1,7 %), aínda que se dan as condicións formais para avanzar no ámbito da Xustiza. Tampouco o artigo 10 chega ao 25 % de cumprimento satisfactorio.



A este respecto, o Comité de Ministros/as solicita a Serbia que poña en marcha medidas urxentes encamiñadas a:⁴⁰


1. Poñer a disposición un ensino adecuado de romaní e ucraíno na educación infantil, primaria e secundaria e ampliar o ensino e estudo existentes en/de alemán, checo e outras linguas amparadas só pola Parte II da Carta;
2. Facilitar a emisión de programas de radio e televisión públicos e privados nas linguas minorizadas para acadar un tempo total de emisión adecuado para cada lingua;
3. Reforzar o uso de todas as linguas rexionais ou minoritarias no poder xudicial e na administración;
4. Reforzar a capacidade dos consellos nacionais das minorías nacionais para promover eficazmente as linguas rexionais ou minoritarias na vida pública;
5. Promover a conciencia e a tolerancia na sociedade serbia en xeral respecto das linguas e culturas minoritarias como parte integrante do patrimonio de Serbia.

⁴⁰ https://search.coe.int/cm/pages/result_details.aspx?objectid=090000168093d04d

Suecia

Desde o ano 2000, a Carta está vixente en Suecia e cobre cinco linguas, dúas protexidas pola Parte II (romaní chib e yiddish) e tres polas Partes II e III (finés, meänkieli e saami). O romaní chib e o yiddish considéranse linguas non territoriais. O finés e o saami están cubertos por 45 compromisos, mentres que o meänkieli se queda en 42. O promedio é de 44, o que sitúa a Suecia na parte media (véxase Gráfico 1).

Constátanse sete ciclos de monitorización e o octavo está previsto para 2022. A comparativa dos dous últimos reflicte un claro empeoramento da situación global (-18 %). O gráfico seguinte permite corroborar un descenso sensíbel no cumprimento satisfactorio e un lixeiro aumento do incumprimento manifesto. Polo tanto, a perda de cumprimento repercute, máis ben, no aumento da opción «sen conclusión», o que, tal como indicamos no inicio deste capítulo, supón tamén un deterioro na avaliación que realiza o COMEX. Obsérvase, ademais, que este descenso rompe cunha escala progresiva de mellora desde o primeiro ciclo de seguimento.



Respecto ao último informe, a lingua con máis cumprimento satisfactorio é o saami (49,1 %), seguido do finés (45,6 %). A porcentaxe redúcese significativamente no meänkieli (25,9 %) e no romaní e no yiddish, ambos cun 16,7 %. Con todo, non se constatan valores elevados de incumprimento manifesto agás no yiddish que acada un 33,3 %. Os artigos mellor cumprimentados son o 13 e o 14, cun 100 %. No primeiro dos casos só cobre un parágrafo (1a). Tamén o artigo 12

mostra un alto cumprimento satisfactorio (87 %). Os valores máis baixos están no artigo 9 (10 %) e no artigo 8 (13, 3 %), neste último caso, ademais, cun 20 % de incumprimento. Respecto ao artigo 7, cun cumprimento satisfactorio de só o 26,7 %, Suecia ten a porcentaxe máis baixa de todos os Estados.

Para o Comité de Ministro/as, as recomendacións máis urxentes, unha vez escoitado o COMEX, son:⁴¹

1. Adoptar medidas para incluír a lingua como motivo de discriminación na Lei de discriminación;
2. Fortalecer a educación de ou en todas as linguas minorizadas adoptando un enfoque integral e estruturado baseado nas necesidades dos falantes e segundo a situación de cada unha das linguas minorizadas;
3. Garantir que o ensino da «lingua materna» cumpra os requisitos da Carta e ofrezca unha ensinanza lingüística adecuada, que permita aos alumnos acadar unha alfabetización madura nas linguas en cuestión;
4. Aumentar a cantidade de educación bilingüe dispoñíbel en finés e saami, e establecer unha educación bilingüe en meänkieli;
5. Desenvolver un sistema de formación do profesorado en función das necesidades dos falantes e da situación de cada unha das linguas minorizadas;
6. Ampliar a práctica dos centros de lingua saami e establecer centros lingüísticos similares para todas as linguas rexionais ou minoritarias.

Suíza

A Carta está vixente en Suíza desde 1998. O instrumento de ratificación fai referencia ás dúas linguas protexidas polas Partes II e III, o italiano e o romanche. Como estamos ante un Estado federal, con cantóns claramente independentes, o principio de territorialidade impera no que atinxe á protección e promoción das linguas minoritarias. Así, o italiano

⁴¹ https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectID=0900001680a0a395

está protexido nos cantóns de Tesino e Grisóns e o romanche en Grisóns. Alén destes tres grupos lingüísticos, no seu último informe o COMEX avaliou tamén as seguintes como linguas protexidas só pola Parte II: o francés en Friburgo e o alemán nos cantóns de Berna, Friburgo, Xura, Neuchâtel, Tesino, Valais e Vaud, pero non como sete grupos lingüísticos diferentes senón no seu conxunto. Finalmente, no octavo informe periódico emitido polas autoridades suízas (2021), e aínda pendente de avaliar polo COMEX, inclúense como linguas cubertas pola Parte II o francoprovenzal (Cantóns de Friburgo, Xura, Valais e Vaud), o franco-comtés (Cantón de Xura) e o ieniche (non territorial), dando resposta a unha interpelación ao respecto por parte do COMEX no seu sétimo informe de seguimento. Nesa mesma resposta, negouse a protección do romaní porque as autoridades suízas non a consideran unha lingua tradicionalmente usada no Estado. En definitiva, a Carta protexe en Suíza cinco grupos lingüísticos na Parte II e tres nas Partes II e III.


O número de compromisos adquiridos é de 54 no italiano tanto no cantón de Tesino, coma no cantón dos Grisóns e de 49 no romanche, o que fai unha media de 52,3, situando a Suíza na parte alta na comparativa de todos os Estados.

Suíza pasou sete ciclos de monitorización; o octavo está previsto para 2022. Se observamos a diferenza entre os dous últimos, a mellora é mínima (1 %), mais iso se explica porque estamos ante os Estado cunha mellor taxa de cumprimento de todos os que ratificaron a Carta. Certo é que as linguas protexidas polos artigos 7 a 14, isto é o romanche e o italiano, son linguas oficiais nos seus respectivos cantóns e contan cunha lexislación doméstica que contribúe a súa protección, aínda que sexan minoritarias no conxunto do Estado.

Con todo, o gráfico pon en evidencia un lixeiro descenso do cumprimento satisfactorio entre o sexto e o sétimo ciclo de seguimento, mais xa non hai compromisos «sen conclusión».

As linguas con máis protección son, precisamente polo que acabamos de sinalar, as que mostran os índices de cumprimento satisfactorio máis elevado no último ciclo. No caso do romanche e do italiano en Tesino cun cumprimento pleno e no caso do italiano no Catón dos Grisóns cun 96,7 %. Pola súa parte,

o alemán (Berna, Friburgo, Xura, Neuchâtel, Tesino, Valais e Vaud), cun 41,7 % e o francés (Friburgo) cun 58,3 % de cumprimento satisfactorio teñan aínda avances notábeis que acadar. Certamente, Suíza é o único Estado no que non se constata incumprimento manifesto ningún, como recolle o gráfico 1. Os artigos 8, 9, 11, 12 e 14 acadan o 100 % no cumprimento manifesto, porcentaxe á que está moi cerca o 10 (97,7 %). Quedan cousas por facer no 7, cun 80 % cumprido e no 13, cun 83,3 %.



Para o Comité de Ministros/as, parte das recomendacións refírense ás novas linguas que, como xa dixemos, xa están aceptadas polas autoridades suízas, mais tamén ao romaní, que segue sen considerarse lingua historicamente documentada en Suíza:⁴²

1. Adoptar a lexislación cantonal e/ou local sobre o uso público do francés e do alemán nos concellos nos que sexan linguas minoritarias;
2. Seguir promovendo o uso do italiano na administración cantonal e no sector público baixo control cantonal no cantón dos Grisóns;
3. Aclarar se o francoprovenzal e o franco-comtês poden ser considerados linguas por dereito propio, con dereito a protección segundo o artigo 7, parágrafos 1 a 4;

⁴² https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectId=0900001680993e62

4. Reconsiderar a posición oficial respecto do romaní como lingua non territorial segundo a Carta, en cooperación cos falantes.

Ucráína

Desde 2006, a Carta está vixente en Ucraína. No instrumento de ratificación recóllense trece linguas, todas elas protexidas polas Partes II e III:

- alemán, belaruso, búlgaro, eslovaco, gagauz, grego, húngaro, moldavo, polaco, romanés, ruso, tártaro de Crimea e yiddish


No seu primeiro informe de seguimento (2008), o COMEX interpela ás autoridades ucráínas para confirmar a situación doutras linguas que poderían ser cubertas pola Carta. A partir do segundo informe (2012), outras catro linguas son protexidas só pola Parte II: karaim, krimchak, romaní e ruteno. En consecuencia, a Carta cobre dezasete linguas.

En Ucraína a ratificación da Carta estivo precedida dunha intensa propaganda contraria a tal efecto, persistente aínda hoxe. Nese contexto e como consecuencia do conflito entre a Rusia e Ucraína iniciado en 2014, o COMEX tivo que suspender a monitorización da aplicación da Carta respecto do alemán, búlgaro, grego, karaim, krimchak e tártaro de Crimea, todas elas linguas faladas no territorio adherido a Rusia. Algo semellante aconteceu coas linguas minoritarias usadas en parte da rexión de Donbas. Mais non é só unha cuestión dun conflito, que se fortaleceu nos inicios de 2022, senón que, no caso concreto de Ucraína, a presión internacional para promover o cumprimento dos dereitos humanos é baixa ou máis ben pasiva (Kontra 2021). De feito, desde 2014 adoptouse unha lexislación explicitamente restritiva cos dereitos lingüísticos das minorías, incluído o fundamental ámbito educativo (Cserniczkó e Márku 2020; Mitsik 2021).

Para cada unha das linguas protexidas pola Parte III, Ucraína acepta 42 compromisos, coa intensidade máis baixa de entre todos os Estados (véxase a Táboa 2 na cuarta parte).

Ata o momento actual, houbo tres ciclos de seguimento e malia que as autoridades ucráínas enviaron o seu cuarto informe periódico en 2019, por mor do conflito sinalado, non houbo avance ningún por parte do COMEX. As circunstancias actuais (2022) fan altamente improbable que haxa un novo seguimento a curto e medio prazo.

A comparativa entre os dous últimos ciclos recolle unha mellora do 4 %, tanto polo aumento do cumprimento satisfactorio como pola diminución do incumprimento manifesto. Como se aprecia no gráfico, estamos ante un dos Estados nos que os indicadores de cumprimento son máis baixos.



No último ciclo, a única lingua sobre a que o COMEX considera que se cumpre satisfactoriamente a maioría dos compromisos é o ruso, cun 77,8 %. Ningunha das outras linguas acada o 50 % e a maioría están por baixo do 30 %. O incumprimento manifesto máis alto é o do yiddish (68,5 %), seguido do belaruso (63 %) e do ruteno (58,3 %). Por artigos, só o 14 conta cun aceptábel cumprimento satisfactorio (69,2 %), mentres que o 10 ten un 80,2 % e o 11 un 57,7 % de incumprimento manifesto respectivamente. Pola relevancia que ten, cómpre indicar que os resultados do artigo 7 son moi mellorábeis, xa que o cumprimento manifesto só acada o 28,9 %.

Para o Comité de Ministros/as, as principais urxencias son⁴³:

1. Adoptar, para cada lingua, un enfoque estruturado para a execución dos compromisos derivados da Carta, en cooperación cos respectivos falantes;

2. Desenvolver e aplicar, para cada lingua da Parte III, unha política integral de ensino en/destas linguas en todos os niveis educativos;
3. Ampliar e reforzar a oferta de emisións de radio e televisión nas linguas da Parte III;
4. Garantir que as linguas da Parte III poidan utilizarse na práctica no ámbito da administración;
5. Promover a adopción e uso de formas tradicionais e correctas de topónimos nas linguas minorizadas;
6. Consegur apoio financeiro a longo prazo para as instalacións culturais co fin de proporcionar estabilidade ás actividades culturais en linguas minorizadas;
7. Tomar medidas decididas para promover o romaní co fin de salvagardalo.

⁴³ https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?objectid=09000016809026af



Sexta parte

A CARTA E AS LINGUAS MINORADAS

NO ESTADO ESPAÑOL

As autoridades españolas asinaron a Carta en 1992, que entrou en vigor o 1 de agosto de 2001. Leva, logo, algo máis de dúas décadas protexendo a diversidade lingüística historicamente presente. Como xa vimos na cuarta parte, esta protección é desigual entre dous grupos de linguas. Dunha banda, as protexidas só pola Parte II e doutra aquelas protexidas pola Parte II e pola Parte III. Como veremos a seguir, máis aló do nivel de protección, as diferenzas entre linguas son tamén evidentes en cada un deses dous grupos.

Como recolle a Táboa 1, a Carta aplícase a 17 grupos lingüísticos tradicionalmente localizados no Estado español, detallados na Parte Cuarta. Agora ben, se obviamos as diferenzas dialectais (e os autoglotónimos), de acordo coa organización do capítulo 2 do 5º Informe do COMEX sobre España⁴⁴, estamos ante 9 linguas: amazige (Ciudad Autónoma de Melilla), aragonés (Aragón), occitano/aranés (Cataluña), asturiano (Principado de Asturias), catalán (Aragón, Cataluña, Illas Baleares e Comunitat de Valencia), éuscaro (Navarra e País Vasco), galego (Principado de Asturias, Castelá e León, Galicia e Estremadura), leonés (Castela e León), e portugués (Estremadura).

Alén destas linguas, que son avaliadas con detalle polo COMEX, no devandito informe solicitouse ás autoridades españolas que claresen a situación do árabe/dariya na Cidade Autónoma de Ceuta, do caló como lingua non territorial, do extremeño en Estremadura e do portugués en Castela e León. Dita aclaración foi, ademais, incluída como unha das cinco recomendacións prioritarias do Comité de Ministros/as que, a diferenza do COMEX, ten un obvio carácter político. A resposta estatal está recollida no Informe sobre as Recomendacións de Acción Inmediata⁴⁵, sometido ao Consello de Europa en febreiro de 2021. En concreto, indícase o seguinte:

- a) Árabe/dariya: recoñécese que é unha lingua minoritaria falada, aínda que non se recolla na lexislación (páx. 2).
- b) Caló: ao ser unha lingua non territorial «does not fall under the commitments ratified by Spain in relation to the Charter and thus falls outside

⁴⁴ https://search.coe.int/cm/Pages/result_details.aspx?ObjectId=090000168096fa01

⁴⁵ <https://rm.coe.int/spainiria5-en-pdf/1680a15366>

the scope of application of the Charter» (páx. 18), o cal choca co artigo 7.5 da Carta que establece que os principio recollidos na Parte II deben ser aplicados, de xeito flexíbel, ás linguas sen territorio «tendo en conta as necesidades e os desexos, e respectando as tradicións e características dos grupos que falan as linguas de que se trate».

- c) Estremeño: os servizos técnicos do goberno de Extremadura están estudando unha proposta documental remitida polo *Órgano de las lenguas de Extremadura* (OSCEC) que avala a reivindicación do estremeño como lingua merecedora de ser declarada Ben de Interés Cultural (páx. 18).
 d) Portugués: dáse conta da súa presenza en Castela e León, e recóllense diversas actividades realizadas desde 2017 para a súa promoción (páx. 19).


Xa que logo, o desexábel é que tres destas linguas, á espera da decisión sobre o estremeño, resulten avaliadas no novo ciclo de monitorización, previsto para o ano 2023.

España é o Estado con máis compromisos adquiridos na ratificación da Carta. Para cada unha das linguas cubertas pola Parte III elixíronse os mesmos 68 compromisos.

Desde a súa entrada en vigor ata 2022, houbo cinco ciclos de seguimento sobre a situación das linguas minoritarias protexidas pola Carta no Estado español. Téñase en conta que, de acordo co artigo 15.1 da Carta, cada Estado debe presentar un informe sobre as políticas e as medidas seguidas respecto dos compromisos adquiridos cada tres anos, agás o primeiro que debe enviarse un ano despois da entrada en vigor. Desde 2019, este período pasou a intervalos quinquenais coa reforma aprobada en novembro de 2018, que procurou reforzar o mecanismo de seguimento da Carta (véxase nota ao pé número 7).

Un primeiro balance do cumprimento da Carta, cos datos globais, recollido no seguinte gráfico, mostra unha evolución favorábel manifesta desde o primeiro ao último informe. No primeiro, como adoita ocorrer coa maioría dos Estados, o COMEX non puido tomar conclusións explícitas sobre o cumprimento de aproximadamente a metade das obrigas adquiridas. Agora ben, dito isto, a comparativa dos dous últimos ciclos de seguimento, deixa en evidencia unha

parálise na esperábel mellora da protección das linguas minoritarias. De feito, se observamos o valor «Non cumprido» hai un aumento entre 2016 e 2019. Isto está relacionado coa incorporación, nas conclusións do COMEX, das linguas só protexidas pola Parte II que, como xa comentamos, entran por vez primeira no informe de 2019 e son as linguas con protección máis laxa. Porén, tamén ten que ver a reducida mellora nas linguas oficiais.



As melloras máis substanciais entre os dous últimos ciclos atopámolas nos artigos 11 (Medios de comunicación) e 12 (Actividades e servizos culturais), cun 17 % e cun 11 % máis de cumprimento satisfactorio respectivamente. Onde menos avance se constata é no artigo 8 (Educación), cun 1 % de mellora total, explicábel polo aumento do incumprimento manifesto, que se incrementa do 12,8 % (2016) ao 18,6 % (2019).

Centrándonos no último informe (2019), a comparativa por artigos, sen establecermos diferenzas entre linguas, pon de manifesto que nos que se constata maior cumprimento satisfactorio son o 14 (92,8 %), relacionado cos intercambios transfronteirizos, tanto entre Estados coma entre Comunidades Autónomas nas que se falen variedades da mesma lingua, e o 12 (91,4 %), que atinxe ás actividades e os servizos culturais. Pola súa banda, o artigo con maiores déficits é o 7 (59,8 %) que, pola súa aplicación a todas as linguas e por acubillar os obxectivos e os principios fundamentais que dan significado á Carta, constitúe un desafío de prioridade absoluta para que un Estado se identifique como exemplo de recoñecemento e respecto das minorías lingüísticas que nel habitan (Ramallo 2018).

Polo que se refire aos artigos cubertos pola Parte III (8 a 14), os dous que presentan un cumprimento satisfactorio máis baixo son o 9 (Xustiza) e o 10 (Autoridades administrativas e servizos públicos). Son aqueles nos que se confirma máis claramente a responsabilidade da administración xeral do Estado, por tratarse, en parte, de competencias non transferidas. No que atinxe ao artigo 9, estamos ante unha demanda permanente non só por parte do COMEX senón tamén do Comité de Ministros/as, que entre as recomendacións prioritarias para cumprir cos compromisos adquiridos –cinco ou seis, dependendo do ciclo–, sempre fai explícita referencia a ambos os artigos. No ano 2019 pídese que as autoridades españolas:⁴⁶

1. Emenden a Lei Orgánica do Poder Xudicial, para garantir a utilización das linguas cooficiais nos procedementos xudiciais a solicitude dunha das partes;
2. Melloren a utilización das linguas cooficiais na administración do Estado nas Comunidades Autónomas.

A pesares de seren ambas recomendacións reiteradas ciclo a ciclo, o Estado español pásaa por alto, nomeadamente a relacionada co artigo 9. De feito, ante a falta de cumprimento do artigo 9, as autoridades españolas manifestan sempre que o artigo 231 da Lei Orgánica do Poder Xudicial (LOPX) cumpre coa Carta e, polo tanto, non hai necesidade de cambio algún. Isto non é entendido así polo COMEX, especialmente porque hai unha diferenza substancial entre o artigo 231 da LOPX e o que o Estado español seleccionou respecto do artigo 9 ao ratificar o tratado. Mentres que o artigo 231.2 da LOPX establece que (cursiva nosa):

Os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e demais funcionarios de Xulgados e Tribunais poderán usar tamén a lingua oficial propia da Comunidade Autónoma, *se ningunha das partes se opoñer*, alegando descoñecemento dela que puider producir indefensión.

⁴⁶ <https://rm.coe.int/spaincmrec5-es/1680a0bb0d>


o artigo 9 da Carta explicita que, nos procedementos penais, civís e administrativos, os Estados se comprometen a (cursiva nosa):

asegurar que os órganos xurisdicionais, *por solicitude dunha das partes*, leven o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias.

A diferenza entre «por solicitude dunha das partes» (Carta) e «se ningunha das partes se opuxer» (LOPX) é fundamental e, de acordo co artigo 27 da Convención de Viena sobre o Dereito dos Tratados: «Unha Parte non poderá invocar as disposicións do seu dereito interno como xustificación do incumprimento dun tratado». Dito con outras palabras, as obrigas adquiridas coa ratificación da Carta supoñen para o Estado español a imposibilidade de minimizar a súa responsabilidade alegando á situación legal interna (Schmalenbach 2012: 454). En definitiva, debemos lembrar que, en consonancia co parágrafo 53 do Informe Explicativo da Carta (relacionado co artigo 4), se a lexislación doméstica é máis restritiva que o que di a Carta, isto non debe ser un óbice para a súa aplicación.

A análise pormenorizada de cada un dos dous grupos de linguas que sinalamos ao inicio desta parte mostra diferenzas relevantes. O Gráfico 11 mostra a comparativa entre as linguas con protección máis debilitada (só artigo 7). A situación máis favorábel é a do catalán en Aragón con case o 92 % de cumprimento satisfactorio. No resto das linguas hai necesidade de mellora, tanto para acadar porcentaxes máis elevadas no cumprimento satisfactorio coma, sobre todo, para diminuír e facer desaparecer o incumprimento manifesto. De feito, resulta alarmante que este último sexa moito máis elevado có cumprimento satisfactorio no portugués e na fala/galego en Estremadura, no galego e no leonés en Castela e León e no valenciano/catalán en Murcia, o que sitúa estes idiomas nunha situación de desamparo e de vulnerabilidade extrema, sendo «minoritarias dentro de la minorización» (López Susín 2021), mesmo cando a vitalidade actual sexa favorábel, coma é o caso da fala (Manso Flores e Flores Pérez 2019).

Gráfico II. Cumprimento satisfactorio e incumprimento manifesto nas linguas protexidas só pola Parte II no Estado español (5º Informe).



Hai incumprimentos moi notorios que teñen consecuencias determinantes na protección destas linguas só protexidas pola Parte II. É o que acontece co valenciano/catalán en Murcia que non supera, nin sequera, o principio prioritario recollido no artigo 7.1a, centrado na necesidade de establecer políticas de «recoñecemento das linguas rexionais ou minoritarias como expresión da riqueza cultural». Trátase da única lingua avaliada polo COMEX no Estado español que non cumpre co artigo sinalado. Só outras tres linguas carecen dese recoñecemento entre todas as cubertas pola Carta: alemán, croata e serbio en Eslovenia.

Un incumprimento manifesto que se repite en boa parte das linguas é o artigo 7.1c, que procura «a necesidade dunha acción resolta de fomento das linguas rexionais ou minoritarias, co fin de as salvagardar». Isto, tal como recolle o informe explicativo da Carta⁴⁷, no seu parágrafo 61, supón medidas firmes por parte dos Estados para asegurar a supervivencia das linguas. Non basta,

⁴⁷ <https://rm.coe.int/CoERMPublicCommonSearchServices/DisplayDCTMContent?documentId=09000016806d35eb>

como comentamos na introdución a esta publicación, co recoñecemento, imprescindible, pero non suficiente. É precisa unha urxente redistribución dos recursos na protección e promoción da fala/galego e do portugués en Estremadura, do galego e do leonés en Castela e León e do valenciano/catalán en Murcia; tamén no amazige en Melilla e no galego-asturiano en Asturias, cuxo cumprimento deste compromiso é só parcial.

En consecuencia, para garantir o futuro a curto prazo destas linguas e, por suposto, para cumprir cos compromisos adquiridos na ratificación da Carta, faise necesaria unha urxente política lingüística, ben deseñada, planificada e dotada dos recursos económicos, materiais e humanos necesarios, que complementen as políticas sustentadas no recoñecemento formal das linguas minoritarias como unha expresión da riqueza cultural dun determinado territorio. Estes son os principios que rexen a Carta, recollidos no propio artigo 7.


As linguas cubertas polas Partes II e III son, como xa comentamos, as que acadan rango de oficialidade nos Estatutos de Autonomía dos territorios nos que se falan; isto é, o catalán en Cataluña e Illas Baleares, o valenciano/catalán en Valencia, o éuscaro en Navarra e no País Vasco, o galego en Galicia e o occitano/aranés en Cataluña. Malia seren todas linguas cun bo nivel de protección doméstica estatutaria e cunha considerábel lexislación específica, o certo é que todas elas están nunha situación delicada, con perda de falantes tradicionais, moi notoria nalgúns casos, e nas que o proceso histórico de substitución lingüística continúa sen tocar fondo. En consecuencia, debemos entender a Carta como un mecanismo de protección fundamental tamén para os idiomas oficiais «diferentes da lingua oficial do Estado» (artigo 1 da Carta).

A seguir, presentamos un resumo da valoración do COMEX incluída no 5º Informe para cada unha das linguas protexidas polas Partes II e III nos seus respectivos territorios.⁴⁸ En termos globais, as linguas que se atopan en mellor situación son o éuscaro en País Vasco e o catalán en Cataluña (Gráfico 12). Na

⁴⁸ Para unha análise máis detallada das linguas cubertas pola Parte III, véxase Baztarrika Galparsoro (2018), Castellà Surribas (2018), Nogueira López (2018), Ramallo (2018).

parte baixa atópanse o galego en Galicia e, en especial o occitano/aranés, que apenas supera o 50 % de cumprimento satisfactorio. As dúas linguas cunha porcentaxe maior de incumprimento manifesto son o valenciano/catalán en Valencia e o galego en Galicia.

Gráfico 12. Cumprimento satisfactorio e incumprimento manifesto nas linguas protexidas polas Partes II e III no Estado español (5º Informe)



Artigo 7 (Principio e obxectivos)

Respecto do artigo 7, agás o occitano/aranés, o resto das linguas acada a mesma porcentaxe de cumprimento satisfactorio: 91,7 %, sen constancia de incumprimento manifesto ningún. Dos doce parágrafos ou subparágrafos do artigo 7, só o 7.1d aparece como «cumprindo parcialmente» en catalán, galego, éuscaro e valenciano/catalán nos diferentes territorios nos que se falan estas linguas. O devandito artigo establece que

7.1 En materia de linguas rexionais ou minoritarias, nos territorios en que se falen as citadas linguas e segundo a situación de cada unha delas, as partes basearán a

súa política, a súa lexislación e a súa práctica nos obxectivos e principios seguintes:
[...] d) a facilitación e/ou o fomento do emprego oral e escrito das linguas rexionais ou minoritarias na vida pública e na vida privada.

Unha lectura atenta dese artigo 7.1d permite concluír que estamos ante unha xeneralidade que sitúa un precedente moi relacionado cos artigos 8 a 13 da Carta. A expresión «vida pública» forma parte tamén no título da Parte III:

Medidas que, para fomentar o emprego das linguas rexionais ou minoritarias na vida pública, se deberán adoptar de conformidade cos compromisos contraídos en virtude do parágrafo 2 do artigo 2.

Trátase, xa que logo, dun artigo chave, que adoita reflectir unha estreita consistencia coa valoración que o COMEX fai da Parte III. É dicir, ao igual que no Estado español ningunha lingua cumpre satisfactoriamente co compromiso recollido en 7.1d, na maioría das linguas protexidas pola Carta acontece o mesmo. Algunhas excepcións son o polaco e o eslovaco na República Checa, o tártaro e as linguas saami en Finlandia, o búlgaro e o grego en Hungría, o gaélico escocés e o galés no Reino Unido ou o italiano e o romanche en Suíza.

Artigo 8 (Educación)


O Estado español optou por compromisos que supoñen promover a opción de programas de inmersión lingüística en todas as linguas protexidas pola Parte III. Non é suficiente cun 50 %, se entendemos que iso é o que significa «unha parte substancial do ensino». Lembremos que para o ensino infantil (8.1a), primario (8.1b), secundario (8.1c) e técnico e profesional (8.1d), hai catro opcións excluíntes entre as que elixir:

- i) Ensino garantido na lingua minoritaria
- ii) Parte substancial do ensino na lingua minoritaria

- iii) Lingua minoritaria como lingua curricular
- iv) Ensino na lingua minoritaria só para o alumnado ou as familias que o desexen

Como xa comentamos, España elixiu (i) para todas as linguas e para todos os niveis educativos. A vista desta elección, as conclusións do COMEX no seu último informe aparecen recollidas no Gráfico 13.

Gráfico 13. Cumprimento satisfactorio e incumprimento manifesto do artigo 8 nas linguas minoritarias do Estado español (5º Informe).



O cumprimento é plenamente satisfactorio no éuscaro, tanto en Navarra coma no País Vasco e co catalán en Cataluña. No caso do catalán nas Illas Baleares hai avances significativos entre os dous último informes (un 40 % de mellora), mais aínda se rexistra algún incumprimento manifesto, en concreto na formación profesional. Os incumprimentos máis flagrantes atópanse no galego, no valenciano/catalán e no occitano/aranés. No caso galego e valenciano/catalán, o COMEX atribúe eses incumprimentos ás limitacións derivadas da lexislación autonómica. Tal é así, que, alén do COMEX, o Comité de Ministros/as,

na terceira das súas recomendacións de 2019, solicita que se supriman as limitacións do ensino en galego en Galicia e en valenciano/catalán en Valencia. En Galicia isto é reiterativo respecto ao informe precedente. Non é así no caso de Valencia, polo que se detecta un empeoramento da situación do valenciano/catalán na Educación nun 40 %. En canto ao occitano/aranés, o COMEX conclúe que no ensino primario o compromiso adquirido cúmprese; non así en infantil, secundaria e formación profesional.

Artigo 9 (Xustiza)

O artigo 9 abrangue na súa maior parte, competencias estatais, polo que as conclusións do COMEX son idénticas para todas as linguas, agás para o occitano/aranés. Neste caso, ao igual que acontece con outros artigos da Parte III, hai unha porcentaxe maior de «Sen conclusión», en boa medida debido as condicións xurídicas e sociolingüísticas deste idioma, o último, de momento, en converterse en lingua oficial nunha das Comunidades autónomas do Estado español. A porcentaxe de cumprimento satisfactorio acada o 76,9 %, mentres que o 23,1 % considérase cumprido parcialmente. No caso do occitano/aranés o cumprimento satisfactorio quédase no 15,4 %, cun 30,8 % cumprido parcialmente e un 53,8 % sen conclusión por parte do COMEX. Como xa comentamos anteriormente, o aspecto chave para este incumprimento parcial ten que ver coa discrepancia entre a lexislación doméstica (artigo 231 da LOPX) e os parágrafos 9.1ai, 9.1bi e 9.1ci da Carta.

Artigo 10 (Autoridades administrativas e servizos públicos)

Tampouco se constata incumprimento manifesto no que respecta ao artigo 10 en ningunha das linguas. Agora ben, ao tratarse dun artigo no que se diferencia, dunha banda a administración xeral (10.1), e doutra as administracións autonómica e local (10.2), alén dunha consideración independente tanto dos servizos públicos (10.3) como da formación dos empregados públicos (10.4) e da antroponimia (10.5), as principais eivas volven aparecer nas competencias centrais do Estado. A porcentaxe de cumprimento satisfactorio acada o 73,3 %

no galego, catalán (Cataluña) e éuscaro (Navarra e País Vasco). No catalán nas Illas Baleares chega ao 66,7 % e, no valenciano/catalán ao 60 % e no occitano/aranés ao 53,3 %. O resto considérase cumprido parcialmente, cun 26,7 % de falta de conclusión no caso do occitano/aranés. O éuscaro en Navarra é a lingua na que se constata unha mellora máis substancial entre os dous últimos ciclos, cun 27 % de maior cumprimento en 2019 respecto de 2016. Tamén hai unha mellora do 20% no caso do valenciano/catalán.

Artigo 11 (Medios de comunicación)

A continúa evolución do comprendido baixo a etiqueta «medio de comunicación» obriga a unha permanente revisión da situación das linguas minoritarias. En concreto, estamos referíndonos ao que está a supor a emerxencia, hai unhas décadas, e a súa consolidación recente dos medios dixitais, coa inherente diversidade de formatos, alcance, audiencias etc. No caso da Carta, obrigou a unha ampla reformulación da súa interpretación a partir da masiva presenza das novas tecnoloxías –incluídos os novos medios– 30 anos despois da súa aprobación.⁴⁹

A importancia dos medios respecto ás linguas minoritarias é indiscutíbel e está demostrado que a presenza permanente, actualizada e con produción propia dunha lingua nos espazos comunicativos constitúe unha oportunidade para promover a súa revitalización. Isto é especialmente urxente en todo o relacionado coa produción e distribución de medios e de contidos planificados para a poboación nova, cos seus propios escenarios, espazos, prácticas dinámicas e volátiles de consumo etc. A este respecto, chama a atención que o proxecto da Lei xeral de comunicación audiovisual, en proceso de aprobación, contemple só unha mínima cota obrigatoria dos seus contidos en linguas oficiais das Comunidades Autónomas nas plataformas radicadas no Estado español.⁵⁰

As diferencias, novamente, son notorias no cumprimento dos compromisos que supón este artigo. Así, mentres que o cumprimento é pleno no éuscaro en

⁴⁹<https://rm.coe.int/new-media-report-web-en/168098dd88>

País Vasco e no catalán en Cataluña, en Valencia e nas Illas Baleares acada o 89%. Neste último caso, confírmase un 11 % de incumprimento manifesto, concretamente no parágrafo 11.3 que recolle o compromiso de que os intereses das persoas que falan catalán estean representados nos organismos que rexen os medios de comunicación, coa finalidade de garantir a súa pluralidade. A peor situación atópase en Navarra, Galicia e Cataluña (aranés), onde o cumprimento satisfactorio só chega ao 66,7 %. Agora ben, nas tres linguas, o COMEX considera que houbo melloras respecto do informe anterior, acadando o 44 % no occitano/aranés.

Artigo 12 (Actividades e servizos culturais)

A presenza das linguas minoritarias no eido da cultura adoita ser moi elevada na maioría dos territorios nos que se fala unha lingua protexida pola Parte III Carta. De tal xeito que o cumprimento é plenamente satisfactorio, na avaliación do COMEX, para o galego, o valenciano/catalán, o éuscaro no País Vasco, o


⁵⁰ O Proxecto da citada Lei, https://www.congreso.es/public_oficiales/L14/CONG/BOCG/A/BOCG-14-A-77-1.PDF, publicado en decembro de 2021 establece no seu artigo 113 que: (1) Los prestadores del servicio de comunicación audiovisual televisivo lineal reservarán a obras audiovisuales europeas al menos el cincuenta y uno por ciento del tiempo de emisión anual de su programación; (2) Como mínimo el cincuenta por ciento de la cuota prevista en el apartado anterior se reservará a obras en la lengua oficial del Estado o en alguna de las lenguas oficiales de las Comunidades Autónomas. De esta subcuota, el prestador del servicio público de comunicación audiovisual de ámbito estatal reservará en todo caso un mínimo del quince por ciento a obras audiovisuales en alguna de las lenguas oficiales de las Comunidades Autónomas. [...] e (6) En relación con las obligaciones establecidas en el apartado 2, aquellas Comunidades Autónomas que tengan lengua oficial podrán regular obligaciones adicionales para los prestadores del servicio público de comunicación audiovisual en sus correspondientes ámbitos autonómicos

Así mesmo, no artigo 114, a lei establece que: (1). Los prestadores del servicio de comunicación audiovisual televisivo a petición reservarán a obras europeas al menos el treinta por ciento del catálogo. (2). Como mínimo el cincuenta por ciento de la cuota prevista en el apartado anterior se reservará a obras en la lengua oficial del Estado o en alguna de las lenguas oficiales de las Comunidades Autónomas. De esta subcuota, se reservará en todo caso un mínimo del cuarenta por ciento a obras audiovisuales en alguna de las lenguas oficiales de las Comunidades Autónomas.

catalán en Cataluña e nas Illas Baleares. As únicas linguas con necesidade de mellora son o éuscaro en Navarra (80 % de cumprimento) e, máis unha vez, o occitano/aranés en Cataluña (60 % de cumprimento).

Artigo 13 (Vida económica e social)

Gráfico 14. Cumprimento satisfactorio e incumprimento manifesto do artigo 13 nas linguas minoritarias do Estado español (5º Informe).



No que respecta ás actividades económicas e sociais de promoción das linguas minoritarias, en ningún caso estamos ante un cumprimento satisfactorio completo, tal como recolle o Gráfico 14. En boa medida débese a que en ningunha lingua se cumpre plenamente o parágrafo 13.2c.

Garantir que os servizos sociais coma os hospitais, as residencias de maiores e os asilos ofrezan a posibilidade de recibir e atender na súa lingua as persoas falantes dunha lingua rexional ou minoritaria que precisen coidados por razóns de saúde, idade ou por outros motivos.

No caso do valenciano/catalán trátase, de feito, dun incumprimento manifesto, xunto co 13.2a (uso das linguas minoritarias nas entidades financeiras

e bancarias). A outra lingua onde se confirma un incumprimento manifesto é o galego, que non satisfai o parágrafo 13.2d, relacionado coa redacción das instrucións de seguranza.

Artigo 14 (Intercambios transfronteirizos)

Coa excepción do occitano/aranés, que só acada un 50 % de cumprimento satisfactorio, no resto dos grupos lingüísticos cubertos pola Parte III no Estado español o cumprimento é pleno (100 %). Téñase en consideración que é o artigo máis curto, con só dous parágrafos, un de intercambios inter-estatais e outro intra-estatais.

Sétima parte

**OS DESAFÍOS DA CARTA NA
PROTECCIÓN DA DIVERSIDADE
LINGÜÍSTICA EUROPEA**

Máis aló das evidentes melloras que recollemos neste traballo sobre as linguas rexionais ou minoritarias europeas nos Estados nos que a Carta está vixente, non podemos rematar sen unha reflexión ao redor do potencial que ten o tratado respecto das linguas minoritarias que permanecen alleas aos principios sobre os que se sustenta a Carta. En particular, nos casos que carecen da máis mínima protección, por seren linguas usadas en Estados do Consello de Europa que, ben non asinaron o instrumento, ben o asinaron mais non o ratificaron. Nalgúns casos, trátase, en por riba, de Estados nos que a lexislación doméstica é feble ou inexistente.

Como recollemos na segunda parte deste volume, en 2011 produciuse a última ratificación, ata o momento da Carta. Desde aí o único avance que houbo no que atinxe a incorporación de novos Estados foi a sinatura por parte de Portugal en 2021. Con esta novidade, dos vinte e dous Estados nos que a Carta non está vixente, nove asinárona e trece non a asinaron:

- Tratado asinado: Acerbaixán, Francia, Islandia, Italia, Malta, Macedonia do Norte, Moldavia, Portugal, Rusia.
- Tratado non asinado: Albania, Andorra, Bélxica, Bulgaria, Estonia, Irlanda, Grecia, Letonia, Lituania, Mónaco, San Marino, Turquía, Xeorxia.

Xa que logo, son moitas as minorías lingüísticas que carecen da protección subxacente á Carta. E isto implica encadrarlo nunha reflexión sobre a extrema vulnerabilidade de moitas das linguas europeas minoritarias que tampouco se caracterizan por teren lexislación e/ou políticas orientadas a superar as desigualdades históricas que as definen.

Como consecuencia das iniciativas de promoción da ratificación da Carta en diferentes Estados por parte do propio Consello de Europa, son coñecidos os borradores oficiais dos instrumentos de ratificación⁵¹ de Albania, Federación Rusa, Francia, Moldavia, Xeorxia e Belarús. Neste último caso, cómpre lembrar que non é un Estado membro do organismo, mais manifestou interese en acceder a algúns tratados do Consello, incluída a Carta. Isto último explícase porque así o contempla o artigo 20.1 do tratado. En consecuencia, a posibilidade existe; porén, ata o de agora, ningún Estado de fóra do Consello de Europa ratificou a Carta.

Dos Estados nos que só falta a ratificación, onde se estima que se pode avanzar axiña cara á ratificación é en Italia e en Portugal. En ambos os casos, parte das linguas minoritarias xa gozan de protección estatal desde 1999⁵², aínda que a Carta está chamada a dar un pulo necesario ás políticas lingüísticas orientadas a superar a delicada situación de moitas delas (Cravens 2014; Tasa Fuster 2021).

En Francia, o debate político e xurídico sobre a ratificación da Carta continúa (Zabaleta Apaolaza 2015). O partido do presidente François Hollande comprometérase, na programa electoral das eleccións presidenciais de 2012, a ratificar a Carta e mudar a Constitución Francesa. Pois ben, en outubro de 2015, o Senado francés rexeitou tal iniciativa, malia que o éuscaro, o bretón e o corso xa se consideran «patrimonio de Francia».

En Bélxica, un dos Estados fundadores do Consello de Europa, a ratificación, previa sinatura, semella complicada precisamente porque a lexislación doméstica non garante a obrigada protección das linguas oficiais que son menos usadas en parte do territorio estatal, tal como establece o artigo 3 da Carta (Lejeune 2010).

Tampouco nos países bálticos semella doada a súa ratificación, en parte polas posibilidades que supón promover identidades grupais nun tratado cuxo obxectivo está máis relacionado co colectivo (as linguas) e non co individual (os individuos). Isto pode verse como unha promoción dunha sorte de autodeterminación ou de separatismo (Trifunovska 2010), nesa tendencia a asociar lingua-estado soberano, malia que o artigo 5 deixe ben claro que a ratificación da Carta non pode afectar, en ningún caso, «á soberanía e á integridade territorial dun Estado».

⁵¹ <https://www.coe.int/en/web/european-charter-regional-or-minority-languages/promoting-ratification>.

Para unha completa proposta-guía orientada a promover a ratificación por parte dos Estados do Consello de Europa que non avanzaron nesa dirección, consúltese o estudo levado a cabo polo European Centre for Minority Issues, publicado en dous volumes (Chylinski e Hofmannová 2011) accesíbeis en <https://rm.coe.int/european-centre-for-minority-issues-vol-1-/1680737191> e <https://rm.coe.int/european-centre-for-minority-issues-vol-2/1680737190>

⁵² Italia: <https://web.camera.it/parlam/leggi/994821.htm>

Portugal: <https://files.dre.pt/1s/1999/01/024a00/05740574.pdf>

Desde a perspectiva da propia diversidade lingüística, a ratificación por parte de Andorra, Islandia, Irlanda, Malta ou San Marino non debería supor ningún problema. E isto é así porque eses seis Estados carecen de linguas rexionais ou minoritarias, de acordo coa definición recollida no artigo 1 da Carta. Ao igual que os precedentes de Luxemburgo e Liechtenstein –nos que a Carta si está en vigor–, a súa ratificación pode resultar un impulso para eses Estados. Tampouco semella complicada a ratificación (previa sinatura) en Mónaco, que só ten unha lingua minoritaria, o monegasco, que, ademais, está recoñecida como lingua nacional. No resto dos Estados nos que a Carta non está en vigor, as linguas rexionais ou minoritarias van desde as catro de Albania ata as corenta e nove da Federación Rusa, con Turquía como segundo Estado con maior diversidade (37 linguas).

Por outra banda, catorce dos vinte e dous Estados nos que non está vixente si ratificaron o Convenio-Marco para a Protección das Minorías Nacionais, que constitúe o instrumento xurídico vinculante do Consello de Europa fundamental respecto aos dereitos das minorías, entre eles os dereitos lingüísticos. En particular, o artigo 10.1 recoñece que «toda persoa pertencente a unha minoría nacional ten o dereito a utilizar libremente e sen trabas a súa lingua minoritaria tanto en privado como en público, oralmente e por escrito». Unha revisión atenta da monitorización dos Estados que ratificaron o Convenio-Marco, mais non a Carta, permite ver numerosos comentarios específicos sobre as minorías lingüísticas que hai neses Estados. Por razóns obvias, non se trata dun solapamento coas competencias da Carta, senón dun complemento estritamente necesario nos Estados que non a ratificaron.

En conclusión, a necesidade da Carta está condicionada ao seu certo impulso na protección e na promoción das linguas minoritarias europeas. Neste sentido, dúas décadas despois da súa entrada en vigor, os avances son salientábeis, mais non en todos os Estados e non sempre nun mesmo Estado (véxase Ruiz Vieyetz 2018). Por iso, queda moito traballo que facer na súa aplicación e así contrarrestar as dúbidas que poidan xundir respecto da súa eficacia real para resolver a inxusta desigualdade na que habita unha parte moi importante da poboación europea. Desde logo, o tratado ten por

diante un amplo percorrido e a súa necesidade é unha realidade, tanto nos Estados nas que está en vigor como, nos que non o está.

Como reflexión final, apelamos a que a Unión Europea faga seu o espírito da Carta e contribúa a apoiar programas de promoción das linguas rexionais e minoritarias que lle competen (menos, abofé, que as o Consello de Europa). Sen políticas públicas europeas poucas linguas superarán a súa situación de extrema vulnerabilidade. As políticas públicas quizais non sexan condición suficiente, pero si necesaria, tendo en conta o momento histórico no que nos atopamos, con formas de poder moi xerárquicas e perversas coas minorías. Para que isto ocorra, a UE debe cambiar a súa política do multilingüismo e a diversidade lingüística, baseada —ata o de agora— na mercantilización das linguas desde unha utilitarista narrativa neoliberal discrepante co apoio ás minorías lingüísticas (Climent-Ferrando 2016).



BIBLIOGRAFÍA

ANDERSON, A. B. «Comparative analysis of language minorities: a sociopolitical framework». En Durk Gorter; Jarich F. Hoekstra, Lammert G. Jansma; Jehannes Ytsma (eds.), *Fourth International Conference on Minority Languages. Vol. 1: General papers*. Clevedon: Multilingual Matters, 119-136, 1989.

BASTARDAS i BOADA, Albert; BOIX-FUSTER, Emili; TORRENS GUERRINI, Rosa M. (coords). *El català, llengua mitjana d'Europa. Multilingüisme, globalització i sostenibilitat lingüística*. Barcelona : Octaedro, 2018.

BAZTARRIKA GALPARSORO, Patxi. «Una mirada a la Carta Europea de las Lenguas Regionales o Minoritarias desde el euskera y desde el País Vasco». *Revista de Llengua i Dret*, 69, 52-77, 2018.

BOURDIEU, Pierre. *Ce que parler veut dire. L'économie des échanges linguistiques*. Paris: Fayard, 1982.

CASTELLÀ SUBIRRAS, Santiago J. «La protecció de la llengua catalana per la Carta europea de les llengües regionals o minoritàries: una mirada als disset anys de l'entrada en vigor a l'Estat espanyol». *Revista de Llengua i Dret*, 69, 91-102, 2018.

CHYLINSKI, Ewa; HOFMANNOVÁ, Mahulena (eds.). *Early compliance of non-States Parties with the European Charter for Regional or Minority Languages. A Handbook with twenty proposed instruments of ratification*. 2 vol. Flensburg: European Centre for Minority Issues, 2011.

CLIMENT-FERRANDO, Vicent. «Linguistic neoliberalism in the European Union. Politics and policies of the UE's approach to multilingualism». *Revista de Llengua i Dret*, 66, 1-14, 2016.

COMISIÓ EUROPEA. *Euromosaic. Producción e reproducción dos grupos lingüísticos minoritarios da UE*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996.

CRAVENS, Thomas D. «Italia linguistica and the European Charter for Regional or Minority Languages». *Forum Italicum*, 48(2), 202-218, 2014.

CRNIĆ-GROTIĆ, Vesna. «Protection of Croatian as a minority language in Europe». En Wolfrum, Rüdiger; Seršić, Maja; Šošić, Trpimir M. (eds.). *Contemporary developments in International Law. Essays in Honour of Budislav Vukas*. Leiden: Brill, 477-499, 2016.

CRNIĆ-GROTIĆ, Vesna. «The right to display place names in regional or minority languages within the Council of Europe legal framework». En Ulasiuk, Iryna; Hadîrcă, Laurențiu; Romans, William (eds.). *Language policy and conflict prevention*. Leiden: Brill, 182-196, 2018

CSERNICKÓC, István; MÁRKU, Anita. «Minority language rights in Ukraine from the point of view of application of the European Charter for Regional or Minority Languages». *Alkalmazott Nyelvtudomány XX*, 1-18, 2020.

DUBOS, Olivier; GUSET, Víctor. «Reflections on a multidisciplinary approach to 'minority languages' as a legal object in Europe: The categorization of regional and minority languages under the Charter». En Svetlana Moskvitcheva; Alain Viaut (eds.). *Minority languages from Western Europe and Russia*. Cham: Springer, 13-22, 2019

ESTEBAN, María Luz; RAMALLO, Fernando. «Derechos lingüísticos y comunidad sorda: claves para entender la minorización». *Revista de Estudios de Lengua de Signos*, 1, 20-52, 2019.

FIALA-BUTORA, János. «Implementation of the Framework Convention for the Protection of National Minorities and the European Language Charter: Unified Standard or Divergence?» *Hungarian Journal of Minority Studies II*: 7-21, 2018.

FRASER, Nancy. «Nuevas reflexiones sobre el reconocimiento». *New Left Review* 4, 55-68, 2000.

HALWACHS, Dieter W.; KLINGE, Simone; SCHRAMMEL-LEBER, Barbara. *Romani. Education, segregation and the European Charter for Regional or Minority Languages*. Graz: Grazer Romani Publikationen, 2015.

HOBBSAWN, Eric. «Introducción». En: E. Hobsbawn e T. Ranger (eds.). *La invención de la tradición*. Barcelona: Crítica, 7-21, 1983.

IGLESIAS VELASCO, Alfonso J. «Reflexiones sobre la implementación de los tratados internacionales por los tribunales domésticos: especial referencia a España». *Anuario Español de Derecho Internacional*, 29, 165-216, 2013.

KONTRA, Miklós. «(Linguistic) human rights and/or security policy» *Foreign Policy Review*, 14(2), 62-72, 2021.

KRAUS, Peter A. *A Union of Diversity*. Cambridge: Cambridge University Press, 2008.

LEJEUME, Yves. «The case of Belgium». En VVAA, *Minority languages protection in Europe: into a new decade*. Estrasburgo: Consello de Europa, 43-66, 2010.

LEWIS, M. Paul; SIMONS, Gary F.; FENNIG, Charles D. (eds.). *Ethnologue: Languages of the World*. 19ª ed. Dallas, Tex.: SIL International, 2016.

LÓPEZ SUSÍN, José Ignacio. «Minoritarias dentro de la minorización. La doble discriminación de las lenguas no oficiales. El caso aragonés». *Revista de Llengua i Dret*, 76, 57-78, 2021.

MAKONI, Sinfree; PENNYCOOK, Alastair (ed.). *Disinventing and re-constituting languages*. Clevedon: Multilingual Matters, 2007.

MANSO FLORES, Ana Alicia e FLORES PÉREZ, Tamara. «Passau, presenti i futuro da Fala». *Limite*, 13.2, 101-122, 2019.

MITSIK, Vsevolod. «The Council of Europe language standards protection of minority languages and their significance for Ukraine». *Actual Problems of International Relations*, 147(1), 37-47, 2021.

NELDE, Peter; STRUBELL, Miquel; WILLIAMS, Glyn. *Euromosaic: Producción y reproducción de los grupos lingüísticos minoritarios de la UE*. Bruselas : Comisión Europea, 1996.

NOGUEIRA LÓPEZ, Alba. «'Ni una mala palabra, ni una buena acción': indiferencia estatal y autonómica hacia los compromisos internacionales de protección del gallego contraídos con la Carta Europea de las Lenguas Regionales o Minoritarias». *Revista de Llengua i Dret*, 69, 78-90, 2018.

NOGUEIRA LÓPEZ, Alba; RUIZ VIEYTEZ, Eduardo J.; URRUTIA LIBARONA, Iñigo (eds.). *Shaping language rights*. Estrasburgo: Consello de Europa, 2012.

PENNYCOOK, Alastair. *Language as a local practice*. London: Routledge, 2010.

RAMALLO, Fernando. «As minorías lingüísticas europeas, un exemplo de inxustiza». En Martín Vázquez; Facundo Reyna Muniain (ed.). *Encrucilladas da diversidade lingüística europea. Kiel – Santiago de Compostela*. Vigo : Galaxia, 53-76, 2017.

RAMALLO, Fernando. «Relevancia e impacto do artigo 7 da Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias e a súa representación nas linguas do Estado español». *Revista de Llengua i Dret*, 69, 28-51, 2018.

RAMALLO, Fernando. «El 'esfuerzo estatal' como modelo de cómputo del cumplimiento de la parte III de la Carta Europea para las Lenguas Regionales o Minoritarias». *Revista de Llengua i Dret*, 72, 146-167, 2019.

RAMALLO, Fernando. «É posíbel desminorar unha lingua ? O caso galego». *A Trabe de Ouro*, 117, 71-75, 2021.

RUIZ VIEYTEZ, Eduardo. «La Carta Europa de las Lenguas Regionales o Minoritarias en su 20 aniversario: balance y retos de futuro». *Revista de Llengua i Dret*, 69, 18-27, 2018.

SCHMALENBACH, Kirsten. «Article 27. Internal law and observance of treaties». En Oliver Dörr e Kirsten Schmalenbach (eds.). *Vienna Convention on the Law of Treaties. A Commentary*. Berlin: Springer-Verlag, 453-473, 2012.

SUAY, Ferran; HICKS, Davyth. *Ecrml's contribution to the recognition of language rights*. València: Universitat de València, 2020.

TASA FUSTER, Vicenta. *Seguretat i Jerarquia lingüístiques a Espanya i Itàlia*. València: Universitat de València, 2021.

TRIFUNOVSKA, Snežana. «The case of the Baltic states». En VVAA, *Minority languages protection in Europe: into a new decade*. Estrasburgo: Consello de Europa, 67-84, 2010.

TUPI, Eeva. *Sign language rights in the framework of the Council of Europe and its member states*. Helsinki: Ministerio de Asuntos Exteriores de Finlandia, 2019.

VIAUT, Alain. «As approach to the notion of 'linguistic minority' in the light of the identificatory relation between a group and its minority language». *Multilingua*, 38(2), 169-185, 2019.

WILLIAMS, Glyn. *Sustaining Language Diversity in Europe*. Basingstoke: Palgrave Macmillan, 2006.

WOEHLING, Jean-Marie. *The European Charter for Regional or Minority Languages. A critical commentary*. Estrasburgo: Consello de Europa, 2005.

ZABALETA APALOAZA, Eneritz. «Principios constitucionales sobre las lenguas en Francia». *Revista de Llengua i Dret*, 63, 92-112, 2015.



ANEXOS



Anexo I. Artigos 7 a 14 da Carta**Artigo 7 – Obxectivos e principios**

1. En materia de linguas rexionais ou minoritarias, nos territorios en que se falen as citadas linguas e segundo a situación de cada unha delas, as Partes basearán a súa política, a súa lexislación e a súa práctica nos obxectivos e principios seguintes:

- a.** o recoñecemento das linguas rexionais ou minoritarias como expresión da riqueza cultural;
- b.** o respecto da área xeográfica de cada lingua rexional ou minoritaria, actuando de tal maneira que as divisións administrativas xa existentes ou novas non sexan un obstáculo para o fomento da devandita lingua rexional ou minoritaria;
- c.** a necesidade dunha acción resolta de fomento das linguas rexionais ou minoritarias, co fin de as salvagardar;
- d.** a facilitación e/ou o fomento do emprego oral e escrito das linguas rexionais ou minoritarias na vida pública e na vida privada;
- e.** o mantemento e o desenvolvemento de relacións, nos ámbitos que abrangue esta Carta, entre os grupos que empreguen unha lingua rexional ou minoritaria e outros grupos do mesmo Estado que falen unha lingua utilizada de maneira idéntica ou parecida, así como o establecemento de relacións culturais con outros grupos do Estado que utilicen linguas diferentes;
- f.** a provisión de formas e medios adecuados para o ensino e o estudo das linguas rexionais ou minoritarias en todos os niveis apropiados;
- g.** a provisión de medios que lles permitan aprender unha lingua rexional ou minoritaria aos non-falantes que residan na área en que se emprega esa lingua, de así o desexaren;

h. a promoción de estudos e investigación sobre as linguas rexionais ou minoritarias nas universidades ou centros equivalentes;

i. a promoción de formas apropiadas de intercambios transnacionais, nos ámbitos cubertos por esta Carta, para as linguas rexionais ou minoritarias utilizadas de maneira idéntica ou semellante en dous ou máis Estados.

2. As Partes comprométense a eliminar, se aínda non o fixeron, toda distinción, exclusión, restrición ou preferencia inxustificadas con respecto á utilización dunha lingua rexional ou minoritaria cuxo obxectivo sexa desalentar ou pór en perigo o seu mantemento ou o seu desenvolvemento. A adopción de medidas especiais en favor das linguas rexionais ou minoritarias, destinadas a promover unha igualdade entre os falantes destas linguas e o resto da poboación e orientadas a ter en conta as súas situacións peculiares, non se considerará un acto de discriminación cos falantes das linguas máis estendidas.

3. As Partes comprométense a fomentar, por medio de medidas apropiadas, a comprensión mutua entre todos os grupos lingüísticos do país, actuando concretamente de maneira que o respecto, a comprensión e a tolerancia cara ás linguas rexionais ou minoritarias figuren entre os obxectivos da educación e da formación impartida no país, e estimulando os medios de comunicación social a perseguir o mesmo obxectivo.

4. Ao definir a súa política con respecto ás linguas rexionais ou minoritarias, as Partes comprométense a ter en consideración as necesidades e os desexos expresados polos grupos que empreguen as devanditas linguas. Serán convidadas a crear, se for necesario, órganos encargados de asesorar as autoridades acerca de todas as cuestións que se refiran ás linguas rexionais ou minoritarias.

5. As Partes comprométense a aplicar, *mutatis mutandi*, os principios enumerados nos parágrafos 1 a 4 que anteceden ás linguas sen territorio. Non obstante, no

caso destas linguas, a natureza e o alcance das medidas que se deberán tomar para a aplicación desta Carta determinaranse de maneira flexíbel, tendo en conta as necesidades e os desexos, e respectando as tradicións e características dos grupos que falan as linguas de que se trate.

Artigo 8 – Ensino

1. En materia de ensino e, polo que se refire ao territorio en que se falan as ditas linguas e segundo sexa a situación de cada unha delas, sen prexuízo do ensino da(s) lingua(s) oficial(is) do Estado, as Partes comprométense a:

a.

- i. prever unha educación infantil garantida nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou
- ii. prever que unha parte substancial da educación infantil se faga nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou
- iii. aplicar unha das medidas a que se refiren os puntos i) e ii) anteriores, polo menos, para os alumnos cuxas familias o desexen e cuxo número se considere suficiente; ou
- iv. se os poderes públicos non teñen competencia directa en materia de educación infantil, favorecer e/ou fomentar a aplicación das medidas a que se refiren os puntos i) a iii) anteriores;

b.

- v. prever un ensino primario garantido nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou
- vi. prever que unha parte substancial do ensino primario se faga nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou
- vii. prever, no marco da educación primaria, que o ensino das linguas rexionais ou minoritarias correspondentes forme parte integrante do plan de estudos; ou
- viii. aplicar unha das medidas a que se refiren os puntos i) a iii) anteriores, polo menos os alumnos cuxas familias o desexen e cuxo número se considere suficiente;

- c.**
- i. prever un ensino secundario garantido nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou
 - ii. prever que unha parte substancial do ensino secundario se faga nas linguas rexionais ou minoritarias; ou
 - iii. prever, no marco da educación secundaria, o ensino das linguas rexionais ou minoritarias como parte integrante do plan de estudos; ou
 - iv. aplicar unha das medidas a que se refiren os puntos i) a iii) anteriores, polo menos, para os alumnos que o desexen –ou, de ser o caso, cuxas familias o desexen–, en número considerado suficiente;
- d.**
- i. prever un ensino técnico e profesional garantido nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou
 - ii. prever que unha parte substancial do ensino técnico e profesional se faga nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou
 - iii. prever, no marco da educación técnica e profesional, o ensino das linguas rexionais ou minoritarias correspondentes como parte integrante do plan de estudos; ou
 - iv. aplicar unha das medidas a que se refiren os puntos i) a iii) anteriores, polo menos, para os alumnos que o desexen ou, de ser o caso, cuxas familias o desexen en número considerado suficiente;
- e.**
- i. prever un ensino universitario e outras formas de ensino superior nas linguas rexionais ou minoritarias, ou
 - ii. prever o estudo desas linguas como materias do ensino universitario e superior; ou
 - iii. se, en razón do papel do Estado con respecto aos centros de ensino superior, os puntos i) e ii) non se puidesen aplicar, fomentar e/ou autorizar o establecemento dun ensino universitario ou outras formas de ensino superior nas linguas rexionais ou minoritarias, ou de medios que permitan estudar esas linguas na universidade ou noutros centros de ensino superior;

- f.**
- i. tomar disposicións para que se impartan cursos de ensino para adultos ou de educación permanente principal ou totalmente nas linguas rexionais ou minoritarias; ou
 - ii. propor estas linguas como materias no ensino de adultos e na educación permanente ; ou
 - iii. se os poderes públicos non teñen competencias directas en materia de educación para adultos, favorecer e/ou fomentar o ensino desas linguas no marco do ensino para adultos e da educación permanente;
- g.** tomar medidas para asegurar o ensino da historia e a cultura das cales é expresión a lingua rexional ou minoritaria;
- h.** garantir a formación inicial e permanente do profesorado necesario para aplicar os parágrafos de a) a g) que aceptase a Parte;
- i.** crear un ou varios órganos de control encargados do seguimento das medidas adoptadas e dos progresos realizados no establecemento ou desenvolvemento do ensino das linguas rexionais ou minoritarias, e redactar ao respecto informes periódicos que se farán públicos.
2. En materia de ensino e polo que se refire a territorios distintos daqueles en que se falan tradicionalmente as linguas rexionais ou minoritarias, as Partes comprométense a autorizar, fomentar ou establecer, se o número de falantes dunha lingua rexional ou minoritaria o xustifica, o ensino da lingua rexional ou minoritaria ou nela, nos niveis que se consideren oportunos.

Artigo 9 – Xustiza

1. As Partes comprométense, polo que se refire ás circunscricións das autoridades xudiciais en que o número de persoas que alí residan e falen as linguas rexionais ou minoritarias xustifique as medidas específicas seguintes, segundo sexa a situación de cada unha desas linguas e a condición de que o xuíz non considere

que a utilización das posibilidades ofrecidas por este parágrafo constitúe un obstáculo para a boa administración da xustiza:

a. nos procedementos penais:

- i. asegurar que os órganos xurisdicionais, por solicitude dunha das partes, leven o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou
- ii. garantirlle ao acusado o dereito de se expresar na súa lingua rexional ou minoritaria; e/ou
- iii. asegurar que as demandas e as probas, escritas ou orais, non se consideren desestimábeis polo único motivo de estaren redactadas nunha lingua rexional ou minoritaria; e/ou
- iv. redactar nesas linguas rexionais ou minoritarias, logo de solicitude, os documentos que atinxan a un procedemento xudicial, recorrendo, se for necesario, a intérpretes e a traducións sen gastos adicionais para os interesados;

b. nos procedementos civís:

- i. asegurar que os órganos xurisdicionais, por solicitude dunha das partes, leven o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou
- ii. permitir, cando unha parte en litixio deba comparecer persoalmente perante un tribunal, que se exprese na súa lingua rexional ou minoritaria sen incorrer por iso en gastos adicionais; e/ou
- iii. permitir a presentación de documentos e de probas nas linguas rexionais ou minoritarias,

se for necesario recorrendo a intérpretes e a traducións.

c. nos procedementos perante as xurisdicións competentes en materia administrativa:

- i. asegurar que os órganos xurisdicionais, por solicitude dunha das partes, leven o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou

- ii. permitir, cando unha parte nun litixio deba comparecer persoalmente perante un tribunal, que se exprese na súa lingua rexional ou minoritaria sen incorrer por iso en gastos adicionais; e/ou
- iii. permitir a presentación de documentos e de probas nas linguas rexionais ou minoritarias,

se for necesario recorrendo a intérpretes e a traducións;

d. adoptar medidas para que a aplicación dos puntos i) e iii) das alíneas b) e c) anteriores e o emprego, dado o caso, de intérpretes e de traducións non comporten gastos adicionais para os interesados.

2. As Partes comprométense a:

a. non rexeitar a validez dos documentos xurídicos elaborados dentro do ámbito do Estado polo único feito de estaren redactados nunha lingua rexional ou minoritaria; ou

b. non rexeitar a validez, entre as partes, dos documentos xurídicos elaborados dentro do ámbito do Estado polo único feito de estaren redactados nunha lingua rexional ou minoritaria, e a asegurar que poderán ser invocados fronte a terceiros interesados non falantes desas linguas, a condición de que o contido do documento se poña en coñecemento deles por quen o faga valer; ou

c. non rexeitar a validez, entre as partes, dos documentos xurídicos elaborados dentro do ámbito do Estado polo único feito de estaren redactados nunha lingua rexional ou minoritaria.

3. As Partes comprométense a facer accesíbeis, nas linguas rexionais ou minoritarias, os textos legislativos nacionais máis importantes e aqueles que se refiren en particular aos falantes das devanditas linguas, a menos que xa se dispoña de tales textos doutro modo.

Artigo 10 – Autoridades administrativas e servizos públicos

1. Nas circunscricións das autoridades administrativas do Estado nas cales resida un número de falantes de linguas rexionais ou minoritarias que xustifique as medidas que figuran a continuación, e segundo a situación de cada lingua, as Partes, na medida en que sexa razoabelmente posíbel, comprométense a:

- a.**
- i. velar por que as devanditas autoridades administrativas empreguen as linguas rexionais ou minoritarias; ou
 - ii. velar por que aqueles axentes seus que estean en contacto co público empreguen as linguas rexionais ou minoritarias nas súas relacións coas persoas que se dirixan a eles nesas linguas; ou
 - iii. velar por que os falantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan presentar solicitudes orais ou escritas e recibir unha resposta nesas linguas; ou
 - iv. velar por que os falantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan presentar solicitudes orais ou escritas nas citadas linguas; ou
 - v. velar por que os falantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan presentar validamente un documento redactado nas devanditas linguas.

b. pór á disposición da poboación formularios e textos administrativos de uso frecuente nas linguas rexionais ou minoritarias, ou en versións bilingües;

c. permitir ás autoridades administrativas redactar documentos nunha lingua rexional ou minoritaria.

2. No que se refire ás autoridades locais e rexionais no territorio das cales resida un número de falantes de linguas rexionais ou minoritarias que xustifique as medidas que figuran a continuación, as Partes comprométense a permitir e/ou fomentar:

a. o emprego das linguas rexionais ou minoritarias no marco da administración rexional ou local;

b. a posibilidade para os falantes de linguas rexionais ou minoritarias de presentaren solicitudes orais ou escritas nas devanditas linguas;

c. a publicación polas colectividades rexionais dos seus textos oficiais tamén nas linguas rexionais ou minoritarias;

d. a publicación polas autoridades locais dos seus textos oficiais tamén nas linguas rexionais ou minoritarias;

e. o emprego polas colectividades rexionais de linguas rexionais ou minoritarias nos debates das súas asembleas, sen excluír, non obstante, o uso da(s) lingua(s) oficial(is) do Estado;

f. o emprego polas colectividades locais de linguas rexionais ou minoritarias nos debates das súas asembleas, sen excluír, non obstante, o emprego da(s) lingua(s) oficial(is) do Estado;

g. o emprego ou a adopción e, no caso de que proceda, conxuntamente coa denominación na(s) lingua(s) oficial(is), das formas tradicionais e correctas dos topónimos nas linguas rexionais ou minoritarias.

3. Polo que se refire aos servizos públicos garantidos polas autoridades administrativas ou por outras persoas que actúen por conta daquelas, as partes contratantes, nos territorios en que se falen as linguas rexionais ou minoritarias e en función da situación de cada lingua e na medida en que iso sexa razoabelmente posíbel, comprométense a:

a. velar por que as linguas rexionais ou minoritarias se empreguen ao prestarse un servizo; ou

b. permitirlles aos falantes das linguas rexionais ou minoritarias presentar solicitudes e recibir respostas nas citadas linguas; ou

c. permitirlles aos falantes de linguas rexionais ou minoritarias presentar solicitudes nas devanditas linguas.

4. Co fin de aplicar as disposicións dos parágrafos 1, 2 e 3 que aceptasen, as Partes comprométense a adoptar unha ou varias das seguintes medidas:

a. a tradución ou a interpretación eventualmente solicitadas;

b. o recrutamento e, se é o caso, a formación de funcionarios e outros empregados públicos en número suficiente;

c. a aceptación, na medida do posíbel, das solicitudes dos empregados públicos que coñezan unha lingua rexional ou minoritaria para seren destinados ao territorio en que se fala a citada lingua.

5. As Partes comprométense a permitir, por solicitude dos interesados, o emprego ou a adopción de patronímicos nas linguas rexionais ou minoritarias.

Artigo 11 – Medios de comunicación

1. Para os falantes de linguas rexionais ou minoritarias, nos territorios en que se falen as devanditas linguas, segundo sexa a situación de cada unha delas e na medida en que as autoridades públicas, de maneira directa ou indirecta, teñan competencias, atribucións ou un papel que representen nese ámbito, respectando ao propio tempo os principios de independencia e de autonomía dos medios de comunicación, as Partes comprométense:

a. na medida en que a radio e a televisión teñan unha misión de servizo público,

a:

- i. garantir a creación de, polo menos, unha emisora de radio e unha canle de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias; ou
- ii. fomentar e/ou facilitar a creación de, polo menos, unha emisora de radio e unha canle de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias; ou

iii. adoptar as medidas adecuadas para que os medios de difusión programen emisións nas linguas rexionais ou minoritarias;

b.

- i. fomentar e/ou facilitar a creación de, polo menos, unha emisora de radio nas linguas rexionais ou minoritarias; ou
- ii. fomentar e/ou facilitar a emisión de programas de radio nas linguas rexionais ou minoritarias, de maneira regular;

c.

- i. fomentar e/ou facilitar a creación de, polo menos, unha canle de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias; ou
- ii. fomentar e/ou facilitar a difusión de programas de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias, de maneira regular;

d. fomentar e/ou facilitar a produción e a difusión de obras de audición e audiovisión nas linguas rexionais ou minoritarias;

e.

- i. fomentar e/ou facilitar a creación e/ou mantemento de, polo menos, un órgano de prensa nas linguas rexionais ou minoritarias; ou
- ii. fomentar e/ou facilitar a publicación de artigos de prensa nas linguas rexionais ou minoritarias, de maneira regular;

f.

- i. cubrir os custos adicionais dos medios de comunicación que utilicen linguas rexionais ou minoritarias, cando a lei prevexa unha asistencia financeira, en xeral, para os medios de comunicación; ou
- ii. ampliar as medidas existentes de asistencia financeira ás producións audiovisuais en linguas rexionais ou minoritarias ;

g. apoiar a formación de xornalistas e demais persoal para os medios de comunicación que empreguen as linguas rexionais ou minoritarias.

2. As Partes comprométense a garantir a liberdade de recepción directa das emisións de radio e de televisión dos países veciños nunha lingua falada de maneira idéntica ou parecida a unha lingua rexional ou minoritaria, e a non se opor á retransmisión de emisións de radio e de televisión dos países veciños na citada lingua. Comprométense, ademais, a velar por que non se lle imponha á prensa escrita ningunha restrición á liberdade de expresión e á libre circulación de información nunha lingua falada de maneira idéntica ou parecida a unha lingua rexional ou minoritaria. O exercicio das liberdades mencionadas anteriormente, que entraña deberes e responsabilidades, pode ser sometido a certos trámites, condicións, restricións ou sancións previstos pola lei, que constitúan medidas necesarias, nunha sociedade democrática, para a seguranza nacional, a integridade territorial ou a seguranza pública, a defensa da orde e a prevención da delincuencia, a protección da saúde ou da moral, a protección da reputación ou dos dereitos alleos, para impedir a divulgación de informacións confidenciais ou para garantir a autoridade e a imparcialidade do poder xudicial.

3. As Partes comprométense a velar por que os intereses dos falantes de linguas rexionais ou minoritarias estean representados ou sexan tomados en consideración no marco das estruturas que se crearen de conformidade coa lei, con obxecto de garantir a liberdade e a pluralidade dos medios de comunicación.

Artigo 12 – Actividades e servizos culturais

1. En materia de actividades e de servizos culturais –en particular de bibliotecas, videotecas, centros culturais, museos, arquivos, academias, teatros e cines, así como traballos literarios e produción cinematográfica, expresión cultural popular, festivais, industrias culturais, incluíndo en particular a utilización de tecnoloxías novas–, as Partes, no que se refire ao territorio en que se falan as devanditas linguas e na medida en que as autoridades públicas teñan competencias, atribucións ou un papel que representar nese ámbito, comprométense a:

- a.** fomentar a expresión e as iniciativas propias das linguas rexionais ou minoritarias, e a favorecer os diferentes medios de acceso ás obras producidas nesas linguas;
- b.** favorecer os diferentes medios de acceso noutras linguas ás obras producidas nas linguas rexionais ou minoritarias, axudando e desenvolvendo as actividades de tradución, dobraxe, postsincronización e subtitulación;
- c.** favorecer o acceso en linguas rexionais ou minoritarias a obras producidas noutras linguas, axudando e desenvolvendo as actividades de tradución, dobraxe, postsincronización e subtitulado;
- d.** velar por que os organismos encargados de organizar ou apoiar diversas formas de actividades culturais integren de maneira adecuada o coñecemento e a práctica das linguas e das culturas rexionais ou minoritarias nas actividades cuxa iniciativa depende deles ou ás cales presten o seu apoio;
- e.** favorecer a dotación dos organismos encargados de organizar ou apoiar actividades culturais cun persoal que domine a lingua rexional ou minoritaria, ademais da(s) lingua(s) do resto da poboación;
- f.** favorecer a participación directa, no que se refire aos servizos e aos programas de actividades culturais, de representantes de falantes da lingua rexional ou minoritaria;
- g.** fomentar e/ou facilitar a creación dun ou varios organismos encargados de recoller, recibir en depósito e presentar ou publicar as obras producidas en linguas rexionais ou minoritarias;
- h.** se é o caso, a crear e/ou promover e financiar servizos de tradución e de investigación terminolóxica con vistas, en especial, a manter e desenvolver en cada lingua rexional ou minoritaria unha terminoloxía administrativa, mercantil, económica, social, tecnolóxica ou xurídica apropiadas.

2. No que se refire aos territorios distintos daqueles en que se empreguen tradicionalmente as linguas rexionais ou minoritarias, as Partes comprométense a autorizar, fomentar e/ou prever, se o número de falantes dunha lingua rexional ou minoritaria así o xustifica, actividades ou servizos culturais apropiados, de conformidade co parágrafo precedente.

3. As Partes comprométense, na súa política cultural no estranxeiro, a dar un lugar apropiado ás linguas rexionais ou minoritarias e á cultura que elas expresen.

Artigo 13 – Vida económica e social

1. No que se refire ás actividades económicas e sociais, e para o conxunto do país, as Partes comprométense a:

a. excluír da súa lexislación toda disposición que prohiba ou limite sen razóns xustificábeis o emprego de linguas rexionais ou minoritarias nos documentos relativos á vida económica ou social e, en particular, nos contratos de traballo e nos documentos técnicos, tales como os modos de emprego de produtos ou de servizos;

b. prohibir a inserción, nos regulamentos internos das empresas e nos documentos privados, de cláusulas que exclúan ou limiten o uso de linguas rexionais ou minoritarias, polo menos, entre os falantes da mesma lingua;

c. oporse ás prácticas encamiñadas a desalentar o emprego de linguas rexionais ou minoritarias dentro das actividades económicas ou sociais;

d. facilitar e/ou fomentar, por outros medios distintos dos recollidos nos puntos anteriores, o emprego de linguas rexionais ou minoritarias.

2. En materia de actividades económicas e sociais e na medida en que as autoridades públicas teñan competencia, as Partes, no territorio en que se falen as linguas rexionais ou minoritarias, e en canto sexa razoabelmente posíbel, comprométense a:

a. definir, mediante as súas regulamentacións financeiras e bancarias, modalidades que permitan, en condicións compatíbeis cos usos comerciais, o emprego de linguas rexionais ou minoritarias na redacción de ordes de pagamento (cheques, letras de cambio etc.), ou outros documentos financeiros ou, se é o caso, a procurar que se poña en práctica ese proceso;

b. nos sectores económicos e sociais que dependan directamente do seu control (sector público), realizar accións que fomenten o emprego das linguas rexionais ou minoritarias;

c. velar por que os servizos sociais como os hospitais, as residencias da terceira idade, os asilos ofrezan a posibilidade de recibir e atender na súa lingua os falantes dunha lingua rexional ou minoritaria que necesiten coidados por razóns de saúde, idade ou por outros motivos;

d. velar, polos medios adecuados, por que as instrucións de seguranza estean tamén redactadas nas linguas rexionais ou minoritarias;

e. facilitar nas linguas rexionais ou minoritarias a información proporcionada polas autoridades competentes sobre os dereitos dos consumidores.

Artigo 14 – Intercambios transfronteirizos

As Partes comprométense a:

a. aplicar os acordos bilaterais e multilaterais existentes que as vinculan cos Estados en que se fala a mesma lingua de maneira idéntica ou parecida, ou procurar concluílos se for necesario, de tal modo que poidan favorecer os contactos entre os falantes da mesma lingua nos Estados correspondentes, nos ámbitos da cultura, o ensino, a información, a formación profesional e a educación permanente;

b. en beneficio das linguas rexionais ou minoritarias, facilitar e/ou promover a cooperación a través das fronteiras, en particular entre colectividades rexionais ou locais nos territorios das cales se fale a mesma lingua de maneira idéntica ou parecida.

Anexo 2. Linguas oficiais estatais cubertas pola Carta no resto dos Estados europeos co tratado en vigor

Lingua	Estados onde é minoritaria
Alemán	Armenia, Bosnia e Hercegovina, Croacia, República Checa, Dinamarca, Hungría, Polonia, Romanía, Serbia, República de Eslovaquia, Eslovenia, Suíza, Ucraína
Bosnio	Montenegro, Serbia
Búlgaro	Hungría, República de Eslovaquia, Romanía, Serbia, Ucraína
Checo	Austria, Bosnia e Hercegovina, Croacia, Polonia, República de Eslovaquia, Romanía, Serbia.
Croata	Eslovenia, Hungría, Montenegro, República Checa, República de Eslovaquia, Romanía, Serbia
Danés	Alemaña
Eslovaco	Austria, Bosnia e Hercegovina, Croacia, Hungría, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia, Ucraína
Esloveno	Austria, Bosnia e Hercegovina, Croacia, Hungría
Finés	Noruega, Suecia
Francés	Suíza
Grego	Armenia, Hungría, Romanía, Ucraína
Húngaro	Austria, Bosnia e Hercegovina, Croacia, Eslovenia, Romanía, Serbia, República de Eslovaquia, Ucraína
Italiano	Bosnia e Hercegovina, Croacia, Eslovenia, Romanía, Suíza
Polaco	Armenia, Bosnia e Hercegovina, Hungría, República Checa, República de Eslovaquia, Romanía, Ucraína
Portugués	España
Rumano	Bosnia e Hercegovina, Hungría, Serbia, Ucraína
Ruso	Armenia, Finlandia, Polonia, Romanía, Ucraína
Serbio	Croacia, Eslovenia, Hungría, Romanía
Sueco	Finlandia
Ucraíno	Armenia, Bosnia e Hercegovina, Croacia, Hungría, Polonia, República de Eslovaquia, Romanía, Serbia

Anexo 3. Número estimado de falantes das linguas protexidas pola Carta

(Nota: elaboración propia a partir dos datos demolingüísticos que recollen os informes estatais enviados ao Consello de Europa polos Estados que ratificaron a Carta. Sobre algunhas linguas non hai datos oficiais recollidos nos devanditos informes).

Lingua	Número de falantes	
Karain (Polonia)	<50	Menos de 100
Ruteno (Bosnia e Hercegovina)	<50	
Romaní (Finlandia)	<50	
Tártaro (Polonia)	<50	
Yiddish (Polonia)	90	
Alemán (Armenia)	<100	
Portugués (España)	<100	
Romanés (Bosnia e Hercegovina)	110	De 100 a 999
Yiddish (Finlandia)	150	
Eslovaco (Bosnia e Hercegovina)	170	
Tártaro (Finlandia)	184	
Polaco (Bosnia e Hercegovina)	260	
Yiddish (Bosnia e Hercegovina)	260	
Ruso (Bosnia e Hercegovina)	270	
Checo (Bosnia e Hercegovina)	280	
Grego (Armenia)	330	
Húngaro (Bosnia e Hercegovina)	350	
Alemán (Bosnia e Hercegovina)	365	
Italiano (Bosnia e Hercegovina)	390	
Armenio (Hungría)	450	
Albanés (Romanía)	500	
Ruteno (Romanía)	550	
Córnico (Reino Unido)	560	
Yiddish (República Eslovaca)	630	
Yiddish (Romanía)	640	
Armenio (Chipre)	660	
Serbio (República Eslovaca)	700	
Macedonio (Romanía)	770	
Ucraíno (Armenia)	730	
Armenio (Romanía)	740	
Eslovaco (Polonia)	760	
Checo (Serbia)	800	
Esloveno (Bosnia e Hercegovina)	940	
Istrorromanés (Croacia)	950	
Ruteno (Hungría)	1.000	
Croata (República Eslovaca)	1.000	
Búlgaro (República Eslovaca)	1.000	
Ucraíno (Croacia)	1.000	
Árabe chipriota (Chipre)	1.000	
Turco (Bosnia e Hercegovina)	1.100	
Checo (Polonia)	1.450	
Ruteno (Croacia)	1.470	
a) Manés (Reino Unido)	1.600	

Grego (Hungría)	1.700	
Esloveno (Hungría)	1.700	
Armenio (Polonia)	1.800	
Saami (Finlandia)	1.800	
Ucraino (Serbia)	1.900	
Occitano/Aranés (España)	2.000	
Curdo (Armenia)	2.000	
Ruso (República Eslovaca)	2.000	
Polaco (Romanía)	2.080	
Checo (Romanía)	2.170	
Alemán (Serbia)	2.200	
Italiano (Romanía)	2.200	
Ucraino (Bosnia e Herzegovina)	2.300	
Asirio (Armenia)	2.400	
Croata moraviano (República Checa)	2.400	
Grego (Romanía)	2.500	
Albanés (Bosnia-Herzegovina)	2.600	
Alemán (Croacia)	2.900	
Búlgaro (Hungría)	2.900	
Polaco (Hungría)	3.050	
Polaco (República Eslovaca)	3.080	
Eslovaco (Austria)	3.300	
Ucraino (Hungría)	3.400	
Italiano (Eslovenia)	3.700	
Serbio (Hungría)	3.700	
Eslovaco (Croacia)	3.800	
Romaní (Austria)	4.300	
Alemán (República Eslovaca)	4.700	
Romaní (República Checa)	4.900	
Careliano (Finlandia)	5.000	
Kven (Noruega)	5.000	
Croata (Romanía)	5.200	
Romaní (Montenegro)	5.200	
Lituano (Polonia)	5.300	
Checo (Croacia)	6.290	
Lemko (Polonia)	6.300	
Búlgaro (Romanía)	6.500	
Romaní (Noruega)	6.500	
Bunjevac (Serbia)	6.800	
Ucraino (República Eslovaca)	7.400	
Húngaro (Eslovenia)	7.700	
Esloveno (Croacia)	9.200	
Vlach (Serbia)	43.000	
Ucraino (Romanía)	48.900	


De 5.000 a 9.999

Húngaro (República Checa)	9.200	
Eslovaco (Hungría)	9.900	
Baixo sorbio (Alemania)	9.900	
Albanés (Serbia)	10.000	
Húngaro (Croacia)	10.200	
Checo (Austria)	11.000	
Ruteno (Serbia)	11.300	
Frisón (Alemania)	12.000	
Romaní (Bosnia e Herzegovina)	12.500	
Macedonio (Serbia)	12.700	
Eslovaco (Romanía)	12.800	
Búlgaro (Serbia)	13.300	
Croata (Hungría)	13.700	
Romanés (Hungría)	13.890	
Aragonés (España)	14.000	
Alemán (República Checa)	14.000	
Romaní boyash (Croacia)	14.300	
Romaní (Polonia)	14.500	
Alemán (Dinamarca)	15.000	
Serbio (Romanía)	16.800	
Tártaro (Romanía)	17.700	
Esloveno (Austria)	17.900	
Ruso (Romanía)	19.300	
Italiano (Croacia)	18.500	
Croata (Serbia)	19.200	
Croata de Burgenland (Austria)	19.300	
Ruso (Polonia)	19.800	
Amazige (España)	20.000	
Ruso (Armenia)	23.400	
Ucraino (Polonia)	24.500	
Turco (Romanía)	25.000	
Húngaro (Austria)	25.800	
Bielorruso (Polonia)	26.400	
Alemán (Romanía)	26.600	
Romanche (Suíza)	28.400	
Romanés (Serbia)	29.000	
Alto sorbio (Alemania)	30.000	
Checo (República Eslovaca)	30.300	
Iézidi (Armenia)	30.900	
Albanés (Montenegro)	32.600	
Bosnio (Montenegro)	33.000	
Ruteno (República Eslovaca)	33.400	
Polaco (República Checa)	33.500	
Alemán (Hungría)	38.000	

De 10.000 a 29.999

De 50.000 a 99.999

Eslovaco (Serbia)	49.700	
Meänkieli (Suecia)	50.000	
Serbio (Croacia)	52.800	
Romaní (Hungría)	54.000	
Gaélico escocés (Reino Unido)	60.000	De 50.000 a 99.999
Ruso (Finlandia)	75.400	
Irlandés (Reino Unido)	95.000	
Alemán (Polonia)	96.400	
Romaní (Serbia)	100.600	
Romaní (República Eslovaca)	105.000	
Caxubio (Polonia)	108.000	
Bosnio (Serbia)	139.000	
Eslovaco (República Checa)	154.000	
Finés (Suecia)	225.000	
Húngaro (Serbia)	243.000	
Romaní (Romanía)	245.600	De 100.000 a 1.000.000
Sueco (Finlandia)	290.000	
Italiano (Suíza)	320.000	
Frisón (Holanda)	400.000	
Húngaro (República Eslovaca)	458.000	
Asturiano (España)	500.000	
Galés (Reino Unido)	800.000	
Éuscaro (España)	750.000	
Húngaro (Romanía)	1.260.000	
Scots (Reino Unido)	1.500.000	
Galego (España)	2.000.000	Más de 1.000.000
Catalán / Valenciano (España)	5.000.000	



**Càtedra de
Drets Lingüístics**



